

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 46

Sesión plenaria
8 de abril de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.122622 (12/CPP-000042)

Do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, por petición propia, para informar sobre as liñas mestras do Plan Estratéxico do Comercio 2025-2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

Punto 2. Mocións

2.1 22498 (12/MOC-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1280, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 25 de marzo de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

2.2 22527 (12/MOC-000057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 18909, publicada no BOPG núm. 153f2, do 6 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 25 de marzo de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

2.3 22556 (12/MOC-000058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21036, publicada no BOPG núm. 171f1, do 12 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 25 de marzo de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

Punto 3. Propositions non de lei

3.1 10905 (12/PNP-000897)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que elabore un censo mineiro e leve a cabo unha planificación deste sector en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024



3.2 10952 (12/PNP-000902)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa decisión de construír un novo edificio para o Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024

3.3 14858 (12/PNP-001255)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e tres deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Pegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

3.4 17662 (12/PNP-001414)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria**

Sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego dirixidas a incrementar a taxa de emancipación da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

3.5 18922 (12/PNP-001490)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxecto de que se comprometa co impulso do corredor atlántico ferroviario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f1, do 06.02.2025

3.6 22251 (12/PNP-001791)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e quince deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 179f1, do 26.03.2025

Punto 4. Interpelacións**4.1 5712 (12/INT-000334)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024



4.2 19463 (12/INT-000776)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.3 21839 (12/INT-000879)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Valcárcel Armesto, Montserrat e catro deputados/as máis**

Sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f1, do 26.03.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 22620 (12/POPX-000039)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante os déficits actuais do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

5.2 22621 (12/POPX-000040)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a evolución das listas de espera sanitarias na actual lexislatura da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 16753 (12/POP-002584)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das incidencias que se están a rexistrar no transporte ferroviario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

6.2 22147 (12/POP-003364)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co proceso de acollemento de menores estranxeiros non acompañados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025



6.3 18285 (12/POP-002859)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis**

Sobre a información que ten a Xunta de Galicia das previsións do Goberno central no que atinxe á procura dunha solución enerxética para os proxectos industriais estratéxicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

6.4 21557 (12/POP-003271)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre as razóns para non asignar a Ourense unha partida orzamentaria de 24 millóns non executada en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

6.5 17285 (12/POP-002731)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para iniciar as accións necesarias co fin de conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

6.6 18208 (12/POP-002849)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e tres deputados/as máis**

Sobre a dotación do sistema público de saúde de Galicia dunha unidade especializada na silicose

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

6.7 22611 (12/PUP-000101)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o derrubamento do falso teito no Hospital Materno-Infantil de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

6.8 22618 (12/PUP-000102)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre o derrubamento do teito do Hospital Materno-Infantil de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025

6.9 22609 (12/PUP-000100)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a garantía da protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade ante a instalación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias de don Enrique Barreiro Sánchez e dona Iria Taibo Cor-sanego, así como as súas delegacións de voto no señor deputado José Alberto Pazos Couñago e na portavoz Ana Belén Pontón Mondelo, respectivamente. (Páx. 12.).

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración na orde dos asuntos da orde do día, que consiste en tramitar a comparecencia do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González Vázquez, que constitúe o punto 1 da orde do día e que se formalizará despois de finalizar o punto 6, de preguntas ao Goberno. (Páx. 12.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 12.).

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 15.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 16.) e Sra. Arias Rodríguez (P) (Páx. 18.).

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 20.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Carreira Pazos (BNG) (Páx. 22.).

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 24.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 25.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 26.).

Nova intervención da señora Carreira Pazos (BNG) (Páx. 29.).

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 30.).

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 31.).

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 33.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 36.) e Sra. Arias Rodríguez (P) (Páx. 36.).



A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 38.).

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 40.).*

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 41.).*

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 41.).*

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, en relación co día 8 de abril de 2025, Día Internacional do Pobo Xitano. Esta declaración é aprobada por asentimento. (Páx. 42.).

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que elabore un censo mineiro e leve a cabo unha planificación deste sector en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 44.).*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Golpe Acuña (BNG) (Páx. 47.) e Sr. Lorenzo Gómez (P) (Páx. 50.).*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto non está presente na sala de plenos e, por tanto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 53.).*

A señora Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 53.).

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa decisión de construír un novo edificio para o Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta, Candia Lopez, comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei, e tamén a autoemenda presentada polo propio grupo autor desta iniciativa. (Páx. 55.).



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 55.).
Intervención dos grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 58.).
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 61.) e *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 63.).

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda e da autoemenda. (Páx. 65).

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Fegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 67.).
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 70.), *Sr. Insua Lema (BNG)* (Páx. 71.) e *Sr. Marnotes Fernández (P)* (Páx. 76.).

Nova intervención da señora Méndez López (S) (Páx. 79.).

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D^a Iria Carreira Pazos, sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego dirixidas a incrementar a taxa de emancipación da mocidade. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Suárez Fernández (BNG)* (Páx. 80.).
Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 83.), *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 83.) e *Sra. Grueira Fernández (P)* (Páx. 86.).

Nova intervención do señor Suárez Fernández (BNG) (Páx. 88.).

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e oito minutos e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxecto de que se comprometa co impulso do corredor atlántico ferroviario. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 90.).
Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 93.), *Sr. López Font (S)* (Páx. 93.) e *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 95.).

Nova intervención do señor Trenor López (P) (Páx. 98.).



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e quince deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 99.).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 100.).

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 101.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández González (BNG)* (Páx. 104.).

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 106.).

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que elabore un censo mineiro e leve a cabo unha planificación deste sector en Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.).

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa decisión de construír un novo edificio para o Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.).

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Fegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.).

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D^a Iria Carreira Pazos, sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego dirixidas a incrementar a taxa de emancipación da mocidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.).

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxecto de que se comprometa co impulso do corredor atlántico ferroviario: *aprobada por unanimidade, con 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.).



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e quince deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados: *aprobada por 39 votos a favor, 32 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 109.).

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día que consiste en introducir unha pregunta ao Goberno neste punto do debate plenario. (Páx. 110.).

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a garantía da protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade ante a instalación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 110.).

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)* (Páx. 111.).

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 112.).

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)* (Páx. 113.).

Interpelación de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Espinosa Mangana (S)* (Páx. 114.).

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)* (Páx. 117.).

Réplica da autora: *Sra. Espinosa Mangana (S)* (Páx. 120.).

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)* (Páx. 121.).

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola sociedade Impulsa con esta empresa. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 123.).

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)* (Páx. 126.).

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 128.).

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)* (Páx. 130.).

(O señor Bará Torres pide a palabra por inexactitudes, de acordo co artigo 76.1. do Regulamento do Parlamento de Galicia, mais non lle é concedida pola señora presidenta, Candia López.)

Interpelación de D^a Monserrat Valcárcel Armesto e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN). (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)* (Páx. 132.).



Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)* (Páx. 135).

Réplica da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)* (Páx. 137.).

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)* (Páx. 139.).

Suspéndese a sesión ás sete e dez minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican inasistencia ou delegan o voto don Enrique Barreiro Sánchez, que o fai no deputado don José Alberto Pazos Couñago, e dona Iria Taibo Corsanego, que o fai na súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Sen máis, entramos xa na orde do día, comunicando unha alteración. En concreto, consiste en tramitar a comparecencia do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, que conforma o punto 1 e que terá lugar ao remate da substanciación do punto 6, de preguntas ao Goberno. En consecuencia, é mañá o último trámite que imos facer nesta sesión plenaria antes de rematar o pleno. Comezamos coa tramitación xa das ordes do día e, polo tanto, con mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Se me permiten... Acabamos de entrar no salón de plenos despois dun minuto de silencio polo asasinato de Josefa, a primeira muller asasinada pola violencia machista neste ano 2025 no noso país, no concello do Bolo. Creo que nos demostra a forza máis brutal dos feitos e a importancia de que sigamos loitando cada día para erradicar a violencia contra as mulleres, un dos principais problemas políticos e sociais que temos que enfrontar. Creo que o caso de Josefa tamén nos demostra os enormes prexuízos —je os enormes silencios!— que rodean as mulleres vítimas de violencia machista no noso país (*Aplausos.*) e a necesidade de romper con ese silencio e con eses prexuízos que aínda existen sobre a violencia que se exerce acotío, cada día, cada minuto, sobre as mulleres polo simple feito de sermos mulleres.

Hoxe traemos desde o BNG esta moción, despois dunha interpelación na que a conselleira de Política Social —se mo permiten— non só non respondeu a nada do que se lle preguntaba, das cuestións que lle formulabamos desde o BNG, ao redor dun dos problemas que existen dentro das residencias de maiores, uns problemas e situacións de conflito que xerou a propia Xunta de Galiza, o Goberno do Partido Popular, introducindo ou levando ás residencias de



maiores persoas que son menores de 65 anos, que non responden ao perfil de persoas usuarias dunha residencia de maiores porque necesitan de servizos sociosanitarios doutra índole. Pero é que non só é que non responda o PP —xa nos acostuma desde a Xunta de Galiza a non responder a nada—, isenón que nin sequera gastou o tempo de intervención que tiña! Creo que demostra o pasotismo ao respecto deste Parlamento, do exercicio de control político que facemos os grupos da oposición na Cámara, pero tamén o desaire co que se pasa por riba de situacións —insisto— ás que daba voz neste caso o Grupo Parlamentario do BNG, pero que son denuncias que parten das traballadoras e dos traballadores das residencias, dos servizos de inspección da propia Consellería de Política Social, cando non directamente das propias usuarias ou familiares de persoas usuarias das residencias.

E o único que veu dicir a conselleira de Política Social na súa resposta —collo unha frase literal da transcripción desa interpelación— é que «o Goberno do Partido Popular na Xunta avoga pola inclusión de todo o mundo, sen estigmas de ningún e garantindo unha atención específica a todas as persoas, neste caso, que padecen algún tipo de problema de saúde mental». Pero o certo é que nin se lles está prestando unha atención integral e especializada a estas persoas e nin sequera se está traballando pola súa inclusión nas residencias, porque o termo «inclusión» exige necesariamente dispoñer e contar cos apoios necesarios para que ti poidas desenvolverte plenamente nun espazo no que precisas de apoio, de atención integral e de atención especializada.

Máis ao contrario, o que se lles está prestando a estas persoas nas residencias de maiores é un incumprimento flagrante da propia lexislación que está en vigor no noso país desde o ano 2022, como sinalabamos na nosa interpelación. A Xunta de Galiza, a través da Lei de acompañamento aos orzamentos —que tamén dá un pouco conta da consideración que se lles ten aos servizos e dereitos sociais no noso país— de 2022, xa recoñecía que era necesario fixar como idade mínima de ingreso nas residencias de maiores os 65 anos, porque non semellaban estes centros ser a resposta asistencial máis axeitada ás necesidades residenciais de adultos non maiores con problemas de saúde mental, que son derivados polo Servizo de Saúde, o propio Goberno da Xunta do Partido Popular —igual tampouco falan entre consellerías...—, despois de ter recibido atención sanitaria pola vía de urxencia nos hospitais galegos.

Están vulnerando os dereitos destas persoas; en primeiro termo, os dereitos destas persoas que necesitan dunha atención doutras características, que non é a que se lles pode prestar nas residencias de maiores, porque son centros que dispoñen duns recursos deseñados e pensados para atender outro perfil de persoas, maiores de 65 anos, que teñan problemas derivados do desenvolvemento da propia persoa, da deterioración que pode ir producíndose froito, precisamente, do avance da idade.

Pero non falamos só —e eu quero subliñar moito isto— de persoas que teñen problemas de saúde mental —diciámolo na nosa interpelación—. Segundo os datos que recolle o propio Imsero, no último censo de residencias que se publicou, en Galiza hai case un milleiro de persoas menores de 65 anos que están dentro de residencias de maiores. E insisto en que non son centros pensados nin deseñados para atendelas, porque teñen unha necesidade diferente. Falamos de persoas que teñen ou poden sufrir desamparo por falta de contorna fa-



miliar e risco de exclusión social, falamos de persoas moitas veces con adiccións, drogodependentes ou persoas con problemas psiquiátricos, que o que precisan é servizos integrais que atendan esa situación concreta. Se a propia Xunta puxo na súa lexislación ese baremo, ese tope de 65 anos, ¿por que o incumpre? Eu creo que era o mínimo que se esperaba dun goberno responsable: que viñese aquí dar explicacións de cales son as razóns que motivan que estas persoas acaben nunha residencia de maiores. A resposta é clara: jé que non hai outro centro ao que poidan ir que responda ás súas necesidades particulares!

E aí é onde poñemos o foco na moción que presenta e que defende hoxe o Grupo Parlamentario do BNG. Son tres propostas concretas, precisamente para: primeiro, garantir os dereitos das persoas que están sendo levadas a residencias de maiores sen responder ao perfil de usuarias destas residencias; segundo, para garantir os dereitos das persoas maiores de 65 anos que están pasando a última etapa da súa vida e teñen dereito a unha vellez tranquila, que é unha condición indispensable para poder garantir o dereito a unha vellez digna; e, en terceiro lugar, para garantir os dereitos das persoas traballadoras que, como denunciaron elas mesmas, están sufrindo agresións polos problemas de conflitividade que xerou o propio Goberno da Xunta de Galiza.

¿Cales son as propostas? Primeiro, a creación e o despregamento de servizos de atención integral para persoas con problemas de saúde mental que non teñan contorna familiar, que poidan atoparse nunha situación de emerxencia, que poidan estar en risco, non só de exclusión, senón de desamparo ou desarraigamento. Propoñemos unha rede de servizos que garantan a atención que merecen e, sobre todo, á que teñen dereito, porque é o que necesitan. Resulta indignante o que se vén dicir aquí desde a Xunta de Galiza —insisto en que a súa propia lei di que non poden estar en residencias de maiores porque non se lles pode prestar a atención— e que se intente acusar aquí o BNG, as traballadoras e mesmo o corpo de inspección de Política Social de querer estigmatizar. O que estigmatiza é que a ti te metan nun sitio sen garantirche a atención que necesitas e os recursos especializados que precisas. Insisto moito: non falamos de persoas maiores de 65 anos, senón de persoas menores de 45, nalgúns casos con problemas graves de adiccións, en situacións de exclusión social.

Segunda proposta, que a Xunta cumpra co que promete. Na seguinte interpelación que houbo, a conselleira de Política Social dixo unha frase que como titular para soltar no medio dun discurso pode estar moi ben —«Somos máis de feitos que de follas»—, pero «dime de que presumes e direiche de que careces». Porque se algo caracteriza a Consellería de Política Social é a cantidade de propaganda que fai e os incumprimentos que acumula. Poderíamos falar dunha reforma da Lei de inclusión social que se promete desde hai cinco anos e non chega; dunha estratexia de soidade non desexada que se anunciou no 2019, pero que tampouco se fixo; ou, neste caso concreto, eses centros de coidados intermedios que se anunciaron no debate do Estado da Autonomía xa no 2021, que ían estar ao ano seguinte —e estamos en abril do ano 2025— e nin sequera se abriu o do Cegadi, que era un edificio que xa estaba aberto e practicamente en disposición de ser usado.

E, en terceiro lugar, a terceira proposta —e con isto remato— é a cerna do asunto. O que urxe de maneira inmediata é dotar de máis persoal os centros residenciais. De persoal de atención directa que responda a unhas necesidades asistenciais das persoas maiores de 65



anos —que son cada vez maiores, froito dunha esperanza de vida maior— e de perfís con, por exemplo, demencias ou alzhéimer, que están cada vez máis presentes nas residencias de maiores e que incrementan a carga de atención que teñen as traballadoras. Necesitamos máis persoal de atención directa para garantir mellores condicións de vida para as persoas usuarias e —insisto xa— cuns perfís de usuarias que respondan ao que é unha residencia de maiores.

En definitiva —e con isto remato— son tres medidas para resolver, en primeira instancia, o problema que vostedes xeraron, e, en segundo lugar, para garantir os dereitos das persoas usuarias e traballadoras das residencias de maiores deste país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días.

Quero sumarme á condena da violencia machista que se desencadeou na nosa provincia de Ourense, ademais, nun dos contornos máis fermosos da provincia. É especialmente doloroso que siga tendo lugar esa clase de feitos, e especialmente doloroso neste caso concreto no que, por certo, segundo se di, «víase vir», segundo din as persoas próximas ao contorno familiar da vítima. Mando o noso apoio á familia e o noso desexo de que non se repita.

No caso concreto da proposta do BNG, non podo facer menos que apoiala, porque, por desgraza, tocouse vivir situacións similares ás que se tratan na proposta en persoas moi próximas a min. Podo dicir que se veu esa situación especialmente agravada cando sucedeu o tema da pandemia, e non estamos libres de que se poidan volver producir circunstancias excepcionais, nas que a convivencia..., aínda que normalmente tratan de manter separada unha clase de pacientes con doenzas psiquiátricas dos que están alí por mera cuestión de idade, e de deterioración física ou cognitiva. Pero xa digo: particularmente coñecín esa situación, e non podo facer menos que apoiar a proposta do BNG. É necesario que os doentes con esta clase de problemas psiquiátricos teñan unha atención especializada, unha atención con persoal suficiente que os poida atender. Moitas veces, tamén como consecuencia da idade, persoas que durante toda a súa vida tiveron a maior lucidez mental acaban, como consecuencia da dexeneración neuronal, tamén tendo este tipo de problemas, e é necesario que poidan ser atendidas por persoal especializado.

Desde logo, tamén hai que respectar os dereitos das persoas que nalgún momento poidan verse afectadas por algún tipo de conflito co outro perfil de pacientes que non debería estar —como se acaba de dicir— nesa clase de centros. Eu lembro situacións concretas, ás veces derivadas do caso concreto da covid-19, derivadas da abstinencia de fumar e cousas así, que, unidas ás circunstancias concretas —como vostedes recordan— dunhas condicións de hi-



xiene extremas etcétera etcétera, fixeron moi problemático o traballo das profesionais nesta clase de centros. É unha demanda lóxica a que se pide nesta moción e, polo tanto, nós apoiamos a.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día.

Vaia tamén un apoio do Partido Socialista ao que acabamos de concentrarnos hoxe aí na porta, por ese crime de violencia machista, que se combate non só cos minutos de silencio e coas palabras que aquí se din, senón con máis recursos, con máis formación e con máis atención. (*Aplausos.*) É un problema latente, existente e que aparece e desaparece dos nosos ollos sen darnos conta, así que non deixa de ser unha preocupación intrínseca dentro do noso partido, evidentemente, e dentro da nosa contorna social.

Dito isto, viñemos aquí o outro día cunha interpelación que falaba dos ingresos de pacientes psiquiátricos nas residencias da terceira idade. Traiamos despois outra moción que falaba tamén do plan estratéxico. En definitiva, falabamos do que nos vén ocupando durante estes meses sobre o estado das residencias, con respecto á Lei de dependencia. E, en concreto, este tema dos ingresos psiquiátricos nas residencias e tamén daquelas outras persoas que teñen patoloxías referentes ás diferentes adiccións é un problema que se vén manifestando desde hai tempo. Desde o Partido Popular teñen o mantra de dicir que é estigmatizar. Eu agradecería que non empregásemos máis ese termo, porque queremos chamar a atención precisamente sobre iso: non estigmatizar e que estean atendidas como se merecen, como deben estar para o seu propio ben.

Para que nos deamos conta de que isto é realmente un problema —non soamente esta cuestión da que falabamos das residencias con ingresos psiquiátricos, senón que se falaba aquí tamén do centro de coidados intermedios e da regulación que se ten que cumprir coas persoas que están ao coidado destes usuarios—, eu quixera facer aquí un cronograma do que foi sucedendo nestes últimos dous anos. Quero dicir, isto non é que o digamos nós; isto está na prensa porque, ou ben o Partido Popular a través da que segue a sendo a conselleira, a señora Fabiola García, o dixo, ou ben o dixerón os seus directores xerais ou ben foron os datos que deron. É dicir, non é unha cuestión que nós veñamos aquí dicir que isto está mal.

7 de xuño de 2023: «Empregados da residencia da Xunta denuncian *ratios* de 1 enfermeira por 160 prazas». Sucede isto no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes (CRAPD) de Vigo: «Polas tardes, as fins de semana e os festivos só hai unha enfermeira para dar a medicación e atender as urxencias dos 160 residentes das plantas terceira e cuarta».



24 de marzo do 2023: «A Xunta porá en servizo a principios do próximo ano...» —do ano 2024— «...o primeiro centro de coidados intermedios público nas instalacións do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), en Santiago de Compostela. Avanzouno hoxe a conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, nas II Xornadas da Asociación Galega do Sector da Dependencia (Agasede). Explicou que investirá máis de un millón de euros en incluír este novo recurso no Cegadi, que contará con sesenta prazas de atención agrupadas en catro unidades de convivencia para un máximo de once persoas cada unha delas. Ademais, disporá de novos espazos administrativos para persoal de traballo e cunha nova cociña». —Falaba das bondades de toda a cuestión e engadía: «E o Goberno galego abrirá un segundo centro destas características no antigo hospital de Rebullón, en Mos. Estes centros de coidados intermedios públicos forman parte do novo modelo de coidados de Galicia que ten entre os seus eixes fundamentais a maior coordinación dos ámbitos social e sanitario». Nunca máis se soubo.

11 de maio do 2023: O Goberno autonómico limítase a responder que «se traballa nunha maior especialización dos servizos e recursos». Isto díxoo porque se estimaba que arredor de catrocentas persoas en Galicia con doenzas mentais entraran nunha residencia de maiores —no 11 de maio do 2023—. A Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, o señor Acevedo, dicía entón: «Estamos traballando xunto ao Servizo Galego de Saúde na maior especialización dos servizos e recursos». Insisto, no 11 de maio do 2023.

4 de outubro de 2024: «A Xunta prepara un novo plan de saúde mental que incluírá unha rede de asistencia psicolóxica en atención primaria». ¡Benvido sexa!

9 de outubro do 2024: «Traballadores da Residencia de Oleiros, na Coruña, acoden á Valedora do Pobo polo ingreso de enfermos psiquiátricos nas residencias sen persoal especializado para a súa atención». Deste tema falamos tanto aquí neste pleno como nas comisións.

6 de marzo do 2025: «Esta semana os traballadores da Residencia Volta do Castro percorreron os 21 quilómetros que separan Santiago de Padrón nunha marcha-protesta coa intención de visibilizar os problemas do centro. Un dos principais, aseguran, é que teñen que atender pacientes con problemas psiquiátricos que están obrigados a convivir coas persoas maiores. A subdirectora de Recursos Residenciais da Xunta de Galicia nunha entrevista insistiu en que os problemas que se poidan dar entre usuarios son casos puntuais e que non se debe estigmatizar...» —volvemos coa teima do estigma— «...as persoas que sufran un trastorno psiquiátrico porque teñen dereito a optar a unha praza pública nunha residencia». Por iso mesmo, non entra nos plans da Consellería realizar ningún cambio nas residencias para mellorar a situación, segundo Otero, que asegura que «os centros están preparados para asumir esta tipoloxía de usuarios».

17 de marzo do 2025: «Folga en Galicia das traballadoras das residencias e centros de día privados». É verdade que son privados, pero coidan unha alta porcentaxe de usuarios que entran polo sistema público. E tamén o 18 de marzo: «As traballadoras da residencia de maiores de Caranza denuncian estrés e sobrecarga laboral».

Isto é unha escolma das denuncias e problemas que ao longo destes últimos anos salpicaron as páxinas dos xornais de Galicia e deron a medida do escenario en que nos movemos. A



maiores disto, temos a consabida lista —que non dá para moitas alegrías— de máis de 2.700 persoas á espera de praza, 270.000 persoas en lista de espera nas distintas fases do procedemento de atención á dependencia e o dato de que 13.000 prazas de residencias para maiores é o necesario, segundo a Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. E isto á parte de que 4.000 dependentes están á espera de resolución.

Xa sei que a moción non vai ir; sería marabilloso que a moción fose. Sei que o Cegadi non é algo que estea tampouco nos plans inmediatos da Consellería, e non toca máis que voltar falar deste tema. Sobre todo, toca chamar a atención sobre a xente que non vemos; porque vemos os que se manifestan, vemos os traballadores que piden os dereitos que teñen que ser recoñecidos —eses traballadores que están cunhas *ratios* hiperelevadas para o seu posto de traballo—, pero o que non vemos son os que non se poden mover e están alí dentro: esas persoas que tiveron a boa ou mala sorte de ter unha praza nunha residencia pública —ou privada, tamén é certo, pero concertada neste caso—, pero que en ningún momento se lles está atendendo as necesidades de seu que cada un tería. ¡E eu pregúntome se algún de nós estaría disposto a pasar eses case últimos anos da súa vida rodeados de medo! Porque as denuncias de familiares e as denuncias que hai por parte do persoal —que non ten a formación nin ten o apoio necesario— son de auténtico medo. Son puntuais, evidentemente, non é unha cuestión de que estean todos os días padecendo ese medo continuo, pero, aínda puntuais, fan que a convivencia nestes centros residenciais sexa practicamente un trastorno para a maioría dos que están ingresados.

Non sei se valerá de algo que traíamos aquí novamente este tipo de cuestións, pero esta é a realidade. Polo menos quedará rexistrada nesta Cámara esta desatención que hai por parte das autoridades que teñen a súa competencia e, polo menos, de recoñecela. Empezaríamos a traballar neste problema se o recoñecésemos, se vísemos que realmente é un problema que está alí e que non fai falta máis que ir falar cos traballadores ou coas familias dos usuarios para ver que é un problema real de facto e que non vai descender.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Antes de nada, quero amosar a condena, o rexeitamento máis absoluto da violencia de xénero e, por suposto, do asasinato machista de Josefa, e a solidariedade con toda a súa familia. (*Aplausos.*)

Señorías do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, díxeno moitas veces e non me cansarei de repetilo: traballamos para que Galicia sexa o mellor lugar para vivir a calquera idade, e tamén con calquera circunstancia persoal. Ese é o obxectivo da Xunta de Galicia, ese é o reto do Goberno de Alfonso Rueda. Por iso, 8 de cada 10 euros do orzamento están dedicados a políticas sociais: están dedicados á sanidade, á educación, ao emprego e



tamén á Consellería de Política Social e Igualdade, que, por certo, multiplicou por tres os orzamentos que vostedes tiñan no Bipartito para políticas sociais. *(Aplausos.)* ¡Iso é a política de Alfonso Rueda! ¡Señora Longueira, esa é a desatención da que vostede falaba!

En concreto, para a atención aos maiores e servizos sociosanitarios contamos cun investimento de máis de setecentos millóns de euros, un once por cento máis que o ano pasado. Aumentamos en trinta millóns de euros, un dezanove por cento, os fondos destinados á axuda á dependencia para incrementar o número de persoas atendidas, superando xa por primeira vez os 78.000 dependentes atendidos. ¡Cinco veces máis que cando gobernaba o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego! *(Aplausos.)* E melloramos de forma constante o sistema de atención residencial para garantir a máxima calidade, para ofrecer unha atención personalizada centrada nos usuarios e tamén para ter unhas instalacións que poidan satisfacer as necesidades individuais de cada persoa. En definitiva, para velar polos dereitos e polo benestar e seguridade das persoas residentes, pero tamén das traballadoras e dos traballadores; porque sen eses traballadores, por moi boas que fosen as instalacións e por moitos recursos que se puxesen, non podería ser a calidade de excelencia que temos.

No que respecta a persoas usuarias de residencias con enfermidades mentais, estamos falando —¡si!— de persoas que teñen dereito por lei a unha praza residencial; igual, exactamente igual que calquera outra persoa, sufra a patoloxía que sufra. E síntoo, señora Longueira: ¡si, sen estigmas! Por iso, dende a Xunta de Galicia avógase pola atención, pola conciliación, pola sensibilización e pola inclusión destas persoas.

Por iso, a carteira de servizos para a atención á dependencia conta con programas específicos de atención psicosocial para estas persoas. Incrementouse a atención en residencias para persoas con patoloxías psiquiátricas con especialistas en saúde mental, a través da acción directa nos propios centros e tamén a través da telemedicina. Estase a traballar, en coordinación co Sergas, nunha maior especialización dos diferentes servizos e dos diferentes recursos cos que contamos nestes momentos, con cursos de formación en saúde mental para todo o persoal das residencias públicas. Tamén, de acordo cos sindicatos e en colaboración co Servizo de Prevención de Riscos Laborais, creáronse protocolos de agresións na contorna das residencias sociosanitarias.

Miren, son medidas que si foron avaladas pola valedora porque, señora Longueira, a valedora di textualmente: «Non se aprecian razóns para continuar coa investigación, polo que as medidas que está tomando a Xunta de Galicia entendemos que son axeitadas e que soamente teñen como obxectivo a mellora constante tanto para os propios traballadores como para os propios usuarios dos diferentes centros residenciais». ¡Non enganen! Iso é o que di a valedora.

Nese proceso de mellora continua vostedes saben moi ben —porque aquí veu moitas veces— que o novo modelo de residencias conta xa coa creación de unidades psioxerátricas especializadas nos centros de maiores. E vostedes, igual ca min, tiñamos que saber —e, se non, a conselleira díxonolo aquí no pleno pasado— que os ingresos nas residencias públicas de maiores se realizan por tres vías distintas: unha, pola vía ordinaria, asignando unha praza ás persoas que lles corresponde pola Lei de dependencia; en segundo lugar, pola vía da emer-



xencia social, para aquelas persoas que teñen unha situación de vulnerabilidade; e, en terceiro lugar, o acceso a unha praza pública de residencias pode ser tamén por mandato xudicial. Pero sexa cal sexa a vía pola que chegan, a asignación concreta dunha praza pública de residencia realízase sempre con base nun ditame técnico do órgano de valoración, que está composto por funcionarios da Xunta. A obriga da Xunta de Galicia, por suposto, é dar esa praza de residencia sen discriminacións.

O compromiso da Xunta do Partido Popular coa saúde mental queda patente dende hai moitos anos. Fomos a primeira comunidade en contar cun plan de prevención de suicidio a nivel estatal e, posteriormente, en 2022 aprobouse o Plan de Acción de Saúde Mental 2022-2024, que converteu de novo Galicia nunha comunidade de referencia por definir unha folla de ruta tan ambiciosa na saúde mental. Continúase traballando nos plans de saúde mental e, nesta lexislatura, creouse unha subdirección específica de saúde mental para dedicarse, exclusivamente, a esta doenza.

Con respecto ao Bipartito, señores do BNG e señores do PSOE, dobramos os psicólogos clínicos formados e multiplicamos por dez as prazas de formación de enfermería en saúde mental. *(Aplausos.)* ¡E claro que necesitamos máis! Necesitamos máis, e así o puxo de manifesto a semana pasada o conselleiro Gómez Caamaño no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, onde reclamou ao Estado, que é o que ten as competencias, máis profesionais de psiquiatría e de psicoloxía clínica, así como fondos para o Plan de saúde mental, que se aprobaron na xuntanza desa pasada semana e que o PP apoiou, logo de que o Goberno, por fin, escoitase os especialistas.

O que pasa é que se aprobou ese plan e, como fai sempre o Goberno de Sánchez, ¡literatura!, porque non está dotado de orzamentos. Igual que non está dotada de orzamentos a Lei da ELA; igual que non está dotada de orzamentos a reforma da Lei de dependencia, igual que todo o que vostedes fan... ¡Pa-la-bre-ría, é o único que vostedes fan! *(Aplausos.)* Porque, señorías, un plan sen recursos é exactamente igual ca un goberno sen orzamentos: ¡i-nú-til! Iso é o que é o seu goberno: inútil para os españois e totalmente prexudicial para os galegos, en concreto. Así que nós seguiremos traballando dende o Goberno de Rueda para darlles a todas as persoas a mellor atención ao longo de toda a súa vida.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, agradézolles o apoio, tanto ao Partido Socialista como a Democracia Ourenzá, ás propostas que trouxemos desde o BNG hoxe, a este pleno, con esta moción. Dicía agora a señora Arias que un goberno sen orzamentos era un goberno inútil. Deben ser o de Murcia, o de Valencia e o de Extremadura do Partido Popular, *(Aplausos.)* que, ademais, por certo, están negociando coa extrema dereita machista, que mesmo nega que exista a violencia que



levou por diante a vida de Josefa onte, neste país. Dígoo por iso de predicar e mirar algo para dentro tamén, que a revolución empeza na casa.

Señora Arias, veunos falar sobre un pouco de todo, pero nós queremos centrar isto nunha cuestión, fíxese —eu repetino moitas veces, tanto na interpelación coma na moción—: a propia lexislación en Galiza di que esas persoas non deben estar aí, porque non son os centros sociosanitarios que necesitan para garantir ese dereito a ter o mellor lugar para vivir a calquera idade e en calquera circunstancia do que falan vostedes. A lei de acompañamento do Partido Popular, que reforma o Decreto que regula cales son as condicións nas que se presta o servizo de atención residencial para persoas maiores, fixa que o perfil da persoa usuaria nunha residencia ten que ser de máis de 65 anos ou estar nun grao de dependencia equivalente á atención que precisa esa persoa, que deriva da deterioración que pode padecer calquera das que estamos aquí —e que moita xente fóra xa o padece—, froito da idade. Iso é o que di a lei, a lei que fixeron vostedes, a lei que reformaron vostedes pola vía dun acompañamento aos orzamentos, señora Arias. Entón, ¿quen estigmatiza? ¡Vostedes!, que din na lei que unha persoa de 45 anos con problemas de adicción ás drogas ou con problemas de saúde mental —psiquiátricos— non ten que estar nunha residencia de maiores, porque á primeira que se lle vulneran os seus dereitos é a esa persoa, que o que necesita é unha atención sociosanitaria especializada, integral, deseñada e pensada para atender as súas necesidades. Esa é a maneira de garantir o mellor lugar para vivir, independentemente da idade que se teña.

Entón, ¿quen estigmatiza? O Goberno do Partido Popular, que fai das residencias un caixón de xastre ao que acaba indo todo o mundo porque non hai onde metelo, que é o que intenta solucionar —ou empezar a solucionar— o Bloque Nacionalista Galego con esta proposta. Temos unha necesidade, polas circunstancias que sexan, de desprezar e de crear servizos. Unha rede de servizos que non teñen, quizais, por que ser residencias ao uso; ou que deberán deseñarse dende o ámbito sanitario... Iso a min non me corresponde, pero o que se necesitan son servizos para garantir que estas persoas —que, polo que sexa, non teñen un contorno familiar que poida coidalas; que están en risco de desamparo, de desarraigo ou de padecer exclusión social; e que hoxe están sendo levadas polas traballadoras sociais a residencias de maiores porque non hai outro sitio onde levalas— teñan dereito a unha praza de residencia.

Cos datos que manexamos, oficiais, da Consellería de Política Social, que están recollidos polo censo de residencias do Imsero, falamos de case duascenas persoas que nin sequera teñen un grao de dependencia recoñecido. Entón, vostedes están xerando, polas decisións que toman e polas que non queren tomar —como se demostrará cando voten en contra desta iniciativa—, porque se negan a crear servizos especializados de atención integral para estas persoas, un problema de conflitividade enorme —¡enorme!— que está derivando en agresións físicas e sexuais a traballadoras. Iso está denunciado publicamente; supoño que no ámbito que corresponde, que non é este Parlamento.

Nós o que temos é, vista a situación que se está xerando, que poñer a solución para resolver eses problemas e para garantir os dereitos das persoas usuarias que hoxe están nas residencias de maiores e non deben estar aí. Insisto, é que o di a propia lei ¡do PP! —non do Bloque, do Partido Popular—: as persoas que teñen oitenta anos e que acaban nunha resi-



dencia de maiores porque non poden estar na súa casa os últimos anos da súa vida teñen dereito a estar tranquilas. ¡Tranquilas!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...Tranquilos, que é o principio fundamental para ter unha vellez digna.

E en último termo tamén, pero non por iso menos importante, o dereito das persoas traballadoras a ir ao seu posto de traballo con seguridade e atender o perfil das persoas para o que foron formadas. ¿Unha xerocultora está preparada para traballar cun perfil de drogodependente menor de 45 anos ou cun perfil que ten unha enfermidade psiquiátrica? ¿Unha xerocultora? E a solución do Partido Popular é dar un protocolo de agresións —¿para que?— e de autodefensa, para que saibas defenderte. De verdade, temos que ter a altura para garantir os dereitos das persoas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...dereitos sociais e dereitos fundamentais. Eu agradezo o apoio das forzas da oposición e lamento moito que o Partido Popular, que xerou estes problemas, agora nin sequera queira...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...arrimar o ombro para resolvelos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Josefa, veciña das Ermidas, asasinada este domingo aos 76 anos. Quero lembrar o seu nome antes de que pase a ser unha cifra máis nunha estatística rutineira. Hai que lembrar o nome de Josefa e dicir, claramente, que por ela e por todas nós seguiremos loitando ata que todas sexamos libres. (*Aplausos.*)

(*A señora Carreira Pazos amosa un titular de prensa.*) «Miles de persoas reclaman un Sergas sen recortes nin privatizacións» —en castelán no orixinal da *Voz de Galicia* de onte, luns 7 de abril de 2025—. O conselleiro de Sanidade remataba a súa intervención no anterior pleno dicindo que eu, ou o meu grupo —non me quedou claro a quen se refería—, viviamos nunha



situación de «fantasía catastrofista» por denunciar a situación das listas de espera hospitalarias do Sergas. O certo é que a Consellería de Sanidade ten un problema grave, un problema gravísimo! Ou ben existe un problema de saúde pública próximo á alarma sanitaria —porque son miles de persoas as que están vivindo nunha situación de «fantasía»— ou é que xa non son quen de tapar as miserias das súas políticas catastróficas, que levan á situación na que está no día de hoxe a sanidade pública: deteriorada e destruída. (*Aplausos.*)

Este domingo fomos milleiros as persoas que estivemos nas rúas desta cidade para dicir, alto e claro, que queremos máis atención primaria, máis atención hospitalaria e máis sanidade pública; e que non nos valen as políticas do Partido Popular, que o único que deixan tras de si son: hospitais que caen, literalmente, a cachos; unha atención sanitaria deteriorada; e unhas profesionais cada vez máis exhaustas e máis sobrecargadas.

Polo visto, para o Partido Popular, que haxa máis de trescentas cincuenta mil persoas nunha lista de espera non é motivo, case, nin de despeitarse porque —cito textualmente— «incrementaron a actividade asistencial». Incremento que nas cirurxías, por certo, non se traduciu, en ningún momento, en máis cirurxías, en máis enfermeiras, en máis anestesistas... A fórmula máxica que ten este Goberno é sempre a mesma —chámenlle «intersubstitucións», chámenlle «prolongacións de xornada», chámenlle «peonadas»—: cos mesmos vimbios facer máis, ou, dito doutra maneira, sobrecargar cada vez máis o persoal. Porque ata o Consello de Contas lles salienta iso, que é que, precisamente, na súa obra magna, que son os orzamentos da Xunta de Galiza, infraestiman repetidamente as necesidades de persoal. Case parecería que é un erro casual que sucede cada ano...

Presumía o conselleiro de canto se incrementou a actividade asistencial o ano pasado para reducir a lista de espera cirúrxica: un 5,6 por cento concretamente, máis de duascentas mil operacións, segundo o que dixo nesta mesma tribuna. O que esqueceu comentar o conselleiro é que, a pesar de incrementar esa actividade nun 5,6 por cento, as pacientes en lista de espera tamén se incrementaron durante o ano 2024. Segundo os seus datos —os datos oficiais do Sergas—, hai un 7,3 por cento máis de pacientes respecto dos que había, 3.308 persoas máis que no ano 2023, agardando para operárense; é dicir, segundo o conselleiro, opérase máis, pero, aínda así, temos cada vez máis pacientes agardando.

Isto conduce a unha das cuestións que o conselleiro deixou sen responder: ¿por que? Se tan ben o están a facer, ¿por que cada vez hai máis pacientes agardando para operárense? ¿Que está pasando na sociedade galega? Nin houbo tanto cambio demográfico, nin houbo tanta actualización nos protocolos médicos. ¿Por que agora hai máis xente en lista de espera cirúrxica? ¿Pode ser que haxa un cambio no estado de saúde da poboación? ¿Pode ser que o mal funcionamento do sistema sanitario estea a repercutir na saúde da poboación? ¿Pode ser que ter unha persoa agardando por unha consulta no seu centro de saúde, agardando por unha consulta no hospital, agardando por unha proba complementaria, agardando por unha cita coa súa nutricionista, por unha cita coa súa médica de rehabilitación —ou coa súa matroa, ou coa súa fisioterapeuta..., — acabe por provocar que se deteriore a súa saúde?

Podemos especular, pero o certo é que non hai datos do que está a suceder no concreto. Non hai datos porque non se quere. Por iso, propoñemos facer unha diagnose do que está a su-



ceder no sistema sanitario e, con base niso, planificar os recursos existentes e as necesidades de persoal que se requiran.

Sobre todo, hai que planificar e dimensionar os cadros de persoal para as necesidades que temos no día de hoxe, en 2025, non para as que tiñamos hai vinte anos, que nin sequera esas temos cubertas. ¿Canto persoal sería necesario contratar? ¿Ou é que o plan para reducir as listas de espera vai ser do mesmo xeito que se garante a atención sanitaria no verán, poñendo a residentes á fronte aínda que non teñan o seu título de especialistas? É preciso que o orzamento se destine a pagar nóminas, non a pagar horas extras.

Mais, se doutra cousa presumiu o conselleiro foi —vaia a ironía por diante— da transparencia. Presumiu de transparencia mentres que non respondía as preguntas que se lle formularon. ¿Que transparencia hai cando manteñen parte dos seus datos ocultos? ¿Que transparencia hai cando se negan, de xeito reiterado e obstinado, a revelar os datos das listas de espera non estruturais? ¿Porque non os facilitan?

Recoñecía o conselleiro que non coñecía o regulamento desta Cámara, pero o certo é que despois de lerlle o artigo 9, a información que o BNG lle requirira acerca das listas de espera non estruturais tampouco chegou. É dicir, sabendo que o descoñecemento da norma non exime do seu cumprimento, o seu non é por ignorancia, é total e absolutamente deliberado, porque practican de xeito sistemático a política do escurantismo e a da ocultación. E tanto ten que sexan os datos dos acordos con Altri, das inspeccións ao transporte de viaxeiros ou das listas de espera non estruturais. Non queren que un titular lles estrague a foto da súa inmaculada xestión, mentres que, por detrás, só gañan as empresas da sanidade privada, neste caso. Algo que, por certo, xa non só é que llelo sinale o BNG, é algo que tamén lles sinala o Consello de Contas, que lles remarca como está subindo a contía destinada a concertos coa sanidade privada, de xeito sostido e, cada vez, máis acelerado desde a irrupción da pandemia.

Queremos coñecer os datos das listas de espera non estruturais: ¿Cantos pacientes hai? ¿Canto esperan? ¿Por que están esperando? E, sobre todo, é preciso rematar con esa práctica de separar as pacientes en «pacientes boas» e en «pacientes malas». Teñen nesta moción propostas para comezar a tirar da manta, para coñecer cal é o estado real do sistema público de saúde en Galicia e para comezar a reverter a situación. Agardamos o posicionamento dos demais grupos: se apoian unha política que deixa a sanidade pública nunha situación cada vez máis grave, ou se optan por mudar o rumbo.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Hoxe acompañánnos, e saudamos, os alumnos de cuarto de ESO do centro Concepción Arenal de Ferrol. Benvidos ao Parlamento.

Agora continuamos co Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)



Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Bos días a todos e a todas e, tamén, benvidos aos mozos e ás mozas do colexio Concepción Arenal de Ferrol.

Eu quero empezar discrepando un pouco co que transmitía a señora Carreira na interpelación ao conselleiro hai quince días, pero seguro que ela me vai entender perfectamente. Ela quixo recoñecerlle ao conselleiro o mérito de que, á altura destas datas, tivéssemos as listas de espera publicadas e dicía que, ou sería mera casualidade, ou quereda chegar a esta interpelación con datos novos que ensinar. Desde o noso punto de vista, de novo, a Xunta de Galicia quixo pór unha cortina de fume para tapar a triste realidade, e fíxoo presentando o conselleiro os datos das listas de espera — cousa que non sempre sucede — e transmitindo frases grandilocuentes. Díciános: «Trabállase cun sistema de procesos garantidos, refórzanse os centros con tecnoloxía máis punteira e realízanse máis intervencións a pacientes de maior idade». Pero, tamén dicía: «Sabemos que un dos asuntos que máis preocupa aos galegos...» —e nós engadimos: e ás galegas tamén, supoño— «...son as listas de espera, que nos permiten establecer prioridades e garantir que non espere todo o que é urxente».

Teríamos que dicirlle ao señor conselleiro que seguro que lle preocupa moito, pero a quen máis lle preocupa é aos galegos e ás galegas que conforman esa lista de 358.208 persoas que figuran nas listas de espera oficiais, pero, tamén, aos seus familiares e os seus amigos. Esta cifra, que nos pode parecer moi alta, seguramente nos chamará moito máis a atención se a comparamos co total da poboación galega e lévanos á conclusión de que máis do trece por cento da poboación galega está pendente dunha consulta hospitalaria, dunha intervención cirúrxica ou dalgunha proba diagnóstica. Esta porcentaxe si que realmente é unha cantidade absolutamente desorbitada. Estes datos mostran, unha vez máis, o desastre político do Partido Popular en materia sanitaria.

Pero, ¿que dicir das 3.316 persoas que levan máis dun ano esperando nas listas de espera? Eu non quero cansar con datos, porque tamén se deron xa, pero hai algún que queremos destacar, como: os 175,7 días para facer unha ecografía de tórax; os 418,4 días para facer unha endoscopia de otorrino, onde temos a 119 persoas que levan esperando máis dun ano; e os 260,2 días para facer un estudo radiolóxico. Son medias, e estou falando de medias de toda Galicia, porque si descendemos a áreas sanitarias, atopámonos, por exemplo, con: 140,6 días de media para poder ter unha consulta de psiquiatría na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte —e non son unha ou dúas persoas as que están na lista de espera, son 2.770 persoas—; ou, tamén, 150,9 días que se necesitan para asistir a unha consulta de neuroloxía con máis de 600 persoas esperando.

Se cadra, logo, o Partido Popular asústase de que a xente se manifeste, como fixo no norte de Lugo, con pancartas nas que se podía ler: «Pola resurrección da nosa sanidade». Refírome a Lugo por non reiterar, e non repetir, o que dixo aquí a señora Carreira —por iso vou



á manifestación que foi anterior—, pero podemos falar tamén dos 418,8 días para facer unha endoscopia de otorrino na Área Sanitaria de Vigo. De verdade que termino xa cos datos, e coa referencia, dos 264,5 días para asistir a unha consulta oftalmolóxica en Valdeorras, tamén con 1.580 persoas en lista de espera.

Sei que os números ás veces cansan, pero hai que repetilos día tras día, repetilos ata a saciedade, para sacarlle a careta ao Partido Popular. Ademais, alguén pode pensar que só son cifras, pero detrás delas hai unha persoa que sofre ou que ten molestias; hai angustia e inseguridade, para o enfermo e para a súa familia; hai a posible cronificación dunha enfermidade; ou situacións moito máis graves. Unhas das listas de espera máis importantes son as que corresponden ás probas diagnósticas. ¿Que pensarán as persoas que están nesas listas de espera se, despois xa da proba, teñen que volver pasar a unha lista de espera para unha consulta e, ao mellor, iso deriva nunha intervención? ¿Cal é o sumatorio da lista de espera desas persoas?

Polo tanto, falar de desidia da Xunta é un cualificativo que queda curto se pensamos nas persoas que teñen que ser atendidas. Estes datos que, como digo, cansan e aburren, son os que realmente demostran que imos cara atrás, e que a Xunta de Galicia non foi capaz de situarnos en datos prepandemia. Pero tamén sabemos que os datos oficiais son falsos, porque non recollen as persoas todas que están pendentes dunha atención. Faltan todos os pacientes que rexeitan operarse nun hospital privado cando llo propón o Sergas e os que están pendentes de seren chamados para unha consulta.

Por iso, é necesario coñecer a realidade transparente, pero tamén que a Xunta de Galicia saiba realmente a que realidade se ten que enfrontar, porque, pola contra, pode ser un duplo engano. Hai que avaliar correctamente, por parte da Xunta de Galicia, de que estamos falando e saber cantas persoas realmente están esperando a seren atendidas. Isto creo que se preguntou moitas veces neste Parlamento, pero ninguén contestou. O noso grupo está convencido de que non é que ninguén saiba contestar, senón que ninguén quere contestar, pero ímolo intentar, unha vez máis, apoiando esta moción do BNG. Apoiámola porque o Grupo Socialista coincide co recollido nesta moción, tanto para que as listas de espera sexan públicas na súa totalidade, como para eliminar as listas non estruturais e, tamén, para dispor dun plan de traballo que reduza realmente as listas de espera hospitalarias.

Hai que pensar que aquí estamos para defender os galegos e as galegas, pero sobre todo aqueles que máis nos necesitan e, neste caso, estamos falando dos que o necesitan e que están enfermos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bo día a todos.

Moitas grazas, presidente.



Nós estamos afeitos xa ao discurso apocalíptico do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación da sanidade galega. Tamén neste ámbito, señorías, vostedes son o partido do «non». Son incapaces de asumir que hoxe a sanidade en Galicia conta co maior orzamento da historia, que se traduce en mellores servizos, en mellores hospitais e en novos centros de saúde. (*Aplausos.*) Son incapaces de aceptar cando calquera usuario fai valoracións positivas do sistema de saúde galego nas distintas enquisas. Estamos por encima doutras comunidades, pero, claro, admitir isto levaría a botar por terra o seu catastrofismo.

Eu traía aquí, do *Faro de Vigo* —que invito a leren— un caso que se tratou no hospital Álvaro Cunqueiro. Di: «*Cáncer: en Estados Unidos no me llegaría la casa para pagar*» *Faro de Vigo*, 2 de abril de 2025». Loaa todo o persoal do hospital público de Vigo Álvaro Cunqueiro. Tampouco agora son capaces de aceptar a evolución da actividade asistencial do Sergas. Máis aínda, señora Espinosa, ipon en dúbida os datos do Ministerio! Son datos que —si, si— vostede dixo que eran falsos e o Ministerio non será sospeitoso de colaborar co Partido Popular... Pero se os comparamos cos que había cando vostedes gobernaran, en calquera magnitude que usemos, sexa cal sexa, deixa a xestión do Bipartito en moi mal lugar.

A gran mentira da esquerda é esquecer que en Galicia somos referentes dunha sanidade pública universal e de calidade. Non imos negar que temos problemas, claro que os temos, pero estamos en mellor situación que outros territorios, incluso naqueles que gobernan socialistas e nacionalistas. Señores da oposición, vostedes pretenden gañar na rúa o que perderon nas urnas e buscan esconder os seus bulos entre berros e pancartas, pero non o van conseguir.

As miñas primeiras palabras van ser para confrontar esa estratexia deliberada de desprestixio da sanidade pública galega, na que vostedes están instalados, e quero empezar recoñecendo e poñendo en valor o extraordinario traballo, esforzo e implicación que fan sempre os profesionais da sanidade pública, pero, especialmente, ese esforzo que se fixo no ano 2024. Grazas a ese esforzo, conseguíuse algo que realmente era moi difícil: incrementouse a actividade asistencial en todas as áreas —cirúrxicas, consultas e probas diagnósticas—, ao tempo que se viron reducidas as listas de espera. Ata tal punto é así que hoxe por primeira vez na nosa comunidade superamos as dúascentas mil operacións nun só ano, un 5,6 máis que no ano anterior e unhas trinta mil operacións máis que no ano 2008.

Esta actividade permitiu manter a sanidade galega entre as que teñen os mellores tempos de espera de todo o país. A finais do ano 2024, o tempo medio para operarse en Galicia era de 67,1 días, mesmo incrementando as operacións máis prioritarias e máis complexas. ¿Que queremos mellorar? Evidentemente, claro que queremos mellorar e claro que queremos baixar esas listas de espera. Pero, señorías, recoñezan que somos a terceira comunidade con mellores tempos de espera cirúrxica, mentres que no ano 2008 cando vostedes gobernaban eramos a cuarta pero pola cola, cambiou o conto. Non hai un só dato que non deixe en evidencia as mentiras da esquerda. Mire, melloramos en acceso ás consultas cos especialistas, baixamos de 73 a 61 días. Mentres que vostedes están alporizados na rúa, o Goberno do presidente Rueda traballa con seriedade. Vostedes non deixan de usar a sanidade pública como arma política. Pero, mire, non o van conseguir. Perdan toda esperanza. A vostedes váiselles toda a forza pola boca. Socialistas e nacionalistas son incapaces de reclamar ao Goberno Sánchez máis médicos, incapaces de votar a favor de todas aquelas medidas que se puxeron



na Xunta de Galicia para cubrir esas prazas de difícil cobertura e mesmo rexeitan iniciativas para previr a violencia contra os sanitarios. Vostedes, na pancarta, e o Goberno galego traballando onde hai que facelo, nos hospitais, nos centros de saúde e preto da xente. *(Aplausos.)* E, fronte a ese bulo nacionalista e a ese bulo socialista, nós imos esforzarnos por seguir transmitindo e explicándolles a todos os galegos a realidade, con transparencia e con datos.

Dicía o conselleiro na súa interpelación no pleno pasado que non só hai números, detrás destes números hai persoas, hai enfermos que precisan unha resposta axeitada. Por iso se estableceron prioridades para axilizar o que é urxente e tratar con celeridade as patoloxías tempo-dependentes. Porque todos os pacientes son importantes —todos—, pero non é o mesmo un paciente cun cancro que un paciente cun problema leve. Por iso, desde 2018 os galegos temos en marcha unha Lei de garantías de tempos máximos, que no ano 2024 beneficiou máis de cincuenta e oito mil pacientes. E, grazas a esa lei, doce mil galegos foron operados dentro dos prazos fixados, máis de vinte e cinco mil nas consultas e os outros en probas diagnósticas. E, se falamos de vías rápidas de cancro para eses pacientes que non poden esperar, o tempo de atención foi de 5,8 días, quince por debaixo do que marca a lei.

Outro dato que reflicte a eficacia da xestión do Goberno galego é que só o 3,9 por cento dos pacientes agardan máis de 180 días para operarse en Galicia, fronte aos 24,3 da media estatal. E agora o señor Besteiro pretende facernos crer que vai brindar por lei os tempos de espera, cando o Partido Socialista é incapaz de facelo en comunidades onde goberna como poden ser Asturias, Cataluña ou Castela-A Mancha, e aí os datos si que son bastante peores que os nosos.

Señorías, preguntábanse aquí... Claro, temos por diante un reto para afrontar: o reto demográfico. A esperanza de vida dos galegos afortunadamente mellorou, e opérase máis. Claro que se opera máis, porque hoxe opérase un paciente, por exemplo, cun reemprazo de cadeira con noventa anos que antes non se operaba. Os galegos viven en mellores condicións e iso implica máis demanda asistencial. E, para dar resposta, a sanidade pública galega incorporou a cirurxía robótica. ¿Sabe cantos pacientes operaron no 2024 entre 65 e 90 anos? Un dezanove por cento máis de intervencións con robots. Fixéronse case dúas mil operacións e, a maiores de noventa anos, 4.200 intervencións na nosa comunidade. Isto demostra o compromiso do Goberno cos pacientes máis maiores, aos que tamén se lles ofrecen alternativas como a hospitalización a domicilio, unha modalidade que incrementa confort e reduce riscos.

Señorías, a realidade vence o bulo sempre e a xestión demostrase con feitos. O Servizo Galego de Saúde está traballando máis e mellor cada día. Temos motivos para sentirnos orgullosos da nosa sanidade pública e tamén dos seus profesionais e do esforzo que están facendo. E claro que non é suficiente. Claro que queremos e debemos seguir mellorando, redobrando esforzos, porque hai cousas que se poden facer máis rápido e niso está traballando a Xunta. Pero o que queda claro é que hoxe en Galicia a sanidade ten máis actividade, menos espera, mellores resultados e unha sanidade pública que responde con eficacia aos retos presentes e futuros, sempre pensando en mellorar e sempre esperando. Seguimos esperando que a oposición caía do burro e faga unha política construtiva capaz de votar a favor nas cousas importantes; empezando, por exemplo, por unirse ao Partido Popular para facer fronte ao



principal problema que temos hoxe na sanidade, non só en Galicia, senón en toda España: a falta de médicos, algo que se pode arranxar con vontade política desde o Goberno central.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica do grupo autor da moción, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Non dei recollido todas as perlas que nos lanzou, señora Amigo: que espallamos bulos, que somos uns axitadores, estamos detrás da pancarta...

(*A señora Carreira Pazos amosa un documento.*) Miren, este sábado hai unha concentración en Carnota para pedir que se restituía o Servizo de Pediatría no centro de saúde. ¿Vostedes ven os logos das organizacións que apoian esta mobilización? ¿Venos? ¿Ven este logo que hai aquí embaixo? (*Aplausos.*) É pequeniño, pero non se preocupe. É este logo, ¿sóalles de algo ese PP coa silueta dunha gaivota enriba? É que é tan nefasta a súa política sanitaria que o Partido Popular de Carnota sae a rúa para pedir que se restituía o Servizo de Pediatría no seu centro de saúde. ¡É que ese é o nivel! Non terxiverso eu, señora Amigo, ¡é que son os seus propios colegas de partido que lles están dicindo que a súa xestión é nefasta! (*Aplausos.*) ¡Nefasta! Póñanse como queiran, por min como se fan o pinchacarneiro. Os datos que lles dei son os seus datos, os datos oficiais da Xunta de Galiza.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, é que estaba comentando que, sobre o que se ensine aí, non hai nada que dicir se non insulta. Agora, o que non se pode facer é fotos. É o que estaba dicindo. Non, claro. As fotos despois cárgaas o díaño. Isto aféctanos a todos. Coidado coas fotos.

Grazas.

A señora CARREIRA PAZOS: Como estaba dicindo, señora Amigo, ¿acaso os datos que eu dei eran falsos? ¿Acaso os datos que eu fun enumerando eran falsos? ¿Pode dicirme en que momento lle contei un dato falso? ¿En que mentín? ¿Acaso non hai 48.335 persoas agardando por unha cirurxía, 3.308 máis que en decembro de 2023? ¿Acaso non temos un 7,3 por cento máis de pacientes respecto de hai un ano para operarse? ¿Acaso non se incrementou a lista de espera cirúrxica nun 35,3 por cento máis de pacientes a respecto do ano 2019? ¿Acaso non hai un 33 por cento máis de pacientes agardando por unha proba complementaria a respecto do ano 2019? A min gustárame saber cal foi o dato falso que dei na miña intervención, porque vostede o que fixo foi botar balóns fóra e negar a realidade máis obscena: que están facendo unha política desastrosa para a sanidade pública. «Máis orzamento sanitario que se traduce en mellores hospitais». Díganllo aos do Materno Infantil de Ourense, que están encantados co teito que lles acaba de caer. (*Aplausos.*) Díganllo ao Gil Casares, aquí en Compostela, ou ao hospital de Conxo, que lle caeu o teito hai dous anos. «Mellores servizos sanitarios como a hospitalización en domicilio». En Monforte están encantados de que non teñan médico de Hado e estean os internistas rotándose para poder cubrir o servizo de Hado. Que «temos unha sociedade na que as persoas maiores viven cada vez máis, que temos unha



sociedade envellecida». E ¿cando o descubriron? ¿Antonte? ¿Como é que non planificaron ata o de agora para atender o reto demográfico que ten Galiza por diante?

Permítame, señor presidente. Voulles ler simplemente o terceiro punto desta iniciativa: «Elaborar unha diagnose da situación actual das listas de espera hospitalaria nas que se contemplan os motivos do incremento de pacientes. Con base niso, realizar e poñer en marcha un plan de traballo debidamente orzamentado para a redución das listas de espera hospitalaria». ¿Vostedes non son capaces de votar a favor diso?

Xa non vou entrar, por exemplo, en que vostede non fixo nin unha mísera alusión ao feito de que ocultan sistematicamente unha parte das listas de espera. Teño aquí a solicitude que foi requirida a través do artigo 9 desta Cámara —ten sinatura electrónica do día 10 de setembro de 2024— pedindo que se envían os datos das listas de espera non estruturais. ¿Onde están eses datos, señora Amigo? ¿Por que non son quen de facelos públicos? ¿Por que vostede non fixo ningunha mención ás listas de espera non estruturais? Porque era moito máis cómodo, coma sempre, insultar a quen lles está sinalando as verdades. (*Aplausos.*) Porque é moito máis cómodo negar a realidade e facer como que fan. Porque vostedes están moito máis cómodos nesa política sanitaria que cada vez se parece máis á de Estados Unidos, onde quen máis ten é o único que é atendido. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2. do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos puntos na parte resolutiva, co seguinte texto:

«4. Incrementar, de maneira inmediata a aportación da Xunta de Galiza ao financiamento do Servizo de Axuda no Fogar até os 20 euros/hora.

5. Dirixirse ao Goberno do Estado para lle reclamar que cumpra o disposto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, en materia de financiamento así como os 2.500 millóns de euros adebedados a Galiza desde a entrada en vigor da mesma.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Longueira.



A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Eu tamén quero comezar agradecendo as súas fermosas palabras, señora Arias: «Un goberno inútil». Goberno inútil non sei, pero a oposición, *válgame la pena*. Unha oposición que a lidera o seu compañeiro Alberto Núñez, que é capaz de votar en contra do salario mínimo, que é capaz de votar en contra das axudas á dina, que é capaz de votar en contra do Decreto ómnibus, que foi capaz de votar en contra de todo aquilo que beneficiaba boa parte da poboación galega.

Claro, seguramente hai outro cualificativo, pero como xa dixen aquí unha vez, a min na miña casa non me ensinaron a vir aquí insultar. Entón, o de «inútil», non sei a que se refire vostede con iso. Non sei a que se refire vostede con iso, porque estoulle poñendo un claro exemplo do que é gobernar cunha oposición que nin sequera ten en conta o benestar daqueles que máis o precisan. (*Aplausos.*) Un goberno, por certo, que sorteou unha pandemia sen deixar ninguén atrás. Un goberno que fai que este país creza un 3,2 por cento anual por enriba da media europea. Un país que sobe a renda per cápita en máis de mil seiscentos euros no ano 2024 con respecto ao ano 2023. Pero parece ser que isto non é suficiente, parece ser que non é suficiente.

Dito isto, vimos falar aquí deste plan estratéxico que propoñiamos nunha interpelación anterior. E é que levamos décadas —eu levo un ano e pico— escoitando aquí falar da «Galicia social», da prioridade das persoas, de poñer as persoas no centro, dos coidados das persoas...

Mentres tanto, os servizos sociais galegos seguen —evidentemente, como xa temos visto ou como xa levamos vendo aquí varios meses— a golpe de improvisación —entendo que pondo parches—, por mor das circunstancias. É unha especie de propaganda, que se ve tanto nas páxinas da Xunta de Galicia como nas cuestións que publican; simplemente anuncian, pero non realiza.

E é que Galicia é unha das poucas comunidades do Estado español que non conta con ese plan estratéxico de servizos sociais —que explicabamos aquí e que traíamos aquí—, que está vixente; e que é un plan que está recollido na lei. E eu pregunto á Xunta —con toda a humildade que merece un Goberno que leva máis de quince anos gobernando en Galicia—: ¿por que se nega a planificar o futuro dos servizos sociais?; ¿por que hai esa negativa a planificalos? ¿Por que dá medo poñer prazos, poñer cifras, e poñer...? —aínda por pequenos que sexan e aínda que os obxectivos non sexan os mellores do mundo— ... pero, ¿por que dá tanto medo enmarcar eses obxectivos que garantan os dereitos? Insisto, cos recursos que temos e cos recursos que se poidan acadar, ¿por que temos medo a poñer prazos? Moitas veces trouxemos aquí incluso mocións ou proposicións non de lei nas cales se falaba, precisamente, de organigrama e de facer cronogramas, e decaeron esas emendas por ese medo instintivo que teñen a non planificar.

E insisto, non é por falta de tempo, pois levan tres lexislaturas; non é por falta de demanda. Os concellos están exhaustos; sábeno vostedes pola Fegamp, precisamente; incluso os seus propios concellos. Os profesionais denuncian o colapso —como xa vimos— e a cidadanía, evidentemente, non sabe xa a quen acudir porque son os que, ao final desta roda, están totalmente libres dun amparo; non o teñen.



Non é por falta de normativa. Insisto, a Lei de servizos sociais de Galicia, aprobada no ano 2008, prevé explicitamente a necesidade dun plan estratéxico. E é que hai unha cousa que é clara: sen planificación non hai dereitos; só pode haber favores ou só pode haber intuicións ou intencións, pero non hai dereitos. Sen planificación non hai igualdade territorial; só hai unha lotería con que accede quen accede, e o que non, queda fóra. E sen planificación, o que temos é un sistema fragmentado —como o que temos agora— e uns servizos que están mediatizados polos intereses privados.

Recoñecelo como un dereito universal era o de seu, pero non é posible. Isto converteuse nun nicho de negocio para empresas, que reciben contratos millonarios. E non estamos desbotando que existan cuestións que haxa que externalizar, nin moitísimo menos. Pero é que estamos dando residencias dunha forma absolutamente libre, sen ningún tipo de control sobre estas. E un plan estratéxico serio suporía, sobre todo, poñer as cartas enriba da mesa: ¿canto precisamos investir para garantir prazas públicas suficientes en residencias, en centros de día ou en atención no fogar? ¿Como imos reforzar os servizos sociais comunitarios, especialmente no rural? ¿Que papel van xogar os concellos? ¿Como imos medir os resultados? É importantísimo como medimos os resultados para garantir a calidade e para avaliar o impacto social. Nese sentido, falabamos noutra moción sobre a calidade asistencial nas residencias actuais.

E sobre todo, porque planificar non é un luxo, senón unha obriga democrática. Se, de verdade, temos preocupación polas persoas máis vulnerables, polas persoas maiores, pola discapacidade, polas familias con dificultades, polas crianzas en risco..., o mínimo que se pode facer é deixar de improvisar e comezar a gobernar cun plan. Así que, desde aquí, volvemos exixir que se elabore este plan estratéxico, coa participación esencial dos concellos, dos colexios profesionais, das entidades sociais e da cidadanía; un plan cun financiamento claro e con obxectivos medibles, xa sexan pequenos ou grandes, pero medibles, e con compromisos reais. Non se pode ir, evidentemente co piloto automático, porque, sobre todo, xogamos coa dignidade dos usuarios e coa dignidade daqueles que están chamados a ingresar nesa rede de servizos sociais.

Esa lei —a que mencionabamos—, a Lei 13/8, do 3 de decembro do 2008, establece claramente que a planificación será un instrumento clave para garantir a eficacia, a equidade, a calidade dos servizos... E, entre os instrumentos da planificación, a propia lei recolle ese plan estratéxico de servizos sociais como documento reitor a medio e a longo prazo e que debe guiar a política social, neste caso do Goberno galego.

Levamos máis dunha década sen dotar este plan e, por suposto, con convocatorias fragmentadas e, sobre todo, coas intencións de cada conselleiro que entra pola porta, no cal deciden desbotar ou adoptar outras medidas, pero non seguen unha liña que teña xa marcada a estratexia. Esa ausencia non é casual porque, evidentemente, responde a unha visión de país que vostedes teñen, na cal se prefire xestionar a vulnerabilidade como outro tipo de cuestións, máis que a meramente humana, e están derivando estas competencias a empresas privadas. A falta de planificación significa tamén perpetuar a opacidade que teñen, o cal impide esa avaliación independente e favorece a desigualdade.

E vou poñer aquí un exemplo, de que falaba o outro día, das escolas infantís, cando dicía que non era un modelo. A xente pregúntase por que non é un modelo cando rexeitaron



23 millóns de euros que chegaron a Galicia para construír novas escolas infantís. Un problema, ademais, que está disperso no territorio de Galicia e que pode estar solventado nuns espazos, pero non noutros. Basicamente, porque construír novas escolas infantís —que non se axustan ao seu modelo—, evidentemente, suporía dotalas de persoal e suporía ter un novo inmovible que coidar, que ter en conta na súa deterioración, que tería ao seu cargo ao longo dos anos e co cal teríamos unha escola infantil pública dotada con persoal público. Pero vostedes deciden que non. ¡Claro!, poden decidir o que queiran, pois non hai un plan estratéxico que marque o que van facer. Entón, o que estamos facendo agora —volto repetir aquí, como xa se repetiu máis veces— é, con esa ausencia de plan, estar favorecendo as empresas privadas, pagando a hora a máis de 300 euros nas garderías infantís privadas fronte aos 90 euros que pagan nas garderías públicas ou nas garderías municipais.

¡Claro!, este é un dos exemplos sobre o que non pasaría cun plan estratéxico e por que non o teñen.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Entón, eu sempre penso que se está en tempo de rectificar; e sempre penso que se está en tempo de crer na amabilidade dos estraños, pero sinto que non. Sinto que realmente isto non vai ser posible, pero non imos deixar de intentalo; porque esta sería a solución e, sobre todo, faríanos máis iguais no territorio. Practicamente todas as autonomías constrúen os seus servizos sociais cun plan estratéxico, como é de seu.

Así que voltamos pedilo aquí e voltamos pedir que isto, polo menos, caia nos rezos que poindan facer na Consellería de Asuntos Sociais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós —vaia por diante— imos apoiar a proposta que trae hoxe o Partido Socialista, que, efectivamente, o que pide é cumprir co que dispoñen os artigos 45 e 46 da Lei de servizos sociais de Galiza. Eu simplemente quería explicar algunhas das achegas que facemos coa nosa emenda de adición, e tamén facer algunha reflexión ao respecto —un pouco— do debate que se está tendo esta mañá.

Cada vez vivimos máis, temos unha esperanza de vida maior. E isto é unha gran conquista das maiorías sociais deste país. Temos unha media de esperanza de vida en Galiza ao nacer de 84 anos; de 86 anos no caso das mulleres. Pero —creo— a pregunta que cabe facerse dentro do Parlamento é: ¿en que condicións vivimos? E o que nos din os datos —o que se chama a esperanza de vida en boa saúde— é que, a partir dos 76 anos —75,9—, as galegas e os galegos empezamos a padecer grandes dependencias e situacións de discapacidade.



Isto quere dicir que unha persoa de media, no noso país, desde que nace, e durante a última etapa da súa vida, case unha década —¡que logo se di!—, vai vivir cunha gran necesidade de apoios, de axudas, de recursos e de servizos..., que se queremos que sexan xustos socialmente deben ser subministrados desde o ámbito público, como un dereito fundamental, e a través dunha rede de servizos pública. Serán dez anos da nosa vida necesitado grandes apoios porque teremos unha gran dependencia e unha gran discapacidade.

E aí é onde temos que centrarnos; así o cremos no Bloque Nacionalista Galego. Garantir unha vida digna e, sobre todo, un dereito a unha vellez digna pasa por que, en función da necesidade que vaíamos tendo cada unha e cada un de nós, se nos vaian achegando, a través da rede pública, os servizos de apoio e de acompañamento que promovan a nosa autonomía, o noso benestar e que vaian garantindo condicións de vida digna cando nos vaíamos facendo maiores e dependentes. E a planificación de que se fala hoxe versa precisamente diso: de que se pense, de que se deseñe a rede de servizos de carácter social para a garantía dos dereitos da sociedade galega en función das necesidades presentes, pero, sobre todo, das necesidades que, a futuro, vaia ter a poboación en servizos, pero tamén en medidas. Estaba pensando eu, por exemplo, hoxe, se queremos despregar realmente unha política de prevención da pobreza, de prevención de situacións de exclusión social ou de garantía de ingresos mínimos para que ningunha persoa quede cunha man por diante e cunha man por detrás, necesitamos pensar que, ao contrario do que acontecía hai quince ou vinte anos, hoxe, o feito de ter un posto de traballo ou de cobrar un salario todos os meses, nin sequera supón que ti teñas uns ingresos para vivir dignamente, para pagar —como denunciaban tamén os alborotadores esta fin de semana— un alugueiro ou unha hipoteca para garantir o teu dereito a vivir... *debajo de un techo* (Aplausos.) e a emanciparte, se, ademais, tes eu que sei, menos de corenta anos.

Planificar servizos, por exemplo, é garantir algo básico e fundamental nun país como o noso, que é a cohesión social dentro do propio territorio. Equilibrar o acceso aos recursos de residencias de maiores ás necesidades da poboación hoxe, e ás que esperamos todos vivir moitos anos, e quen sabe se ser usuarios de residencias.

Témolo denunciado no BNG moitas veces. Hoxe a rede pública de residencias de maiores fai que unha persoa do Deza —caso real— ou unha persoa de Moaña —caso real— acabe na DomusVi de Monforte porque non hai unha praza de residencia pública, que poida garantir o seu dereito a acceder a ela, máis cerca; a 120 quilómetros da túa casa.

Planificar é garantir que ti poidas acceder aos recursos e aos servizos de carácter público que necesites, aos cales tes dereito, e que o poidas facer tamén cun criterio de proximidade, que é o que garante os dereitos fundamentais. Ou, por exemplo —como se falaba—, planificar é dotar este país dunha rede pública de escolas infantís que, polo menos, garanta o acceso das nenas e dos nenos menores de tres anos ao servizo, e non de conciliación, senón de educación, ao cal tamén teñen dereito, e facelo en condicións de equidade, e non como se fose *Los juegos del hambre*, cada vez que temos que ir preinscribir as nosas fillas nunha escola infantil neste país, porque as prazas que hai, no día de hoxe, sumando toda a oferta pública, privada e medio pensionista, chega raspando á metade da poboación menor de tres anos, nun país, no cal tampouco é que nos caractericemos porque haxa unha taxa de natalidade..., así, «explosiva», precisamente.



¿Que é o que formulamos nós na nosa emenda de adición? Dúas cuestións —que para nós son fundamentais—, que van nos dous casos unidas a un elemento, que é central. Non só hai que planificar e despregar servizos públicos, senón garantir a súa sustentabilidade económica e financeira para que, de maneira efectiva, garanta os dereitos da poboación. E facémolo, nun caso en concreto, sobre un servizo —de que temos falado moitísimas veces aquí—, que é un dos principais en materia de atención ás persoas dependentes. Falamos de case vinte e cinco mil persoas usuarias do Servizo de axuda no fogar en Galiza, que ven como o servizo vai morrendo por inanición, cando non chegando en moitos concellos ao borde do colapso pola incapacidade dos concellos de asumir o enorme gasto que supón para as arcas municipais o sostemento dun servizo, ¡que non é responsabilidade dos concellos!, porque, como todo o sistema de autonomía persoal e atención ás persoas dependentes, ¡ten que estar sufragado ao cincuenta por cento (*Aplausos.*) pola Xunta de Galiza e pola Administración xeral do Estado! (*Aplausos.*)

Máis alá de que os servizos sociais comunitarios de carácter municipal poidan xestionar o día a día, as altas ou as baixas, o que non pode en ningún caso un concello é asumir cuns exiguos e pírricos orzamentos municipais, o sostemento do agora mesmo principal —en número de persoas usuarias— Servizo de atención ás persoas dependentes, que, cada vez máis, vai ter unha demanda crecente, xa que falamos de poboación con esa esperanza de vida cada vez maior —¡que é motivo de orgullo colectivo porque é unha gran conquista do conxunto da sociedade deste país vivir máis anos!—.

Temos que centrarnos en que eses anos que vivimos se doten de calidade de vida e de benestar para o conxunto da poboación; e iso exige —como propoñemos na nosa emenda— dotar de recursos suficientes no inmediato —dicimos—, como, por exemplo: incrementar a vinte euros á hora o financiamento ou a aportación da Xunta de Galiza ao Servizo de axuda no fogar para rescatar o Servizo, os concellos, as persoas usuarias e tamén, por suposto, as traballadoras, que son as que o fan real e posible. E, por último, se o sistema de autonomía persoal e atención á dependencia ten que estar financiado no cincuenta por cento pola Xunta e polo Estado, o que propoñemos é reclamar ao Goberno español que cumpra coa súa obriga legal establecida na Lei de dependencia, do ano 2006; que pague o cincuenta por cento do custo da dependencia; que pague o que debe acumuladamente, desde o ano 2006, ¡con responsabilidade no PP e no Partido Socialista!; que pague o diñeiro endebedado a Galiza, como ás outras comunidades autónomas polo que deixaron de percibir durante os últimos anos. Ningún goberno español pagou nunca o cincuenta por cento da dependencia, pero é que, ademais —como tantas veces temos denunciado aquí—, cando gobernou o Partido Popular, da man de Mariano Rajoy, non só non pagaba, senón que recortaba salvaxemente os orzamentos e os dereitos, deixando este país, hoxe —todos os gobernos españois—, cunha débeda de 2.500 millóns de euros en materia de dependencia.

Agardamos que se tomen en consideración as dúas emendas de adición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

É moi breve.

Coincidindo co que dixo quen me antecedeu na palabra no tratamento desta cuestión, sinxelamente, quero engadir un aporte concreto.

Tendo en conta que nos próximos anos inmediatos as persoas que necesitarán esta clase de atencións e esta clase de servizos son as que naceron no que se chamou o *baby boom* e no contorno dos anos 1955 a 1965, cando se produciu esa explosión de natalidade de que falan os demógrafos, despois da Segunda Guerra Mundial, están entrando agora na idade de xubilación — precisamente aqueles nenos do *baby boom*—; co cal, vai ser especialmente necesario un plan estratéxico como o que pide esta proposta, á parte de que non sería máis que o cumprimento dunha normativa, como se está dicindo.

Pero engadimos esta cuestión, aínda que o problema, desde logo, pode ser estrutural no tempo, no caso concreto, na conxuntura, que se nos acerca nos próximos anos, temos que ter en conta o grao cuantitativo de persoas que vai necesitar esta clase de servizos, e que — como dixen— fan especialmente necesario un plan estratéxico que poida dar resposta a esa clase de desafíos.

E nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, vanme permitir que empece cunha cita bíblica, exactamente do Evanxeo de Mateo, que di: «Polos seus feitos os coñeceredes». A cita refírese aos profetas e aos falsos profetas. E a min a verdade é que me pareceu moi acaída para falar aquí das accións políticas e dos políticos dos distintos partidos. (*Aplausos.*)

Miren, falan o Bloque e o PSOE de construír unha Galicia próspera, pero os seus feitos din «non» a calquera opción para instalarse empresas en Galicia. Reclaman unha maior atención sanitaria, pero cada vez que aquí veu unha iniciativa para mellorar a sanidade —que xa é das mellores do mundo—, eles dixeron «non». Reclaman axilizar a atención aos dependentes, pero cando aquí veu un plan para esa axilización —que xa nos tres primeiros meses permitiu resolver máis de vinte e tres mil expedientes—, eles dixeron «non». (*A señora Arias Rodríguez mostra un cartel en que, en vez de aparecer as letras que conforman o logotipo do Bloque Nacionalista Galego, pode ser lida a palabra «non».*) En definitiva, señorías, é o BNG de toda a vida, o BNG do «non», (*Aplausos.*) ao cal, por certo, o PSOE cada vez se parece máis. (*Aplausos.*) ¡E sinceramente, eu non entendo por que se quere parecer tanto a un partido que nunca gana; é increíble! (*Aplausos.*)



En fin, hoxe o PSOE trouxo aquí unha iniciativa para exixir que Galicia poña en marcha, de xeito inmediato, un plan estratéxico de servizos sociais. Digo eu que será o plan estratéxico do cal eles falan, porque o que eles fan, é dicir, os seus feitos, o plan estratéxico de socialistas e nacionalistas, no que ten que ver coas residencias, supón privatizar o cen por cento das residencias da Deputación de Lugo; supón ter unha residencia acabada, como a de Becerreá, hai máis de tres anos, e que aínda non se puxo en marcha; supón chegar a un acordo cun concello hai sete anos, o do Courel, para crear unha residencia, e, aínda hoxe, non hai un ladrillo posto; supón, por exemplo, que no Concello de Foz, a primeira vez que houbo un problema na residencia municipal, o PSOE e o BNG botaron a correr e ata racharon o Goberno; e, en fin, ese plan estratéxico de socialistas e nacionalistas supón que o SAF, no máis do sesenta por cento dos concellos onde aqueles gobernan, se private; supón que os seus gobernos, como, por exemplo, o de Pontevedra, estean á cola de toda España no investimento en políticas sociais; supón a crueldade de deixar desamparados os enfermos de ELA, de facer unha lei, despois de decenas de atrasos, e non poñer os cartos para que se poidan levar a cabo as súas medidas; supón deixar desamparados os dependentes galegos, aos cales deben 2.500 millóns de euros da Lei de dependencia.

Señora Longueira, ¿ese é o benestar que nos ofrece o señor Sánchez?; ¿de verdade é ese?; ¿ou é querer cobrar —¡como querían!— o IRPF a aqueles que teñen o salario mínimo?; ¿ou é querer usar un Decreto ómnibus para regalar un *palacete* ao PNV?; ¿ou é quizá querer financiar Cataluña cos cartos dos mutualistas? ¿É ese o plan estratéxico? (*Aplausos.*) ¡O noso, non!; o do Partido Popular non se parece en nada a iso. (*Aplausos.*)

Mire, señora Rodil, o Plan estratéxico do Partido Popular di que en Galicia temos a *ratio* máis elevada de toda Europa de escolas infantís, de cero a tres anos; a *ratio* máis elevada —o 60,5 por cento— e, ademais, son absolutamente gratis para todas as familias todas as escolas infantís. Temos, señorías, o triplo de prazas en residencias públicas que cando vostedes gobernaban, ata un total de 16.000; e nos próximos meses poñeranse en marcha 1.500 máis. As políticas sociais do Partido Popular inclúen tamén multiplicar por seis o número de centros de día con respecto aos que había cando vostedes gobernaban; dotar de recursos de conciliación todos os concellos de Galicia, algo que vostedes votaron en contra, coas casas do maior —140 xa—, que atenden máis de setecentas persoas, e tamén coas casas niño, para que non haxa en Galicia ningún municipio —por moi pequeno que sexa— que non teña un recurso de conciliación.

Porque, miren, resulta que os maiores prefiren quedar nas súas casas en Galicia; por iso son importantes recursos como os centros de día, como as casas do maior e tamén o Servizo de axuda no fogar, no cal nós, o Partido Popular, multiplicamos por oito o número de persoas atendidas respecto de cando vostedes gobernaban. E máis de vinte mil persoas dispoñen xa do Bono Coidado no Fogar —todas as que o pediron—; e o servizo de Xantar na Casa dá dezasete mil menús semanais; e todos os maiores de 65 anos reciben o Carné +65, grazas ao cal teñen descontos en máis de setecentos establecementos de toda Galicia. Miren, eses son os froitos; eses son os feitos polos cales se coñece o Partido Popular de Alfonso Rueda. (*Aplausos.*)

Un goberno, por certo, ao cal o Estado debe 2.500 millóns de euros da dependencia, porque nunca pagou o cincuenta por cento que lle corresponde; pero non só iso, agora Sánchez é



tamén o dos recortes: resulta que no ano 2023 pagaba o corenta por cento da Lei de dependencia e no ano 2024 só pagou o 34,9 por cento. Mentres, aquí, en Galicia, o Goberno do Partido Popular, o Goberno de Alfonso Rueda, incrementou nun 11 por cento os orzamentos para a dependencia neste ano 2025, ata os 728 millóns de euros.

E xa está en marcha o Plan de simplificación e axilización das valoracións de dependencia e de discapacidade, que anunciaba a conselleira hai só dous días; ese plan que vostedes votaron en contra e que resulta que, en só tres meses, conseguiu resolver 23.208 expedientes, incluso 3.000 máis dos que se prevían cando se presentou. E Galicia supera xa, por primeira vez, os 78.000 dependentes atendidos. E estamos entre as tres primeiras comunidades coa mellor *ratio* de atención, no 98 por cento; estamos entre as únicas nove comunidades que teñen un aprobado na atención á dependencia.

Así que, señorías, si traballamos nunha planificación no ámbito dos servizos sociais, con resultados palpables; e estámolo facendo de forma integral nos distintos ámbitos sectoriais. Falamos aquí da dependencia, da infancia..., e podemos falar da inclusión social etcétera.

Miren, no PP sentímonos tremendamente orgullosos de que os galegos nos coñezan e nos recoñezan cada catro anos polos nosos feitos; e recoñezannos dándonos unha maioría absoluta, unha e outra vez; unhas maiorías que a vostedes, unha e outra vez, lles negan.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Longueira.

(O señor presidente diríxese á señora Longueira Castro.)

Quedoulle aí un papel á señora Arias. Se mo dá a min xa llo fago chegar eu. Iso, quedoulle aí ese papel. *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, é dela, é dela; xa llo fago chegar eu *(A señora Longueira Castro recolle o papel, que está enriba da tribuna, e dállo ao señor presidente.)*

Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Señora Arias, vostedes gañaron. E parece que ten que vir aquí sempre para que llo digamos. ¡Si, gañaron; gañan sempre! ¡Enhorabuena a los premiados! *(Risos.)* ¡Claro! ¡Pero teñen que crelo! porque o día que o crean van gobernar ben, porque unha cousa e gañar e outra gobernar. Pódese gañar gobernando mal, ¿eh? *(Murmurios.)* Si, pódese gañar gobernando mal. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(A señora Arias Rodríguez eleva a man, representando o número cinco.)* ¡Si, cinco! E poden gañar gobernando mal, porque se sempre se mira para abaixo, todo o fai ben. Eu vólvollo repetir, vaia tranquila para a casa, gañaron. *(Murmurios.)* ¡Non fai falta que veña aquí outra vez dicilo! A min non me importa, ¿eh?, pero o que pasa é que nos pagan por outras cousas —¡digo eu!—, ¿vale?



E, despois, voulle dicir unha cousa: *¡en Galicia llueve más que en el Sáhara!* É evidente!, vostedes atenden máis dependentes agora que cando gobernaba Emilio Pérez Touriño; ¡é evidente! ¡Malo sería, coa lei na man e coa lei empezando a andar! —digo eu—. E, se non o fixesen, ¿que é o que faríamos?

¡Y la pasta, si! —y la pasta—. ¡Si, si!, vostedes gobernan, e, entón vostedes teñen que atender os dependentes; non lles queda outra, (*Murmurios.*) porque, se non, estaríamos na época... —como dicía un compañeiro meu— «no pasado anterior», e non, estamos no presente; entón, o presente o que di é que hai 4.000 persoas á espera e di moitas outras cousas que vostedes coñecen; e o presente o que di é que non hai escolas infantís en todo o territorio, pero vostedes permítense rexeitar 23 millóns porque non queren edificios públicos (*Aplausos.*) nin facer unha cuestión pública da educación infantil. (*Aplausos.*) ¡Si, é así!, é mellor concertar coa privada porque é moito máis fácil que os privados constrúan e facer negocio. ¡É un modelo; é o seu modelo! ¡E xa está; é o que hai! Pero non me diga que iso é un plan estratéxico porque iso non é ningún plan. E a lei... —díxoo aquí o outro día a conselleira...— ... unha cousa que me pareceu un pouco tremenda, ¡pero bueno, alá ela!: «A vostede, que lle gustan tanto as leis...». Non é que me gusten as leis; é que as leis se fan para cumprilas, e están aí. Entón, esta lei prevé un plan estratéxico, como ten Cataluña e como ten o País Vasco... É máis —voulle dicir—, están renovados; a última actualización, no ano 2024, foi a de Euskadi, con participación social incluída; Navarra, o Plan 2022–2025, tamén con participación social incluída; Cataluña, o Plan 2020–2024, tamén con planificación social incluída; por suposto, xa non vou falar aquí outra vez de Castela e León, pois parece que a teño nos meus pensamentos diariamente. Entón, trátase diso.

E mire, 2500 millóns de euros... Poderíamos facer un chiste sobre iso, se non fose unha cousa tan trágica, pero vou calar a boca a respecto disto. Mire, non pode arrastrar o Partido Socialista ás débedas dos austericidios do seu compañeiro Mariano Rajoy; (*Aplausos.*) non, non pode arrastralas. (*Aplausos.*) Non poden arrastrar o Partido Socialista aos ingresos da AP–9, que se prometen e non se traen; non se pode arrastrar aquí. Non podemos estar pagando... (*Aplausos.*) —non entendo a linguaxe de signos, é unha eiva que teño; pódeme facer coas mans o que queiran, pero non sei linguaxe de signos, ¿vale?—... Entón non podemos estar arrastrando aquí as débedas do pasado. Podemos estar incrementando, como se vén facendo. Por certo, déase unha volta pola Fegamp e que lle diga que dos 12 euros, 5 os paga a Xunta e 7 paga os paga o Estado; entón paren de dicir «o cincuenta por cento». Déase unha volta pola Fegamp e (*Aplausos.*) faga caso aos seus compañeiros de partido, que están alí nos concellos do PP, tamén falando deste tema. Deixen de dicir que o Estado non paga o cincuenta por cento —¡non, xa, deixen de dicilo!— porque non é verdade; vostedes pagan 5 euros, o Estado paga 7 euros. (*A señora Arias Rodríguez nega coa cabeza.*) E todo o demais..., consellos e usuarios.

Entón, é o que hai, señora Raquel. Eu xa sabía que isto non ía para adiante porque non lles interesa.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?; ¿sobre a emenda, por favor?

A señora LONGUEIRA CASTRO: Sobre a emenda, xa lle digo agora.



En canto á emenda do Bloque Nacionalista, sinto que non podemos facer esta cuestión de estar pagando as eivas dos austericidios de Mariano Rajoy. Faranse aportacións. Evidentemente, o Goberno paga o que pode e fai o que pode co que ten na man. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Achegou máis de mil oitocentos millóns para ir solventando esta débeda.

Cos orzamentos deste ano, se o señor Alberto Núñez tivese a idea de aprobalos co Partido Socialista, poderíamos seguir incrementando.

Non imos pedir... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...2.500 millóns, cando sabemos que non se poden dar este ano.

Así que...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...ideas de bombeiro poucas, señora Raquel. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pois rematado o debate sobre as mocións, procedemos á votación destas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

(Balbordo.) *(O señor presidente pide silencio.)*

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

(Balbordo.) (O señor presidente pide silencio.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira... *(Balbordo.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Perdón, perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non.

¡Ah, perdón, perdón! Esta xa a votamos; imos á seguinte.

É que estaba eu con estas pequenas cousas que pasan... A xente de arriba non está enterada, pero é igual. (Murmurios.) (Risos.)

Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non se acepta.

Votamos.

(Balbordo.) (O señor presidente pide silencio.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Imos ler agora... —por favor, silencio—... unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, e que di o seguinte:

«Cúmprense seiscentos anos da presenza do pobo xitano na península ibérica, feito rexistrado a través dun documento que testemuña que, o 12 de xaneiro de 1425, Alfonso V, rei de Aragón, outorgou a Juan, conde do Exipto Menor, un salvoconduto que o autorizaba a viaxar libremente na súa peregrinación a Santiago de Compostela. Desde entón, o pobo xitano está presente na península ibérica, achegando a súa rica expresión artística, o seu léxico, a súa gastronomía, os seus oficios... É imposible imaxinar a cultura española sen que o compoñente xitano forme parte dela. Tamén resulta imposible desligar a historia de Galicia da contribución e da pegada do pobo xitano.

A pesar de que pasaron seis séculos, o pobo xitano forma parte esencial do crisol cultural que conforma a sociedade española. O profundo descoñecemento do pobo xitano, da súa diversidade, da súa identidade, da historia e da cultura que comparte está na base do rexeitamento e da discriminación antixitana. O coñecemento que se ten do pobo xitano continúa baseado en xeneralizacións, en prexuízos ou en estereotipos negativos.

Coa aprobación da Constitución e coa instauración da democracia, o pobo xitano foi alcanzando cotas de igualdade e mellorando as súas condicións de vida. Con todo, son moitos aínda os retos pendentes: os xitanos e as xitanas son máis pobres; teñen un nivel educativo moi inferior á media, o que condiciona o seu futuro; levan o peso dunha imaxe social negativa; sofren máis discriminación, especialmente as mulleres; e están sistematicamente fóra da esfera pública e dos espazos de poder.

Con ocasión deste sexcentésimo aniversario e da celebración do 8 abril, Día Internacional do Pobo Xitano, sumámonos ao compromiso dos poderes públicos para avanzar na igualdade e no recoñecemento do pobo xitano; un recoñecemento que pasa por preservar e promover o seu patrimonio cultural, a súa historia e a súa cultura, así como os símbolos de identidade.

Para avanzarmos en igualdade, é necesaria unha resposta decidida fronte á pobreza e á desigualdade estrutural que impiden o progreso social do pobo xitano. Fan falta investimentos e políticas públicas máis ambiciosas e sostidas que lle permitan acceder a un emprego digno, combater o fracaso escolar e a segregación ou erradicar o chabolismo. Son imprescindibles tamén respostas institucionais e xurídicas firmes ante os casos de discriminación e o discurso de odio.

Por último, convidamos o conxunto da sociedade para coñecer a historia e a cultura do pobo xitano, os valores e as tradicións sobre os que se sustenta a súa identidade; convidámosvos a celebrar xuntos estes seiscentos anos de historia compartida.



Moitas grazas. (*Apróbase por asentimento.*) (*Aplausos prolongados.*)

¡Poden aplaudir as persoas de arriba, poden aplaudir!

Grazas.

Continuamos coa orde do día; neste caso, son xa proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que elabore un censo mineiro e leve a cabo unha planificación deste sector en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir unha nova alínea c) na parte resolutiva, co seguinte contido:

«c) Redactar o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia tendo en conta a ampliación da rede natura, o respecto sobre as actividades existentes previamente no territorio e a preservación de recursos naturais e hídricos.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Rubén Lorenzo Gómez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Recoñecer a importancia das materias primas fundamentais e das materias primas estratéxicas para reforzar a autonomía estratéxica e reducir a dependencia do exterior.*
- 2. Continuar coa axenda iniciada este 2025 e convocar novos concursos de dereitos mineiros caducados co obxectivo de impulsar a investigación de materiais minerais fundamentais para sectores estratéxicos da economía de cara ao seu futuro aproveitamento.*
- 3. Dirixirse ao Goberno de España para que promova as iniciativas lexislativas necesarias para o establecer o recoñecemento explícito das materias primas minerais como recursos de primeira necesi-*



dade e carácter estratéxico dentro da Reserva Estratéxica baseada nas Capacidades Nacionais de Producción Industrial (RECAPI).»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Benvidos tamén aos que nos acompañan hoxe no hemiciclo.

O pleno de hoxe vai de planificación estratéxica, ¿non? Falabamos da falta de planificación dos servizos sociais. É evidente que o Goberno galego carece dunha planificación estratéxica da minaría en Galicia, como tamén sucede no sector eólico, sobre o cal temos un proxecto anunciado na Lei de medidas do ano 2025; un novo plan sectorial eólico que, como moito, veremos a luz no ano 2029. Hai unha falta de planificación tamén en política industrial, na cal temos un Goberno, de Rueda, que declara estratéxico o proxecto Altri, que é —imos dicilo con todas as letras do abecedario— unha ma-cro-ce-lu-lo-sa que vai producir 400.000 toneladas de pasta de papel no corazón de Galicia.

A máxima do Goberno galego do PP —cremos nós, as socialistas— é a improvisación e comezar a facer a casa polo tellado, cando a planificación é a base para ter uns bos cimentos na política industrial, enerxética e mineira que sitúe Galicia no mapa de España, pero tamén no mapa de Europa. E aquí temos unha Xunta de Galicia que leva dezaseis anos no Goberno, cunha política de brazos caídos, de falta de ambición; cunha política de tirar balóns fóra.

«Non sabemos o que vai pasar con Altri», dicía a conselleira de Economía e Industria; díxoo aquí neste hemiciclo e tamén na entrevista deste domingo na Cadena Ser. Pois dígollo eu, señora conselleira: que ten que autorizar ou denegar o proxecto Altri porque é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia. O balón, evidentemente, está no tellado do Goberno de Galicia.

Como dicía, practica o Goberno unha política minúscula; unha política de propaganda. É verdade: unha cousa é gañar as eleccións e outra moi distinta é gobernar; é gobernar, señorías do PP. Precisamos dun liderado galego, e non o temos. E máis o precisamos agora, nun contexto xeopolítico mundial no cal todos están a tambalearse por esas políticas arancelarias de Trump; no cal a Unión Europea, os 27 Estados, e tamén o Estado español, acaba de anunciar ese plan de rescate da nosa industria, con esa marca España que se pon enriba da mesa. Un plan de resposta que vai mobilizar 14.000 millóns de euros para loitar e para poñer España no mapa.

E a minaría é certo que é estratéxica para Europa, pois acaba de se aprobar o Regulamento europeo sobre materias críticas. E, ¿por que se fai? Porque precisamos gañar autonomía tecnolóxica, efectivamente, fronte a terceiros países, e sobre todo, fronte ao mercado asiático e ao mercado estadounidense; e tamén para preservar os nosos valores e os nosos principios



dunha Europa democrática, ademais de dereitos que están en xogo e que se están a cuestionar, en pleno retroceso, na Unión Europea. Unha Unión Europea onde nos movemos ante o negacionismo do feminismo, ante movementos racistas, e onde —hai que recordalo— o PP, que é o mesmo partido que está aquí nesta bancada do Partido Popular de Galicia, está a pactar cos negacionistas do Pacto verde europeo e con aqueles que cuestionan a xente diferente pola súa cor de pel. Ese é o Partido Popular.

E, en Galicia, o Regulamento europeo de materias críticas cólleenos co pé cambiado no sector da minaría. ¿Por que? Porque o [...] mineiro non está actualizado, senón que está en proceso. As ordes de concursos de dereitos mineiros caducados das catro provincias están tamén en proceso; levaban sen saír desde o ano 2011. Non hai un plan sectorial mineiro aprobado, ao cal obriga a Lei de ordenación da minaría de Galicia; non temos plan sectorial. Hai —é certo— unha Axenda da minaría de Galicia sostible para 2030; pero, ¿que é? Son compromisos, é papel mollado, non hai fitos temporais, tampouco hai orzamento público que se comprometa para esa Axenda da minaría sostible; por tanto, é papel mollado.

E logo, ¿que temos? Pois aquí en Galicia temos unha sociedade mixta Recursos de Galicia, de colaboración público-privada —que tanto lle gustan ao Goberno de Rueda os modelos de colaboración público-privada—, e que naceu..., ¿para que? E aquí hai que poñer a verdade enriba da mesa: para privatizar os nosos recursos naturais, é dicir, o noso vento, a enerxía eólica, as centrais hidroeléctricas, a minaría..., que son dominio público.

Non sei —sempre o digo—, ¿que pensarán os empregados públicos, nos cales sempre se es-cuda a Xunta de Galicia, cando os técnicos que traballan no Inega ou na Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Mineira ven que se está a substituír o seu traballo, que é a ver-dadeira razón de ser, por unha sociedade mixta de colaboración público-privada.

Ademais, tamén é curioso, pois, se repasamos as comparecencias, tanto do señor Rueda como da señora Lorenzana, respecto do que é este chiringuito da sociedade Recursos de Galicia, dixerón: «¡Bueno!, é unha sociedade privada, e réxese pola Lei de sociedades de capital». Pero veu o Consello de Contas a semana pasada confirmar que sobre esa sociedade, na cal se aportou 30 millóns de euros de cartos públicos, ten que haber un control público. ¿Por que? ¿Quen está sentado no Consello de Administración? Preside a señora Lorenzana e conselleiros e conselleiras do ramo, que teñen dereito político de voto para bloquear as decisións que alí se adoptan.

Curiosamente, o domicilio social da sociedade Recursos de Galicia coincidiu coa sociedade Impulsa, e a sede estaba no Igape. ¡Bueno!, se collemos todos eses indicios, é evidente que o Consello de Contas de Galicia diga que nesa sociedade teña que haber un control público, teña que render contas ao Consello de Contas e teña que transparentar a súa actividade.

Pero imos ver uns exemplos e botar un pouquiño a vista atrás para ver se realmente houbo unha planificación estratéxica no sector da minaría en Galicia porque hai exemplos en que a resposta é negativa: mina de cobre do Pino-Touro, 31 de marzo de 2025, «A Fiscalía notifica que vai pedir penas de dous anos de cárcere e a inhabilitación para o exercicio de calquera actividade extractiva mineira en territorio nacional á propietaria do oitenta por cento



do expediente da reapertura da mina de cobre, San Rafael, no Pino e en Touro» — 31 de marzo de 2025—. Leo textualmente o auto de imputación: «Non tomaron ningunha medida correctora que evitase os lixiviados de extrema acidez e de alto contido en materiais pesados, extremadamente contaminantes e con risco certo para a saúde das persoas».

E, ¿que fixo mentres o Goberno galego? Pois dígovos eu, primeiro, impuxo unha sanción ridícula e vergoñenta ás explotacións galegas en que a mina de cobre San Rafael é propietaria do oitenta por cento dos terreos; púxolle 4.400 euros de multa. E, segundo, ¿que fixo? Reabrir a tramitación dun novo proxecto mineiro de cobre que contou xa cunha DIA negativa en 2021. Pregúntome eu: ¿que plan ten o Goberno galego se esta inhabilitación penal dunha instrución da Fiscalía durou seis anos? ¿Que vai facer coa mina de cobre?; ¿planificaron algo? Pregúntome eu.

Segundo exemplo: mina de extracción de coltán, en Penouta, en Ourense. Fallaron en Penouta, de maneira escandalosa, o deber de sxiilo da Xunta en Galicia para conceder o permiso de explotación. Este autorizouse en cuadrículas mineiras de Rede Natura, con cota cero, e nun espazo protexido ZEPa. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil acreditou que os niveis de níquel, cadmio, arsénico na auga —por certo, que son canceríxenos—, da cal se nutre os encoros para a auga da poboación de Viana do Bolo, eran altamente contaminantes. Abríronse dilixencias penais hai seis meses e mentres 129 familias de Viana do Bolo quedaron sen traballo. E, por certo, presentamos unha iniciativa na Comisión 6ª para dar un plan de viabilidade a todas esas familias, polo peche da mina de Penouta, e, ¿que votou o PP? Os do «non»: votaron «non»; votaron «non».

E poderíamos seguir así, con máis exemplos: mina de ouro de Corcoesto; mina de San Fins; mina de feldespatos de Muras; proxecto de restauración da mineira da Casalonga, Toysal, no concello de Teo... E coñecendo todos estes antecedentes que acabo de relatar, eu pregúntome: ¿de verdade que nos podemos fiar de que o Goberno galego vaia velar polos intereses xerais estratéxicos do sector da minaría en Galicia por riba dos intereses das empresas particulares?

En definitiva, esperamos que todos os grupos parlamentarios apoién esta nosa iniciativa, que é de mínimos. Non se entendería —e digo—, sinceramente, o voto en contra, do PP. Así o digo, de forma clara, porque sería xogar a unha política de trileros.

É urxente que o Goberno galego actualice o censo mineiro, que aprobe unha planificación estratéxica da minaría en Galicia, xunto co cumprimento rigoroso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...dos requisitos medioambientais para a posta en marcha de proxectos mineiros.

Son dous piares básicos: planificación e cumprimento dos requisitos medioambientais, para situar Galicia como unha rexión industrial avanzada en minerais estratéxicos, capaz de impulsar o desenvolvemento socioeconómico da súa comunidade e de facilitar o reto de transición enerxética.



¡Fagan os deberes xa!

Nada máis por agora, grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar a palabra ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego —que pode irse achegando—, damos a benvinda e saudamos a Asociación Iuris Galicia, da Universidade de Santiago de Compostela, que nos visita esta mañá no Parlamento.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Bo día.

Grazas, presidenta.

Antes de empezar —xa que imos falar de minaría—, permítanme unha lembranza ás cinco persoas falecidas na veciña Comunidade de Asturias, na pasada semana, nun derrubamento, que nos retrotrae a tempos pasados. Vaia para eles a lembranza. (*Aplausos.*)

Xa nos ten acostumados a isto —dígollo dende o respecto—, a señora Iglesias, a demandar planificación. Primeiro, tocáballe ao sector eólico, agora ao sector mineiro, e, vendo os resultados obtidos da planificación eólica, señora Iglesias, eu non quero quitarlles a esperanza, pero, mire, teña en conta que estamos gobernados polos do barco de Playmobil.

O caso é que poñer en orde os dereitos mineiros e realizar unha planificación ordenada sería o máis sensato, pero a realidade é que, no día de hoxe, seguimos sen ter o Plan sectorial de actividades extractivas de Galiza; un plan que está recollido na Lei 3/2008, da minaría. Unha lei que —digo eu— non debe ser aplicable; non debe ser aplicable, tendo en conta que non se desenvolve o título III ou non se recolle este plan sectorial, e tendo en conta o que se di na súa disposición derradeira segunda, na cal se impide a implantación de novas actividades extractivas en zonas de solo rústico protexido. Ao mellor isto sexa un motivo de por que a Xunta non quere ampliar a Rede Natura.

É que, señorías, «Galiza é unha mina». Galiza é unha mina, toda unha campaña de mercadotecnia elevada aos medios de comunicación e ás redes sociais, con Recursos de Galiza, coa Cámara Mineira, coa propia Consellería de Industria... Teñen o TikTok *petado* co tema da mina. Eu voules dar un pequeno consello ou unha observación, é dicir, cambien o lema —cambien o lema—: Galiza é unha mina... africana. «Mina africana» porque en materia de regulación e de planificación estamos ao nivel máis baixo e menos exixente de todo o mundo, mesmo ao nivel da Serra Leona ou da República do Congo.

É que non se aprende ou, mellor dito, non se quere aprender dos erros cometidos. É que repetimos, unha e outra vez, os fallos en bucle, cambiando leis que estorban para que, finalmente, toda Galiza sexa unha mina; unha mina da cal descoñecemos quen son os mineiros



porque, fóra dalgunha pequena excepción, as empresas promotoras non son máis que vehículos artellados e montados á medida do modelo explotador da Xunta de Galiza do Partido Popular. Empresas das cales son propietarias fondos de investimento con sedes en terceiros países. Quero dar un dato obxectivo: de 23 empresas de explotación mineira que hai no Estado español, só 8 teñen a súa sede social en España. Hai cinco no Canadá, cinco en Australia, o resto está en países como Chipre, Luxemburgo, Reino Unido, Francia ou México. E, ¿quen está detrás de todas esas empresas? Pois nomes como BlackRock, HSBC, Oaktree, BNP Paribas, J. P. Morgan ou Blackstone. E todo isto non é un asunto menor, nin o da sede social nin o do capital social, porque a estratexia de todas estas empresas é moi clara: vir, chegar aquí, explotar un recurso e marchar sen facer unha restauración.

E podo poñer moitos exemplos, de feito, á señora Iglesias acaba de falar de varios deles. Unhas das eivas que presenta este modelo extractivo do Partido Popular é o tema das balsas de relaves, esas grandes pozas de lama tóxica que acompañan cada unha destas explotacións. A lexislación galega non conta aínda cunha regra específica que prohiba ou que regule a creación destas pozas, en contra do que pasa en países como Perú, Chile, Ecuador ou Brasil. Non se fai caso ás recomendacións do Programa das nacións unidas para o medioambiente e tampouco ao Consello Internacional da Minaría, que ten un documento moi claro en que prohiben ou recomendan aos Estados prohibir a aplicación deste modelo.

E, ¿que exemplos temos no país que levou este modelo adiante? Podemos empezar polo Monte Neme —se lles parece—, onde, no ano 2014, 24.000 metros cúbicos de lama tóxica contaminaron terreos do concello de Malpica ou do concello de Carballo.

O caso de Touro —que tamén mencionaba a señora Iglesias—, onde, no día de hoxe, segue habendo lixiviados aos ríos Lañas e Brandelos, que verten as súas augas na ría de Arousa a través do Ulla. E, aínda así, a Xunta declarouno proxecto estratéxico; é dicir, o mesmo que dous anos antes non cumpría os estándares ambientais, agora é un proxecto estratéxico.

San Fins, en Lousame, que tamén viviu un derrubamento dunha balsa, alá polos anos sesenta. San Fins, que tamén é outro exemplo da boa xestión da Xunta, que outorgou unha licenza para verter 900.000 metros cúbicos de auga contaminada, que ían chegar á ría de Muros-Noia, e, pouco máis de ano e medio despois, tiveron que retrotraer o permiso ante os continuos incumprimentos da empresa explotadora; por certo, é unha empresa que xa non existe; empresa que deixou depositados 178.000 euros para a recuperación ambiental. Sae ben barato contaminar toda unha ría. (*Aplausos.*)

Outro caso que temos tamén de balsas e de lixiviados é o caso da mina de Penouta —que tamén tocaba a señora Iglesias—; lixiviados que chegaron á Rede Natura 2000, lixiviados que chegaron a fontes da captación de auga de consumo, e que o Tribunal Superior de Xustiza paralizou nunha sentenza demoledora; unha sentenza que deixou claro que a avaliación ambiental desta explotación non foi acorde coa situación física que ocupa e que deixou tamén moi claro que, unha vez que se detectaron as eivas, nin a empresa explotadora nin a Xunta de Galiza actuaron en consecuencia. E por iso paralizouse, e alí foron 129 postos de traballo. Por certo, son os únicos 129 postos de traballo da minaría metálica do noso país. Bueno, minto, hai catro máis, con nomes e apelidos, pois o resto é minaría de rocha.



Quizais, un dos exemplos tamén máis claros e máis significativos que temos no noso país de como se fai unha tramitación ambiental, unha tramitación administrativa, dunha mina, poida ser o caso da mina de Feldeespato de Muras, onde, unha vez máis, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tivo que actuar despois dunha demanda presentada polo propio Concello de Muras. No seu auto tamén deixaba moi claro que detectaba anomalías e irregularidades —isto é textual— «na concesión, por estar caducada unha explotación mineira paralizada». E falaba de «vulnerabilidade flagrante» do Departamento Mineiro da Xunta por non ter incoado, polo menos en dúas situacións —en dous momentos—, os procedementos de caducidade exixidos. Este caso da mina de Muras é un caso tamén moi curioso porque a autorización que deu a Consellería de Industria pasou por riba dun informe negativo dun enxeñeiro de minas da propia Xunta de Galiza. É dicir, os defensores dos técnicos, os que sempre se botan os técnicos encima, unha vez que os técnicos fan informes en contra, pasan por riba deles. Este é todo o respecto que teñen vostedes. (Aplausos.)

Señorías do Partido Popular, ¿como cren vostedes que se pode sentir unha veciña ou un veciño de Doade, do concello de Beariz, en Ourense, cando se entera, polos medios de comunicación, que hai intención de reabrir o proxecto da mina de litio, cando ese proxecto foi declarado, o pasado 25 de marzo, como proxecto estratéxico pola Unión Europea? É a única comunicación que teñen; é a única forma de entrarse. E digo eu, con toda a pasta que gasta no *greenwashing* da minaría metálica..., con toda a pasta que gasta na campaña «Galiza é unha mina»..., ¿non tiña uns euros para facer unha exposición pública en condicións antes de que a xente se enterase polos medios?

Contra este modelo extractivo, este modelo colonial da Xunta de Galiza da minaría metálica, o BNG ten propostas alternativas; propostas que se basean, sobre todo, no cumprimento estrito da normativa sectorial, na aplicación do principio de precaución sempre que se vexa unha eiva ou un problema; na prevalencia das actividades económicas propias dos territorios; na preservación dos recursos hídricos; na ampliación dos prazos de información pública —con garantía total, neste sentido—; na restrición de explotacións de ceo aberto; na prohibición de tecnoloxías baseadas no uso de cianuro e na utilización de solucións tecnolóxicas máis avanzadas; e na vinculación dos concursos; no desenvolvemento tecnolóxico industrial ao peche dos ciclos produtivos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor GOLPE ACUÑA: Remato, señora presidenta.

Temos que crear riqueza; crear riqueza non é sacar o litio, levalo para outros sitios e explotar. Hai que pechar os ciclos produtivos aquí; hai que deixar de ser unha colonia.

Propostas que se basean na promoción de plantas de minaría urbana —que vostede non sabe nin que é iso ou, polo menos, non se dirixiu, en ningún momento, ao tema da minaría urbana—; na recuperación de minerais existentes nos equipos electrónicos e na recuperación de minerais existentes nos lixiviados da propia minaría; e, ¡como non!, na creación dun fondo de restauración ambiental e paisaxística para a recuperación de antigas canteiras e de minas abandonadas.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Remato, señora presidenta.

De continuar o actual modelo da Xunta do PP, Galiza, máis que unha mina, vai ser un territorio de sacrificio, con cicatrices sociais e ambientais imposibles de curar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Eu —antes de entrar na proposición e dado o tema que estamos a tratar, ao igual que fixo o señor Golpe— non quero esquecerme da comunidade mineira, especialmente da asturleonés, e quero trasladar, no meu nome e no do Grupo Parlamentario Popular, o noso máis sentido pésame e todo o agarimo ás familias, aos amigos e aos compañeiros (*Aplausos.*) de Iván, Jorge, Rubén, Amadeo e David; os cinco mineiros que perderon a súa vida na mina asturiana de Cerredo, na pasada semana. (*Aplausos.*) E tamén quero desexarlles unha pronta recuperación aos seus compañeiros mineiros feridos neste tráxico accidente. Moito ánimo a todos.

Señorías, estamos hoxe aquí para falar de minaría, e, no canto de marear a perdiz —como acabamos de ver agora nas dúas intervencións que me precederon—, creo que hoxe debemos posicionarnos dunha vez os grupos parlamentarios. ¿Estamos de acordo, señorías, en recoñecer a importancia das materias primas estratéxicas para reforzar a autonomía estratéxica e reducir a nosa dependencia do exterior? Cómpre que nos posicionemos, pois a xeopolítica mundial está cada vez máis influenciada polo acceso dos países aos recursos esenciais para acadar as metas dixitais, así como para as metas climáticas que se enmarcan a nivel mundial e tamén dende a Comunidade Europea.

Os movementos que estamos vendo nos últimos anos xa nos amosan que, no taboleiro político global, haberá unha competencia brutal polo acceso a estas materias primas críticas. No proceso de conversas que estamos a ver nas últimas semanas, estas son chave para rematar coa inxerencia de Rusia en Ucraína, e, non é anecdótico que o acordo de Zelensky con Trump se basee en que os Estados Unidos se fagan con gran parte da produción das terras raras procedentes do país ucraíno. ¡Iso si!, Putin tampouco está disposto a renunciar aos territorios xa invadidos, curiosamente aos de maior potencial neste tipo de materiais. Tampouco é anécdota que o señor Trump pretenda facerse con Groenlandia e arrebatarse a Dinamarca este territorio rico en recursos como o gas, o petróleo e as terras raras.

E todo isto para competir coa potencia mundial en terras raras. Señorías, China controla o 90 por cento da capacidade de procesamento e refinamento destes materiais en todo o mundo e o 98 por cento dos materiais críticos que utiliza Europa estámolos importando da



China. Isto fai con que o resto do mundo estea sometido a unha dependencia do xigante asiático, o que supón un risco económico e xeopolítico. Sen novos provedores, Europa vai seguir vulnerable ás futuras restricións ou ás subidas de prezo que marque o xigante asiático. A demanda dos materiais críticos aumentará nas próximas décadas por cinco, no caso das renovables e, por sete, no caso do vehículo eléctrico.

Señorías, as terras raras son materias primas críticas e imprescindibles e, por moi lonxano e estraño que nos pareza, dependemos e dependeremos delas máis do que cremos. Nunha época en que todos temos claro que debemos traballar na redución das emisións a través dunha transición enerxética, estas materias críticas son imprescindibles, por exemplo, para as turbinas e os motores da xeración de renovables; son imprescindibles para as baterías de toda a mobilidade eléctrica; son imprescindibles para aeronáutica, para os sistemas de comunicación e tamén para a defensa; e son imprescindibles para as tecnoloxías led e láser, que xa non nos son tan alleas.

Entre outras moitas cousas, tamén son imprescindibles para os tratamentos sanitarios avanzados de radioterapia e tamén para un tratamento que nos soa —e nos soará máis nos vindeiros anos—, por ser Galicia referente nel, é dicir, na protonterapia. Para non mencionar os ordenadores portátiles, as tabletas, os videoxogos e os móbiles.

Con este escenario, temos en Galicia un sector mineiro dunha longa tradición, que é estratéxico, xa que proporciona materias primas a moitos dos sectores considerados fundamentais para a nosa economía, creando emprego (*Breve pausa.*) (*O señor Lorenzo Gómez olla para o señor Golpe Acuña.*) —a minaría si crea emprego en Galicia, señor Golpe—, máis de tres mil postos de traballo, e mellorando os datos de produción ano a ano. E Galicia tamén espertou o interese pola presenza de terras raras e de metais estratéxicos; un exemplo é a mina de Doade: (*O señor Lorenzo Gómez mostra un recorte de prensa que pasa a ler.*) «A mina de Doade: así é a mina galega elixida como proxecto estratéxico para impulsar as materias críticas na Unión Europea».

Europa teno claro. E os datos que temos en Galicia débense ao recurso, pero tamén se deben a aposta da Xunta de Galicia por unha minaría sustentable e respectuosa co medioambiente, coas persoas e co noso patrimonio.

Señorías, estamos ante un debate que debe ir máis alá, señor Iglesias, da planificación ou dun censo mineiro; estamos ante un debate entre o medioambientalismo radical, que busca o inmovilismo, e a aposta dun goberno responsable por un aproveitamento dos recursos dun xeito sustentable e respectuoso cos territorios; (*Aplausos.*) unha responsabilidade que obrigue os promotores a deixar un retorno para quen vivimos nestes territorios. Así o demostra a Lei de recursos naturais; esa lei que vostedes non apoiaron, que está a marcar a política enerxética industrial de Galicia e que —como ben saben— busca garantir que calquera proxecto que se desenvolva na nosa comunidade —tamén os proxectos mineiros— xere riqueza social e económica no noso territorio.

Ademais, a través da Lei de acompañamento recuperouse o Consello da Minaría de Galicia, e promoverase a figura dos «municipios mineiros», é dicir, unha ferramenta que, no marco



da colaboración entre as administracións, promocionará medidas dentro dunha óptica de minaría sustentable. E, con este mesmo fin, o Goberno, nos primeiros días deste ano 2025, convocou os concursos de dereitos mineiros nas catro provincias: un total de 51 dereitos con permisos caducados que abren a súa posible explotación, co fin de seguir profundando en materiais fundamentais para sectores estratéxicos. Señorías, este é o camiño, e así o recolle o punto número 2 da emenda que hoxe presentamos. Pero sempre debe ser en colaboración e en cooperación co Goberno central, que tamén debe promover as iniciativas lexislativas necesarias para avanzar no recoñecemento das materias primas minerais como recursos de primeira necesidade e de carácter estratéxico.

Somos conscientes, señorías, de que a minaría en Galicia non ten unha historia que a favoreza por todo o que nos deixou nas distintas décadas do século pasado, pero —creo firmemente— temos unha oportunidade de aproveitar os avances tecnolóxicos e de exixir aos promotores o uso de tecnoloxías limpas, acompañadas de plans de restauración ambiciosos. Hai que mirar para o futuro e non mirar para o pasado. Cómpre atopar un equilibrio entre a oportunidade e a precaución; e, para iso, temos un marco normativo moi estrito en Galicia —máis do que aplica o Goberno central—, que debe velar polo desenvolvemento sustentable que —creo— todos desexamos.

Cando preparei esta iniciativa, que —como ben saben— xa a debatemos identicamente no mes de outubro, na Comisión 6ª, pensei que requiriría un debate idéntico, unha emenda idéntica e, posiblemente, o resultado final sería tamén idéntico, señora Iglesias. Vostede rexeitaría novamente a nosa emenda, facendo caso ao BNG, e, no grupo maioritario da Cámara, votaríamos en contra da súa proposta, que, de novo, quedaría en papel mollado.

Ante o momento en que nos atopamos —reflexado na miña exposición—, creo que é necesario ir máis alá e, para coller ese guante que sempre deixa encima do estrado a señora Iglesias, traemos unha emenda que espero que non rexeiten e que a tomen en consideración, porque, señorías, negarse a todo sen plantexar unha alternativa condénanos á dependencia doutros. ¿Non lles parece curioso que sexa o partido independentista o que máis se esmere en que a nosa sociedade sexa cada vez máis dependente? É moi curioso, señorías.

Para non falar da hipocrísia de vivir pegados a produtos tecnolóxicos e intelixentes...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...—xa vou rematando, presidenta—... e encherse a boca de falar da defensa do territorio e da defensa dos dereitos das persoas, cando prefiren vivir na ignorancia e pensar que noutras partes do mundo si explotan os seus recursos, sen ningún tipo de seguridade nin para o medio nin para as persoas que traballan nel.

Remato xa, presidenta, citando unha muller referente para todos. Dicía Marie Curie que «Nada na vida debe ser temido, só comprendido». Agora é o momento de comprender máis para que poidamos temer menos. En pleno 2025 seguimos nese momento e, neste ano de lexislatura, vostedes están deixando claro que prefiren unha sociedade que tema a unha sociedade que comprenda.



Espero que non sexa covarde, señora Iglesias, que teña vostede algo de amor propio e deixe para un lado ese seguidismo ao BNG porque, se o BNG é o partido do «non»...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...vostedes, os socialistas, xa parecen o Partido do «nós tam-pouco».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Era a quenda do Grupo Parlamentario Mixto, pero non se encontra na sesión; así que con-tinuamos coa intervención da señora Iglesias, que foi a autora da proposición non de lei.

Mentres que se achega ao estrado, tamén lles dou a benvida e un afectuoso saúdo aos alum-nos e ás alumnas de sexto de primaria, do colexio de educación infantil e primaria Manuel Mato Vizoso, de Vilalba. Benvidos.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Benvidos tamén aos alumnos de Vilalba.

Grazas ao señor Golpe e ao señor Lourenzo por esa lembranza que se fixo aos cinco falecidos na mina de Cerredo, á cal nos sumamos, evidentemente, no Partido Socialista. É intolerable que, en pleno 2025, sucedan estes accidentes laborais na minaría do noso país.

Señor Lourenzo, de «covardía», nada; de valentía, toda, e sobre todo, o que practicamos é política da útil, e non política patética como practica a bancada do Partido Popular.

Temos a firme convicción de que todo o proxecto industrial mineiro ou eólico que queira im-plementarse no noso país, antes de iniciarse o procedemento de autorización —recalco: antes de iniciar o procedemento de autorización— ten que contar cunha boa planificación estratéxica, da cal carece o Goberno galego. Xa o dixen, non hai planificación sectorial eólica, non hai pla-nificación no sector industrial e tampouco hai planificación estratéxica na minaría de Galicia.

Ademais, todo o proxecto mineiro ten que cumprir esas tres condicións: sustentabilidade ambiental rigorosa, na cal está a fallar de maneira estrepitosa o Goberno galego —e puxen exemplos na miña primeira intervención—; a sustentabilidade económica... Non queremos júnior e filiais mineiras cascarón que teñen o domicilio fiscal en paraísos fiscais; non que-remos iso. Carecen de solvencia técnica e carecen de solvencia económica; unicamente veñen explotar os nosos recursos naturais. Exemplos: mina de cobre ou mina de ouro de Corcoesto. Son mineiras júnior; ¡son paquetes especulativos!

Esas tres patas foron o noso argumento desde o principio: a sustentabilidade ambiental, económica e social, e participación pública temperá. ¿Sabe de que falo, non, señor Pazos?



Previa a toda planificación, previa ao procedemento autorizatorio, débese escoitar a veciñanza, a sociedade civil, porque todos estes proxectos de enerxías renovables e o sector mineiro teñen impacto no territorio. É evidente que hai que falar antes de que se inicie o procedemento autorizatorio e isto o di tamén a Unión Europea na súa comunicación, Di que todo proxecto que teña impacto no territorio, así sexa o sector mineiro ou enerxético, ou de enerxías renovables, ten que contar coa veciñanza; hai que escoitar a sociedade civil.

As socialistas cremos no liderado do noso país na minaría sustentable. Señor Lourenzo, apoiamos, sen complexos, que o sector mineiro sexa estratéxico na Unión Europea para lograr esa autonomía tecnolóxica e para facilitar o Pacto verde europeo — lembro que vostedes pactaron cos negacionistas que negan o Pacto verde europeo—; así, dependemos menos de terceiros países, do mercado asiático e do mercado estadounidense, como xa dixen. Tamén dicimos ben alto e claro ao BNG que é o momento de ser claros e tamén de posicionarse. É doado situarse sempre no «non». Temos que ter debates rigorosos e solventes no Parlamento, que é onde reside a soberanía popular. Non contribuíamos para o teatro, para a hipérbole, para o constante discurso fácil, para a política que busca o aplauso da bancada amiga. Eu son das que penso que hai que vir aplaudidos da casa, señor Lorenzo.

Señorías, estamos ante un taboleiro xeopolítico mundial imprevisible, en que debe primar a colaboración institucional, a coordinación entre as administracións públicas en Europa, pero tamén entre o Goberno de España e das comunidades autónomas.

Non queremos que as comunidades autónomas do PP se levanten da Conferencia Sectorial de Xustiza...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...nin tampouco do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Por tanto, queremos que o Goberno, que non fixo os deberes en planificación estratéxica mineira dos nosos recursos, o faga, e que deixe de tirar balóns fóra.

Respecto das emendas —presidenta, xa remato—, aceptamos a emenda do BNG respecto á obriga de aprobar un plan sectorial de actividades extractivas. Evidentemente, non aceptamos a emenda de substitución do PP, xa que é un exemplo máis desa política inútil da que falaba o señor Lorenzo baixo o slogan «*esto no va conmigo*», que non conduce a ningures.

Dígalle, señor Lorenzo, aos seus compañeiros do partido no Congreso dos Deputados que voten o Proxecto de lei de industria e autonomía estratéxica, e dígalles que o que piden os dous puntos da súa emenda están establecidos no Proxecto de lei estatal de industria e autonomía estratéxica. Dígalles que o apoien, dígalles que apoien esa lei estatal.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa decisión de construír un novo edificio para o Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra autoemenda, de adición, do propio Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Da-costa, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Débese engadir, na parte resolutiva da iniciativa, un novo punto 3, que terá o seguinte contido:

«3. Remitir á Cámara galega todos os informes técnicos sobre as causas da paralización do novo edificio de hospitalización e dar conta o Parlamento de Galicia das actuacións que se van realizar polo Goberno galego para a reanudación da construción da referida infraestrutura.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte texto:

«3. Dirimir as explicacións e responsabilidades políticas pertinentes por non ter actuado con anticipación e reorganizado os servizos malia coñecer o estado do Hospital Materno Infantil e o risco de repetición de derrubamentos, así como pola demora no desaloxo da actividade e a paralización das obras do novo edificio de hospitalización.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Eu pregaríalles ás súas señorías, e tamén ás persoas que nos acompañan no público, que miren esta imaxe; *(A señora Presas Bergantiños mostra unha fotografía.)* esta imaxe que non é unha imaxe dunha obra, non é tampouco un fotograma dun telexornal que nos fala dunha



das moitas guerras que asolan o noso mundo, tampouco é unha imaxe creada con intelixencia artificial. Esta imaxe é a imaxe da Área de Pediatría do Hospital Materno-Infantil de Ourense o pasado sábado 29 de marzo; un novo derrubamento, que, por casualidade, que, por casualidade e tamén por fortuna, non causou danos persoais; un derrubamento de quilos de material, que, de pasar alguén por debaixo nese momento, estaría morto. Dez días despois non hai nin explicacións nin responsabilidades políticas á altura das circunstancias. É unha absoluta vergonza.

Esta é a imaxe da vergonza, pero é tamén a gota que colma o vaso da situación de deterioración absoluta na que está este edificio e, por extensión, a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. Primeiro, porque non é a primeira vez que pasa algo así; e, segundo, porque podía terse evitado.

Esta outra imaxe (*A señora Presas Bergantiños mostra unha fotografía.*) é de decembro de 2023. En decembro de 2023 xa se derrubou unha parte da sala de partos, que tardou a Xunta de Galiza máis de seis meses en reparar. Tivemos que vir aquí e tivo que mobilizarse a sociedade ourensá, e ensinar fotos da situación deplorable e da basura amoreada, para que a Xunta de Galiza parara de vulnerar os dereitos das nais de Ourense e arranxase esa parte do Materno-Infantil.

E pensabamos que aquel era o primeiro derrubamento coñecido deste hospital e que este que coñecemos hai uns días era o segundo. Pero nestes días descubrimos tamén, grazas ao Sindicato Médico de Galiza, que, meses antes do desprendemento desta sala de partos, xa houbera un desprendemento na Área de Pediatría que causou feridas leves a unha pediatra. ¿Que máis cuestións non saberemos? ¿Que máis sabe a Xunta Partido Popular que non sabe a sociedade ourensá? Esa é a pregunta que nos facemos hoxe.

En todo caso, o que si sabemos é que nos últimos anos este edificio foi obxecto de queixas constantes por múltiples sectores da sociedade e que a Xunta mirou para outro lado. Por exemplo, denuncias do feminismo, (*A señora Presas Bergantiños mostra unha fotografía.*) de asociacións de apoio á lactación materna, como Arrollos de Teta, ou a Marcha Mundial das Mulleres, das constantes goteiras e da situación na que as nais de Ourense tiñan que atender as súas crianzas.

Por exemplo, tamén no ano 2022 (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) cascada de queixas na prensa ourensá de usuarios e de usuarias deste edificio e da súa situación deplorable para as condicións de atendimento e de hospitalización. Xa antes, incluso no ano 2020, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) por exemplo, denuncias tamén de nais que estaban nas plantas deste edificio que denunciaban o estado deplorable dos berces, un berce que rompeu e danou tamén unha nai.

E, así e todo, a hemeroteca dá cumprida conta destas demandas e tamén das demandas da Xunta de Persoal, que unha e outra vez chegaron a este Parlamento.

Polo tanto —insistimos—, podía terse evitado, pero a Xunta foi negligente; negligente porque hai un plan director que, primeiro, foi paralizado durante máis de dez anos de crise eco-



nómica, e que quedou obsoleto, e que foi sistematicamente incumplido. Pero negligente tamén, porque —insistimos— hoxe sabemos que cargos técnicos e políticos, técnicos e políticos, da Xunta de Galiza sabían que este derrubamento se podía volver repetir e non fixo nada.

Quero insistir tamén en que, malia o estado de continua deterioración do Materno-Infantil de Ourense, o Partido Popular negou sistematicamente nos últimos anos a necesidade dun novo edificio. De feito, no ano 2018, despois dunha década de incumplimento e parálise do plan director, cando se abordou a súa actualización, o propio Núñez Feijóo presentaba un proxecto de reforma, que non demolición. Tres anos despois, porque en Ourense as licitacións tardan de media tres anos, no ano 2021, sacou esa licitación, que despois adxudicaría a Copasa no ano 2022, e esta licitación pois non contemplaba un novo edificio para o Materno. Contemplaba un novo edificio, si, pero para hospitalización; para o Materno o que contemplaba era literalmente a reforma e posta en valor, mantendo así nun edificio que se sabía inseguro e enfermo os servizos de Obstetricia, de Xinecoloxía e de Pediatría.

E iso ía estar xa no ano 2025; *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* no ano 2025 ía estar remodelado o Materno-Infantil e construído o novo edificio. Ben, pois estamos en 2025. Hoxe o Materno non está remodelado e está caendo a cachos, e hoxe o novo edificio non está nin construído nin construíndose, porque levan as obras seis meses paralizadas, *(Aplausos.)* sen que a Xunta dea explicacións. É unha chapuza e é unha vergonza.

E este verán parecía que, por fin, a Xunta de Galiza entraba en razón, que rectificaba, que asumía que este edificio tiña que ser demolido. Vimos este verán, *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* en agosto deste ano, como a Xunta cambia de parecer e decide demoler o Materno-Infantil ante o seu mal estado. Por fin parecía unha nova boa para Ourense, pero a realidade é que quedou niso, nunha noticia, nun mero anuncio, cero euros no orzamento de 2025 para esa presunta demolición.

Por iso desde o Bloque Nacionalista Galego rexistramos, xa hai uns meses, unha serie de iniciativas para preguntar sobre esta cuestión, e tamén rexistramos unha serie de peticións de documentación de artigo 9 —soaralles ás súas señorías polos seus incumplimentos— pedindo explicacións e documentación sobre algo que nos parecía grave, que é escoitar da boca da conselleira de Infraestruturas no mes de agosto de 2024 que os técnicos recomendaban a demolición.

Porque a pregunta é: sabendo o que pasou, sabendo o que sabemos hoxe, ¿cantos anos hai que os técnicos e técnicas recomendan demoler este edificio? Alguén ten que render explicacións sobre esta cuestión, pero sete meses e ningunha resposta.

Por iso o acontecido hai dez días é de extrema gravidade. É de extrema gravidade e require de máxima transparencia, a transparencia que non tivo a Xunta até o de agora e a celeridade que tampouco tivo. A esperada decisión de desaloxar o edificio chegou tarde. Chega tarde porque tardaron máis de corenta e oito horas en recoñecelo, ata que houbo presión social ás portas do hospital; tardaron máis de corenta e oito horas en notificar publicamente que ían



proceder ao progresivo desaloxo. Chega tarde, porque non se vai culminar ata o mes de verán e chega tarde, tamén, porque hoxe sabemos que vostedes sabían que isto podía pasar.

Hai uns días o xornal *Praza Pública* tivo unha publicación en exclusiva, na que informaba de como a Consellería de Sanidade recoñecía hai un ano, hai un ano, nunha reunión técnica da Área Sanitaria, literalmente, a través da directora de Recursos Económicos e outros cargos políticos e técnicos da Xunta de Galiza, que se podía volver repetir un derrubamento; é dicir, sabían que podía pasar e non fixeron nada.

¿Canto tempo estivo Ourense, canto tempo estiveron máis de trescentas mil persoas ás que corresponden servizos neste hospital, indo a ser atendidos e atendidas nun edificio que sabían que podía caer a cachos, señorías do Partido Popular? Non é un accidente, é negligencia.

Por iso hoxe pedimos tres cuestións moi claras.

A primeira, demoler o Materno-Infantil e desbloquear a parálise das obras. Onte mesmo a comisión de centro do CHUO insistía en que falta diálogo e transparencia, e por iso propoñemos un punto de que haxa unha mesa de traballo, contando cos e coas traballadoras, para definir as actuacións a tomar e tamén os usos e condicións do futuro edificio.

A segunda, pedimos a verdade, pedimos que se saiba, con luz e taquígrafos, canto tempo levamos unhas trescentas mil persoas en Ourense soportando esta situación e canto tempo hai que os técnicos da Xunta de Galiza recomendaban que este edificio tiña que ser demolido.

E a terceira, responsabilidades políticas, porque, afortunadamente, non houbo danos persoais, pero iso non exime de responsabilidades políticas á Xunta de Galiza ante uns feitos enormemente graves, a situación dun edificio...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que non é admisible para as infraestruturas sanitarias do século XXI, e que sabían vostedes que era así e non fixeron nada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

En xaneiro de 2025 naceu a miña filla no Materno-Infantil de Ourense. O son do taladro e o martelo que repicaban no cuarto de enfrente foi un dos primeiros sons que atravesaron os



seus oídos na súa primeira mañá de vida, nunhas instalacións precarias, obsoletas, decadentes e o máis afastado do que pensas que queres que sexa o primeiro que vexa o teu fillo cando vén a este mundo.

Se quedar embarazada é por si mesmo un acto heroico nestes tempos, facelo en Ourense pode considerarse ademais unha profesión de alto risco, non soamente polo que supón o acto en si, senón polas infraestruturas e instalacións do que será o lugar que acolla a túa crianza, un espazo que debería ser seguro ao que acudir cando ten algunha doenza, como é o hospital, e que neste caso é o máis parecido a un centro Frankenstein.

As infraestruturas do Hospital Materno-Infantil de Ourense non teñen nada de infantil nin de maternal. E a miña pregunta é: se non son seguras nin axeitadas para albergar doentes, ¿por que si o son para acoller crianzas enfermas e recén nados entre cascotes e teitos que caen a pedazos e material de hai medio século?

A miña odisea particular, e á que nos enfrontamos a maioría das embarazadas da provincia, comezou no ano 2023, cando estaba en proceso de busca de embarazo e de súpeto cae o teito do paritorio. As alarmas disparáronse, e soamente pensaba: ¿como ía traer un pequeno nese lugar, que debería ser de calma e tranquilidade, cando podía virse abaixo en calquera momento? ¿Como van traballar seguras as profesionais e quen ía garantir que non nos pasase nada a ningún dos dous?

Naquel momento plantexei buscar alternativas, como dar a luz na casa ou desprazarme a outro hospital, tal e como fan outras moitas nais embarazadas da provincia, porque o meu caso non é único. ¿Como imos garantir o benestar emocional nestes momentos de tanta vulnerabilidade, se non somos capaces de garantir o físico?

Non soamente o teito do paritorio, que se pode considerar algo puntual, deixa moito que desexar. A odisea, o medo, a inseguridade para min xa comezou dende o inicio do embarazo, cando tes que enfrontarte a que cada día che cambian de consulta e de sala, por necesidades de servizo. Salas de xinecoloxía do século pasado, sen espazo, sen o material adecuado, con salas de espera sen cadeiras e compartidas con outros servizos. Ás veces non sabes se vas facer unha ecografía para ver o bebé ou te van operar da vista. Consultas con potros metálicos e sen lugares para asearse, coas cadeiras rotas e as paredes caendo.

Convivín ao longo do embarazo con obras nas urxencias xinecolóxicas, onde, no día de hoxe, para chegar, tes que percorrer medio hospital, e soamente hai catro cadeiras de espera para poder sentarse, fronte a un ascensor de servizo e unha parede con sinais de obra e sen luz.

Ese é o lugar de espera nos momentos de maior incerteza e vulnerabilidade nos que unha muller se atopa, e unha forma tamén de violencia obstétrica. Poden maquillar con palabras e tamén con pintura nas paredes, o pladur e o que queiran, pero a decadencia e a inseguridade do edificio é palpable para calquera que teña ollos, e, para unha embarazada que pasa meses acudindo, máis.

Meses despois de que caese o teito do paritorio, caeu o teito dunha consulta. No meu caso particular cheguei á ecografía da semana vinte e non había consulta por cambiala de loca-



lización. E se o anterior cuarto parecía da posguerra, a nova ubicación non era mellor: unha habitación dunha planta pechada, dividida con pladur polo medio da ventá, e na que literalmente soamente caben o ecógrafo e a mesa do médico, sen espazo para moverte, directamente sen sala de espera ou sen aseo, e nun corredor compartido coas cirurxías ambulatorias ao que te teñen que vir buscar para non perderte, porque, por non haber, non hai nin sinais indicativos. Ese día, como moitos outros, se non chegase a ser polo gran traballo do persoal sanitario, que traballa en pésimas condicións, quedaría sen ter realizado a proba.

Ese grande esforzo do persoal vese reflectido en cada consulta, e especialmente no traballo das matronas, que realizan visitas para que poidamos ver o horror do paritorio antes de que chegue o gran día e facernos á idea de que é moito peor do que imaxinamos. Un pasillo lúgubre e escuro con salas de dilatación ínfimas e sen baño propio, cando vas pasar alí metida horas mirando para un vinilo cunha ventá que dá ao mar e pola que pensarías en tirarte se fose real. Con instalacións nada adecuadas ao 2025, e moito menos pensadas para ser o lugar no que traer ao mundo a túa crianza e que, pasados eses primeiros minutos dun momento que debería ser fermoso, único e acolledor, ou polo menos cun mínimo de intimidade e de seguridade. Este é o testemuño real da nai de Uma, (*A señora Rodríguez Dacosta fai o aceno dun bico ao aire.*) pero podería ser o de calquera muller usuaria do Materno-Infantil de Ourense.

Este grupo parlamentario leva alertando dende o inicio da actual lexislatura da situación límite na que se atopa a Área Sanitaria de Ourense. E tal é o estado no que se encontra que o día 30 de decembro de 2023, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, o teito sufría un derrubamento, do que non houbo que lamentar danos persoais, pero o feito foi denunciado por este grupo parlamentario, pola Xunta de Persoal e por toda a oposición. O pasado 29 de marzo de novo derrubábase parte do falso teito da terceira planta do edificio do Materno-Infantil, o que puido provocar serios prexuízos. E estes feitos poñen de manifesto a negligencia e mala xestión do Sergas ao manter en uso unhas infraestruturas que reiteradamente se demostran inadecuadas e perigosas.

E respecto da cronoloxía para a apertura do edificio novo, basta situarse na comparecencia ante os medios que ofrecía o conselleiro o 2 de abril deste ano —poden acudir a escoitala, porque merece a pena, para confirmar o desbaraxuste con que se leva manexado todo este tema—. Nunha sucesión desordenada de alocucións nas que o conselleiro e o excedente ao mando rondaron a confusión e absurdo dos bos tempos dos irmáns Marx, quedaron sen saber nada máis que os prazos da administración, como os designios do Señor, son inescrutables. Un diario local reflectíao de maneira moi clara no seu titular —eu non o diría mellor—: «O futuro Hospital Materno-Infantil de Ourense tardará anos e a Xunta de Galicia ve o novo edificio seguro, pero baléirao por tranquilidade».

Tamén reconece o conselleiro a ralentización do novo edificio de hospitalización, negando sobrecustos e axustes no proxecto. Este (*A señora Rodríguez Dacosta mostra unha fotografía.*) é o novo edificio de hospitalización, como ven, parado. Falta á verdade o señor conselleiro. Este edificio leva sete meses parado, coa asistencia de só un traballador á obra de cando en vez. E este grupo parlamentario pregúntase que acontece coa construción dese novo edificio, pedimos que por unha vez digan a verdade á cidadanía, ás usuarias e ás profesionais de Ourense.



Por iso, pedimos, cunha emenda de adición a esta iniciativa que imos aprobar, que remitan á Cámara galega todos os informes técnicos sobre as causas da paralización do novo edificio de hospitalización e dar conta ao Parlamento de Galicia das actuacións que se van realizar polo Goberno galego para a reanudación da construción da referida infraestrutura.

Tres derrubamentos dende o ano 2023; é seguro, pero procedemos ao traslado; non ten realmente problemas estruturais —atrévense a manifestar—; din, cunha estrutura de formi-
gón estable: «*se han puesto los testigos y no se está moviendo*». Isto ¡manda truco!, ¿non?

En vez de acometer dende un primeiro momento a planificación e construción dos edificios adecuados para unha atención hospitalaria decente, como se fixo no caso doutras provincias, en Ourense imos parche tras parche: plan director, modificación do plan director do plan director. Unha discriminación máis á terceira cidade de Galicia.

Por todo iso, aprobaremos a iniciativa presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Ben, empezo facendo miñas as valoracións que fixeron os portavoces anteriores acerca da valoración negativa do estado do edificio e das necesidades da provincia de Ourense para reverter esa discriminación. Eu matizarei tamén algunhas cousas.

Está claro que un edificio tal eu penso que non se permitiría en ningunha outra provincia da comunidade autónoma, ou polo menos en ningunha das grandes cidades. Un edificio dos anos setenta no que xa teñen pasado varios episodios similares a este último, que fixo saltar todas as alarmas, ao producirse nun lugar tan sensible. Eu só lles fago pensar —afortunadamente, non houbo danos persoais— en que imaxinen que tivera caído ese teito pois sobre rapaciños, neonatos, bebés que estiveran alí ou as nais que estivesen ingresadas; imaxinen que tivera habido consecuencias moi graves.

E xa indo ao prosaico, ¿non?, ¿canto nos custaría de diñeiro público facer fronte ás indemnizacións, posiblemente millonarias, que habería que pagar polos gravísimos danos causados, e se se produciran, por exemplo, falecementos de neonatos ou de mulleres? Xa indo ao prosaico, obviando loxicamente as consecuencias gravísimas de tipo moral, ético, emocional etcétera, que iso supón.

A cuestión está en como é que se chegou ata ese punto, porque cando empeza a caer un teito é que a cousa xa vén moito de atrás. ¿Como non se tomaron medidas hai xa seguramente décadas? ¿Como pasa? Eu non imaxino que caia un teito nas instalacións da Televisión de Galicia, por exemplo; para aí hai todo *lo mejorcito de lo mejorcito*. E poño a Televisión de Ga-



licia como exemplo. En realidade, moitísimas outras infraestruturas hospitalarias e doutro tipo do resto das provincias de Galicia que non sexan Ourense están nun estado —digamos— de máximo mimo, o que me parece moi ben; o ideal é que tiveramos todos unhas condicións de servizos o máis modernas posible, os recursos máis actualizados, pero sempre e cando non sexa a custa de que unha provincia concreta quede cun edificio dos anos anteriores á democracia incluso e no que se están producindo sistematicamente fenómenos deste tipo, de maior ou menor gravidade, pero ademais en situacións moi sensibles.

Eu penso que nun restaurante, por exemplo, estando a xente ceando, se de repente caera un teito, ao outro día ese restaurante as inspeccións pertinentes pecharíano; riscos laborais, sanidade, mirarían a situación técnica do edificio... Ou sexa, un particular que tivese no seu negocio as súas instalacións nun estado comparable sería automaticamente sancionado, eliminaríase a capacidade para exercer etcétera, etcétera. E, non obstante, nunha instalación pública, cun servizo tan primordial como é o servizo sanitario, desde hai décadas estase permitindo esta situación. Como digo, non había que ter chegado xa a esta cuestión.

Tampouco imaxino que iso pasase nun hospital de Vigo ou nun hospital da Coruña. E, se chega a pasar, seguramente a situación —digamos—, a protesta social e as respostas mesmo do Goberno non terían sido as mesmas. Seguramente non tivese dito o Goberno que todo estaba moi ben ou —digamos— minorizase o impacto negativo da noticia. Non, non pode ser así.

Como digo, vimos denunciando desde hai moitos anos no noso grupo a sistemática discriminación de Ourense neste aspecto concreto. Hai pouco aínda pedimos, estamos pedindo, máis infraestruturas sanitarias para a provincia e a mellora das existentes; efectivamente, tamén a ver cal é o estado desa nova ampliación. O que necesitaríamos serían non soamente novas ampliacións, non soamente chapa e pintura, senón verdadeiras infraestruturas sanitarias de calidade comparables ás que se fan nas outras grandes cidades de Galicia.

Pero, aínda así, estase —digamos— descoidando o caso concreto da ampliación dese complexo hospitalario e negándose a construción de centros de saúde, como estamos pedindo, xa sen meternos noutros aspectos da discriminación da nosa cidade e particularizándoo neste.

Loxicamente, este episodio fixo saltar todas as alarmas, concienciou moito máis a sociedade ourensá graficamente da discriminación que sofre a nosa cidade, como xa denunciámos durante todo o debate dos orzamentos deste ano da Xunta de Galicia.

Penso que os datos e a realidade nos están dando a razón e esperamos que o Goberno da Xunta, á parte de solucionar, canto antes e na medida do posible, os problemas que está causando este mal facer, pois cambie o chip e realmente empece a considerar a provincia de Ourense con equivalente importancia ao resto das provincias, e que nos próximos orzamentos se contemple xa de xeito estrutural unha cantidade de cartos a investir en infraestruturas sanitarias e en servizos de todo tipo que nos elimine a discriminación.

E, neste caso concreto, felicitarnos de que, dentro da gravidade do episodio, non tivera sido peor a cuestión, que o puido ter sido. E «Deus nos libre dun xa foi», como di o refrán galego.



E, loxicamente, dicir que apoiamos a proposta do BNG e tamén, aínda que lle corresponde facelo ao BNG, nos parece acaída a aportación que fai o Partido Socialista.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Bos días de novo.

Desde logo, ningún, salvo o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, dubida de que a sanidade pública é unha prioridade para o Goberno galego de Alfonso Rueda.

Miren, dende que o Partido Popular asumiu a responsabilidade da Xunta no ano 2009, quedou demostrado, cunha aposta firme e sostida no tempo, a mellora tanto en recursos humanos como en infraestruturas. E proba irrefutable diso é o incremento en recursos humanos dun 24,1 por cento dende o ano 2008 e a renovación hospitalaria máis ambiciosa da historia de Galicia, que abrangue todas as áreas sanitarias e hospitais da comunidade, incluídos os comarcais. *(Aplausos.)*

E un dos exemplos máis contundentes é o Complexo Hospitalario de Ourense, onde os investimentos superan os 80 millóns de euros dende o ano 2020. A modernización do CHOU non é só un titular, é unha realidade palpable.

A nova área da UCI, que xa está operativa, dotada con equipamento de última xeración, supuxo un investimento de 10 millóns de euros. A Unidade de Medicina Nuclear, con 2,8 millóns de euros investidos, permite por primeira vez aos pacientes facer probas PET en Ourense sen ter que desprazarse a Vigo. Ningún destes servizos estaban operativos cando vostedes gobernaron.

E, ademais, a renovación tecnolóxica do CHOU é histórica. Preto de 20 millóns de euros en novos ecógrafos, en equipos de radioterapia, en cirurxía robotizada, e a futura posta en marcha da unidade de ictus.

O núcleo central deste proceso de modernización e renovación é ese novo edificio hospitalario de doce plantas, que vai albergar áreas de hospitalización, de urxencias e de radioloxía. Cun investimento de 52,6 millóns de euros, esta obra vai permitir a construción dun novo hospital materno-infantil, que vai substituír o actual, para garantir un maior rendemento do investimento, unha maior vida útil e unha mellor atención ás familias ourensás. *(Aplausos.)*

Esta intervención... *(Murmurios.)* —señora Presas, non fai falta que veñan vostedes aquí a ordenar nada—, mire, esta intervención xa ten... *(Murmurios.)* —si, despois falamos diso—



tres fases: a construción dese novo edificio de doce plantas, a demolición e construción dese novo hospital que sabemos que Ourense precisa e a mellora nos accesos.

A reforma do Hospital Santa María Nai tamén está en marcha, cun investimento adicional de 1 millón de euros. A Xunta de Galicia elaborou un plan para adiantar o traslado provisional do Hospital Materno-Infantil de Ourense, debido a esas deficiencias nos falsos teitos que vostede mostraba aí. Aínda que o edificio, por máis que vostede alarme, non presentaba danos estruturais, si se detectaron eses danos nos falsos teitos. E a Xunta non esperou, decidiu adiantar a reubicación dos servizos dos paritorios e de hospitalización infantil e obstétrica noutros espazos do CHOU, para manter a actividade asistencial e garantir a tranquilidade tanto a pacientes como a profesionais, cun compromiso ademais claro: os traballos comezarán de inmediato e estarán finalizados a principios do verán. Non obstante, como sempre fan fronte a este compromiso, o BNG, fiel ao seu catecismo, recorre á demagogia e ao alarmismo.

Mentres se moderniza o CHOU con proxectos rigorosos, baseados en criterios técnicos e no diálogo cos profesionais, vostedes insisten en desinformar e xerar alarma co que aconteceu, que é grave —é verdade—, pero, por sorte, non hai que lamentar ningunha desgraza persoal.

Señora Dacosta, trasládelle á súa relatora que parir na casa non é recomendable, porque, ademais de ter moitas desvantaxes, non evita que ao mellor teña calquera desvantaxe e teña que acudir ao hospital. E, ademais, mire, nese relatorio dixo frases que non me pareceron demasiado acertadas.

Desde a oposición vemos esa actitude que ás veces parece irresponsable coa cidadanía e insultante incluso para os traballadores da sanidade pública, aos que sempre din defender, pero aos que desprezan cando poñen en dúbida o seu traballo e utilizan o seu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, ¿ten algo que dicir? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Tabarés...

A señora AMIGO DÍAZ: Señor Tabarés, ademais de traballar nun hospital público e falar con eles todos os días, hai corenta anos que traballo na sanidade. Entón, non me diga a min que fale cos profesionais, *(Aplausos.)* porque seguramente falo máis do que vostede fala.

Miren, vostedes o que fan, co esforzo que fan os profesionais, o que pretenden facer é política partidista. Iso é o que fan.

Pretenden dar leccións de todo, tamén de planificación sanitaria, cando en realidade vostedes actúan como unha Inquisición moderna, atacan sen fundamento, opinan sen coñecemento técnico e poñen en dúbida os traballos dos profesionais e dos expertos. Piden planificación. *(Aplausos.)* Veñen aquí pedir participación e planificación cando xa existen, porque todas as actuacións que se fan desde a consellería fanse co consenso do persoal sanitario e séguense criterios técnicos; non o criterio cambiante de deputados que falan de medicina, igual que falan de filoloxía ou de calquera outra cousa, sen ningún tipo de rigor. *(Murmurios.)*



Miren, a realidade é que a sanidade pública galega mellora ano tras ano, tamén en Ourense. E mentres uns traballan, outros botan fume e tratan de incendiar o sistema. Iso é o que fan. A situación no CHOU é de absoluta normalidade, pero hai quen parece desexar o contrario, para sacar rédito político. Volvo dicirles: non lles interesa a verdade. O único que lles interesa é o conflito.

O Partido Popular actúa con responsabilidade, reacciona con axilidade, planifica a longo prazo e inviste onde outros só critican. *(Aplausos.)*

Evidentemente, estamos falando dun problema que non escapamos a el, que exige unha solución urxente, que en calquera instalación de uso público pode ter unha incidencia como foi esta, e máis cando ocorre nun hospital. Pero mire, estase facendo todo, todo o necesario por que unha situación así non volva acontecer.

Pero o que é peor é que desde a oposición se aproveite esta situación para facer populismo do máis barato; nada novo; a demagogia do Bloque Nacionalista Galego fronte á sanidade pública é unha mostra máis do seu afán por desgastar en vez de construír. Non só son irresponsables, senón profundamente inxustos con profesionais e con usuarios. En lugar de sumar, de apoiar, prefiren desgastar, cando o que Galicia necesita é unidade, rigor e compromiso co noso sistema sanitario; algo que se está facendo desde a Xunta, con gobernos do Partido Popular, demostrando un compromiso rigoroso, real e medible coa sanidade pública, cunha folla de ruta baseada en feitos, en investimentos e resultados, fronte a discursos baleiros que só buscan desgastar, sen chegar ningunha solución.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Mire, señora Amigo, vostede vén aquí coa súa estratexia de faltar ao respecto e de falar doutros asuntos para non falar da súa neglixencia e para ocultar a mala xestión do Partido Popular. Pero mire, nós falamos con coñecemento de causa. Esta deputada fala con coñecemento de causa, porque fala cos e coas profesionais, que é o que debería facer a Xunta de Galiza, e tamén neste caso porque eu son usuaria deste hospital, señora Amigo. Vostede falará moito cos do HULA, onde non caen os teitos, pero eu falo con eses profesionais. *(Aplausos.)* Eu xa estiven ingresada nese Hospital Materno-Infantil. Sabemos perfectamente do que falamos.

Mire, xa postos a abrir o abanico de asuntos ourensáns de sanidade, podería ter falado vostede, xa que hoxe votaron en contra, de xestionar de forma transparente as listas de espera, das peores listas de espera hospitalarias de toda Galiza, que as ten este hospital.

Pero mire, falou vostede da UCI. Voulle dedicar vinte segundos á cuestión da UCI: 10 millóns de euros, 10 millóns de euros. Foi o seu presidente da Xunta o outro día a vender que había



30 camas de UCI novas. ¿Sabe vostede cantas camas UCI operativas hai no Hospital de Ourense hoxe? Hai 20, señora Amigo. ¿Sabe cantas había antes de 10 millóns de euros de investimento? 22. É que lles están dicindo os profesionais da UCI que están mentindo, que menten máis que falan, cando falan da UCI, cando falan do Materno e cando falan de absolutamente todo en materia sanitaria, moi especialmente en Ourense. Teñan un pouco de vergonza, teñan un pouco de vergonza.

E mire, vén vostede aquí dicir que hai que falar cos profesionais, que nós insultamos os profesionais. Mire, onte a comisión de centro do CHUO, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) as e os profesionais, non o BNG, non un sindicato en particular, as e os profesionais do CHUO saíron pedindo diálogo e transparencia, diálogo e transparencia, que é o que pide esta iniciativa, diálogo e transparencia.

Primeiro, ¿canto tempo hai que os técnicos e técnicas da Xunta recomendan demoler este edificio? Porque lea polo menos vostede as súas notas de prensa, que foron vostedes a Ourense este verán a prometer que ían cambiar de opinión, que rectificaban, que demolían o edificio e ían facer un novo; unha promesa da que nada se sabe, señora Amigo. Iso non está licitado, iso non vén nos orzamentos da Xunta. Estará na imaxinación do Partido Popular, pero de imaxinacións non vive unha área sanitaria, señora Amigo. (*Aplausos.*) Que ía estar o novo edificio de hospitalización en 2025, que estamos en 2025 e que están as obras paralizadas. ¿Pero de que me está falando de insultar os profesionais? Insultar insultan vostedes a intelixencia de todos os galegos e galegas.

E miren, transparencia, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) fagan transparencia. Hai sete meses que este grupo parlamentario pediu a documentación de canto hai que recomendan demoler, señora Amigo. Seguimos esperando. ¿Non di vostede que temos que falar con coñecemento técnico? Déixenos ver esa documentación técnica. Sexan transparentes.

Porque mire, fala vostede de demagogia. ¿É isto demagogia? ¿É isto demagogia? (*A señora Presas Bergantiños mostra unha fotografía.*) O terceiro derrubamento en ano e medio nun hospital que usan nais, que usan nenos, que usan profesionais. ¿É isto demagogia? Non, señora Amigo, isto é a realidade, isto é a realidade. E hai aquí moitos responsables neste grupo parlamentario en materia sanitaria e de infraestruturas que terían moito que dicir, que vexo que están moi inquietos no seu escano, pero que digan como se pode soportar esta realidade... (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e non dar explicacións políticas, (*Aplausos.*) e non asumir responsabilidades políticas.

Nós —insistimos— somos moi claras.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Sobre a emenda?



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Hai que demoler ese edificio, hai que desaloxalo e trasladar os servizos canto antes e dialogando coas profesionais. Esperar ao verán é moito esperar, hai que dialogar con eles e con elas. Por iso propoñemos esa mesa de traballo.

Transparencia. Que se remita toda esa documentación ao Parlamento...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...galego.

E, por suposto, responsabilidades políticas, porque podía ter falecido alguén e hai que dar responsabilidades políticas.

E a emenda, por suposto, aceptámola e reivindicamos tamén —tamén o recollimos en parte na nosa outra emenda— que é unha vergonza que esas instalacións estean...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...sen continuar a súa obra.

Polo tanto, señores do Partido Popular, actúen con responsabilidade con Ourense, con este edificio, cos traballadores e coas traballadoras e tamén coas usuarias, porque estamos falando dunha cuestión moi seria e moi grave.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Tabarés..., (*Murmurios.*) a ver. ¿Sabe que non o está facendo ben? ¿A que si? ¿A que non o está facendo ben? Así que prégoles que saia fóra ou manteña... (*Murmurios.*) Silencio, por favor. Silencio, por favor. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Presas, rematou o seu turno, no que, por certo, fun bastante xenerosa. Así que prégoles silencio, que imos ao seguinte debate.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Fegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda e para a súa defensa ten a palabra a señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías.



Pois hoxe traemos aquí a petición dun plan único. E realmente ¿que é o que estamos a pedir? Pois estamos a pedir orzamentos para todos os concellos e estamos a pedir criterios, criterios obxectivos, definidos e transparentes. Isto é o que vimos solicitar hoxe aquí.

Por certo, que xa está en marcha noutras administracións, como son as deputacións provinciais, onde se comezou pola Deputación da Coruña, baixo a presidencia dun presidente socialista; onde continuou sumándose a Deputación de Lugo, coa presidencia doutro presidente socialista —ademais, coñéceno ben aquí vostedes, que lle fan moitas alusións—, o señor Gómez Besteiro; continuou a Deputación de Pontevedra, baixo a presidencia dunha presidenta socialista; e continuou a de Ourense, que, ben, retardou e custáballe dar ese paso, pero ao final sumouse tamén, baixo a presidencia dun presidente do Partido Popular. Co cal, cando queren, realmente poden. Eu ánimoos a que queiran, porque ao final estamos a falar de investir nos concellos galegos.

E moitos destes cartos destínanos para competencias propias, porque cos cartos municipais teñen que atender as competencias impropias que a Xunta de Galicia lles vai metendo pola porta de atrás e ás que teñen que facerlles fronte, porque ao final trátase de dar servizos aos veciños e veciñas, e, ante a inoperancia e a ausencia da Xunta de Galicia, os concellos, preocupados polo benestar dos seus conveciños, pois dedícanlles moitos dos seus cartos, dos seus escasos recursos, que teñen para o SAF, para comedores, para garderías, para manter os colexios, e un senfin de competencias impropias que asumen os concellos pola falta de colaboración do PP, da Xunta de Galicia.

Pero ¿que nos vai dicir hoxe aquí o Partido Popular? Ben, primeiramente, non. Esta é a resposta que nos vai dar cando chegue o momento da votación, porque non é a única nin a última iniciativa que traeremos neste eido, porque, mentres os concellos e os alcaldes e alcaldesas de todos os concellos galegos sigan reivindicando estas cuestións, nós seguiremos a sumarnos a eles.

Pero tamén nos van dicir que xa invisten, que xa invisten 600 millóns no Fondo de Cooperación Local, que, mire, se non lle queren chamar Plan único para que non se vincule a gobernos socialistas, pois incrementen os cartos, que a nós nos dá igual como lle chamen e a etiqueta que lle poñan. Porque a realidade é que deses 600 millóns os que van con eses criterios obxectivos definidos e transparentes, que estamos pedindo e plantexando, pouco máis de 152 millóns de euros do último exercicio, que por certo, hai que dicir que deixan incluso moitos millóns de euros sen executar, chegando nalgunha ocasión a máis do trinta por cento sen executar.

Pero despois éncheselles a boca dicindo que colaboran moito cos concellos, e para iso pois exemplos, e agora que empezan cos consellos itinerantes da Xunta, o último, que foi celebrado no concello de Ferrol o pasado mes de marzo, pois iso si, ían debaixo do brazo e empezaron a falar de cifras en investimentos que ían facer, como o edificio de investigación para o campus, dotado de 15 millóns de euros, ou a rexeneración urbana en Ferrol, dotado con 12 millóns de euros. Só nestas dúas actuacións, case 30 millóns de euros para o concello de Ferrol, que é necesario, pero era necesario tamén hai oito anos, pero o Partido Popular naquel momento nin estaba nin se lle esperaba, porque, claro, naquel momento pois había



un goberno independente, no último mandato un goberno socialista e, polo tanto, os veciños e as veciñas de Ferrol non se merecían estes investimentos, nin a sala Gesell, nin a cesión de tres parcelas para aparcadoiros, para abrir Ferrol ao mar, nin desenvolvemento do CIS da Cabana para o centro de I+D+i nin para dotar o Centro de Saúde de San Xoán, hoxe moi manido este tema e nos últimos plenos, porque, evidentemente, a situación sanitaria é a que é, por moito que intenten negala, neste caso dotado con 5,4 millóns de euros. Pero o saneamento do rural, paralizado, porque, é máis, o Partido Popular, en outubro, xa Alfonso Rueda como presidente, comprometeuse a financiar o 70 por cento e licitar as obras no primeiro semestre de 2023, pero quedou sen cumprir. Supoño que agora si hai esa necesidade impetuosa de materializalo.

Ou o macroproxecto municipal para modernizar as instalacións deportivas, incluída unha nova piscina, que tras as propostas iniciais do ano 2022 non foi ata o ano 2024 cando o concello e a Xunta asinaron un convenio. ¡Ah!, curiosidade esta, que xa gobernaba un alcalde do Partido Popular.

No ano 2022 tamén se propuxo crear en Ferrol un clúster galego da industria de defensa, a pesar da incidencia económica e da creación de emprego que ten isto para Ferrol. Incluso o propio señor Rueda falaba de que, ben, a idea podía ser boa, pero desligábase totalmente das responsabilidades, como tamén hoxe comentou, que os temas en industria lle preocupan moi pouco, a nosa compañeira Patricia Iglesias.

E poderíamos seguir así falando e poñendo moitos exemplos, pero citamos outro. O pasado mes de novembro, nese primeiro consello itinerante da Xunta, pois foron celebralo a Noia, tamén con outra chea de iniciativas e propostas e recursos que ían poñer nese concello, como un novo centro de saúde ou que ían xa poñer a exposición pública o proxecto de CG-1.5, de Brión-Noia.

Pero incluso non nos estrañaría que en breve o viramos tamén no concello de Viveiro, facendo tamén estes consellos itinerantes polo territorio, e foran anunciar avances xa na VAC, despois de ter dezaseis anos a variante ao redor do concello de viveiro paralizada e torpedeando todas as propostas que se foron poñendo enriba da mesa a pesar das peticións.

Pero digo que agora non me estrañaría velos, porque, claro, todos estes concellos tamén teñen un denominador común, que é que goberna o Partido Popular. E iso é o que fai o Partido Popular, un uso perverso das institucións aló onde gobernan: un uso partidista, unha forma de traballar clientelar e unha compra de vontades, en que se traduce, en definitiva, esta forma de operar.

Polo tanto, o que pedimos, e reitero, chámennlle como queiran chamarlle, é que incrementen os cartos para os concellos, concellos aos que están afogando, concellos que non teñen financiamento nin para os as necesidades básicas dos seus veciños e veciñas. Polo tanto, esperamos contar co apoio ou queremos contar co apoio do Partido Popular nesta iniciativa, pero temo que non entra dentro da súa forma de traballar e de proceder...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ... que é a de pensar en todos e en todas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Esta cuestión dos plans únicos vivino con certa intensidade no caso concreto da Deputación de Ourense, que, como creo que recordou a portavoz do Partido Socialista, uniuse neste mandato a esta maneira de traballar, co novo presidente.

Parécenos axeitado que, en virtude duns criterios obxectivos, aínda que é moi difícil definir o que é obxectivo nestas cuestións, ao mellor habería que acordar entre todos o que se entende por criterios obxectivos; adóitase dicir que os que define a Fegamp, no que se supón que tamén xa houbo un acordo entre os representantes de moitos concellos, pero nunca está demais, en aras do mellor acordo, definir con claridade o máximo posible cales poden ser eses criterios; xa sabemos: poboación, dispersión, envellecemento etcétera, etcétera.

E por iso di aquí: elaborar as bases da convocatoria onde se teña en conta a singularidade dos concellos. Á parte das singularidades das que adoita falarse, eu engadiría unha máis, un aspecto singular concreto, que é o feito de que certos consellos leven sendo discriminados desde hai moito tempo; ou sexa, concellos cos que se podería dicir que a Xunta tería unha débeda histórica. Entón, atendendo a esa singularidade concreta, que Ourense pode compartir ao mellor con outros concellos, incorporar esa singularidade ás outras singularidades que xa se consideran á hora de definir eses criterios e esas convocatorias.

Xa digo: o Partido Popular non debe tampouco estar moi en contra desta maneira de traballar, toda vez que, como digo, na Deputación de Ourense pois ao inicio deste mandato —e podo dicilo porque eu tamén estaba presente naquelas reunións— configurou un plan único para os concellos da provincia de Ourense, que a oposición viña reclamando desde había moito tempo.

Entón, eliminar, se non en todo, porque xa digo que é moi difícil eliminar a discrecionalidade por completo, pero si eliminar a arbitrariedade moitas veces que xa vai máis alá da mera discrecionalidade á hora de adxudicación de recursos en determinados concellos.

Todos sabemos historicamente duns concellos de determinada cor política, aínda que só fora como fácil de ver por ser do estatístico, porque cando un analiza a cuestión obxectiva cos datos é difícil crer que esas diferenzas de asignación de recursos a determinados concellos se deron ao mero azar ou á mera casualidade. Hai, efectivamente, unha causalidade intrínseca no feito de que os concellos de determinada cor política veñan sempre recibindo pois máis recursos que os outros.

Entón, nun plan deste tipo, desde logo, a xestión política sempre ten que ter un certo grao de manobra para facer valer os criterios polos que o pobo votou a unha das opcións ou a ou-



tras, pero ao mesmo tempo niso tampouco se pode chegar ao límite, como digo, de arbitrariedade e de discrecionalidade na asignación de recursos. Hai uns recursos mínimos que todos os concellos deberían percibir ou deberían ser valorados por igual.

Aí está a cuestión do que se pretende, un plan único que non vaia tamén minguar o fondo xa existente, o Fondo Galego de Cooperación, e, como digo, o Partido Popular o único que ten que facer a nivel de Xunta é mirar un pouco no espello do que leva feito —xa non vou dicir as doutras deputacións, que o levan facendo desde hai máis tempo— pero polo menos co espírito e cos criterios que se fixo ou que se está facendo na Deputación de Ourense, por mera coherencia de partido.

Nós apoiaremos esta cuestión, e digo, repito: engadiría as singularidades convencionais que se tratan nesta clase de cousas, a singularidade da necesidade de reverter a débeda histórica con determinados concellos, resarcíndose un pouco do maltrato ou da discriminación que puideran ter no pasado, entre os cales entendo que o concello de Ourense e outros concellos tamén da provincia.

Nada máis, grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Bos días.

Grazas, presidenta.

O que realmente hai que facer co Fondo Galego de Cooperación Local é exactamente o mesmo que fixo o BNG hai anos nas deputacións respecto dos plans únicos dos concellos: fundir todo nun plan. Isto díxose na Comisión 1ª do 22 de maio de 2024.

A Xunta non quere imitar o que xa se fixo nas deputacións cos plans únicos, nos que todos os alcaldes e alcaldesas están satisfeitos, por dúas razóns: porque non quere recoñecer o éxito dos gobernos de coalición e, por outro lado, porque quere seguir utilizando a política de amiguismo, favoritismo, servilismo, que tan ben lle funciona sobre todo aos concellos rurais: repartir cartos entre os concellos con criterios partidistas e con convenios exentos de ningún tipo de control. Intervención na moción do BNG neste pleno o 5-11-2024.

Antes de rexistrar esta PNL que debatemos hoxe, pois este que vos está a falar xa incidira nesta proposta, tal e como consta recollido no *Diario de Sesións* neste Parlamento. Por tanto, non é nada novo para nós. En coherencia, imos apoiar o que xa noutra hora dixemos e propuxemos.

Este ano 2025 a Deputación da Coruña vai repartir a través do Plan único da Deputación máis de 125 millóns de euros entre os 93 concellos da provincia, namentres que a Xunta reparte 112, máis eses 5, para 313 concellos. Unha comparativa que, en vez de darlle vergoña ao Go-



berno galego, seguro que lle dá a risa, claro, porque é o único que saben facer: rirse dos concellos e dos seus alcaldes e das alcaldesas.

Este plan, como se configura hoxe, reformouse no ano 2017, cos votos de todos os deputados e deputadas da Deputación da Coruña, incluídos os do Partido Popular, a pesar do espectáculo aquel que fixera o Agustín Hernández, que por certo fora desacreditado incluso polos propios alcaldes do Partido Popular, daquela o que era exalcalde de Ribeira, o Manuel Ruiz, porque ían recibir o triplo de cartos dos que estaban recibindo, incluso cando era presidente o señor Diego Calvo.

En fin, que o cincuenta por cento do orzamento da Deputación da Coruña —ten 240 millóns— repártense a través do Plan único para os 93 concellos, un plan para financiar obras e servizos públicos, un plan que outorga aos concellos a capacidade de decidir en que investir os fondos que lles achega a Deputación en función das súas necesidades concretas. Non llo teñen que dicir, un plan que reparte con base en criterios obxectivos e transparentes.

Os criterios da repartición do plan único son públicos e automáticos, sen trampa nin cartón: 10 por cento, cota fixa; 5 por cento esforzo, fiscal; 15 por cento, número de parroquias; 35 por cento, a poboación, e só a poboación rural para os concellos de máis de cincuenta mil habitantes; e 35 por cento, superficie. Eses son os criterios do Plan único da Deputación da Coruña.

Imos analizar agora os números do PP na Xunta de Galiza. Segundo o conselleiro, o que di é que se destinan 641 millóns de euros —que non sei cantas veces o dixo aquí—; ese é o 4,59 por cento do total do orzamento da Xunta. E deses 641 millóns, que din vostedes que reparten, con criterios obxectivos só se reparten 118 millóns, os que son o Fondo base de Cooperación Local, 118 millóns, o que vén sendo o 18,40 por cento deses cartos que reparten só aos concellos. O resto, o 82 por cento de cartos que lles dan vostedes aos concellos, son criterios *marca PP*. ¿E que criterio é *marca PP*, ou cales son os criterios *marca PP*? Hai varios, jeh!, hai varios, como na viña do Señor.

Por exemplo, vovos falar do criterio cumprimento de obxectivos, que foi publicado por exemplo o 16 de febreiro do 2023 no diario *El Progreso*, de Lugo. O titular da orde é o seguinte: «*El alcalde del Páramo ficha por el PP*». É un paso única e exclusivamente en beneficio do concello. Que, por certo, ¡que curioso!, este titular púxeno en galego, e traducido dicía: «O alcalde do Páramo defende a súa integración no PP». Os proxectos que tiñan eran imposibles como independentes. Non sei, ata non hai un tradutor automático, debe ser Putin que anda hackeando tamén o diario *El Progreso*. (*Aplausos*.) Hai titulares para os que len en galego e titulares para os que len en castelán. Isto é verdade, jeh!, téñoos aquí. En fin.

E segue dicindo esa orde da Xunta: «*Según relató, fue el PP quien contactó con él para proponerle la integración en sus filas, ante lo cual planteó unas actuaciones fundamentales para el Páramo. Accedieron ás pretensións que eu tiña, o que vai permitir seguir facendo moitas, moitas máis cousas polo concello, que quedaron pactadas e faladas. Xunto á residencia de maiores, que é unha das prioridades, citou outras, como un centro de día, o polígono industrial, melloras en carreteras e un parque infantil*». Un criterio moi transparente, público e con obxectivos



definidos. ¡Olló, eh!, que é moi distinto que ter criterios obxectivos, é dicir, substantivo e adxectivo; son cousas diferentes.

Imos ver outro criterio de repartición de cartos dos que a Xunta destina aos concellos, algo por exemplo do fondo adicional. Orde, do 5 de marzo do 2025, pola que se establecen os criterios e os procedementos para a distribución do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local, 5 millóns de euros. Imos ao artigo 10, vemos os criterios de valoración. Ben, algúns son automáticos efectivamente, dependendo das infraestruturas etcétera, etcétera, pero imos ao punto 3 e di: «A necesidade específica das actuacións concretas que pretende abordar o proxecto puntuarase con base no contido da memoria presentada por cada entidade resultante, ata un máximo de 20 puntos». Equilicué. Este é o criterio da afinación, moi parecido a aquel tamén se utiliza na Sala Segunda do Tribunal Supremo, ou dese que era: *«Vamos a meter valores en el excel a ver qué nos queda, la primera prueba de las 800 que haremos hasta que nos cuadren los resultados»*; o estadio de Balaídos de Vigo. Son criterios que se utilizan para poder cadrar.

E imos ver incluso outro exemplo dos criterios do PP para repartir as axudas dos concellos. Estes xa son dos que non entran no fondo base. Con Fondos Feder, 60 por cento, e con fondos propios da Xunta, 20 por cento. ¡Olló!, e os concellos teñen que meter o 20 por cento. ¡Manda truco, eh! Os concellos teñen que meter tantos cartos como ten que meter a Xunta, con fondos europeos.

Imos ver agora a orde do 16 de xaneiro do 2024, na que se establecen as bases reguladoras que convocan subvencións de carácter plurianual en réxime de concorrência competitiva, pois ben, para obras de eficiencia enerxética en edificios, infraestruturas vinculadas a prestación de servizos municipais etcétera.

Os criterios que teñen aquí a verdade é que son, ben, moi técnicos; fan referencia aos criterios técnicos de emisión de gases, é dicir, os sistemas que utilizan: consumo, integración de fonte de enerxía; vamos, todos automáticos e moi técnicos.

Pero imos ver a resolución, que por certo se publicou o 20 de marzo do 2025, a resolución é do 4 de mazo deste ano, e vanse publicar esas axudas concedidas con base nesa orde.

Entón, ben, aparecen varios concellos, 51 en concreto, 51, de 313, jeh! Faltan moitos, que ou ben non pediron ou ben quedaron apeados na convocatoria. Vale, ata aí non hai problema. Pero jollo!, imos ver a publicación dos convenios da Xunta, por exemplo, da propia consellería, que é quen regula esta orde, e que foron publicados en decembro do 2024. E encontramos: convenio co Concello de Cabana de Bergantiños, do PP: execución do proxecto de mellora da eficiencia enerxética da escola infantil A Casa dos Títeres; pero se había unha orde. Si, si, na orde déronlle 87.000 euros e por convenio danlle 110.000, para un obxecto que está na orde. E tamén aparece nos convenios o Concello de Teo, *del PP*, para a execución da obra de mellora de eficiencia enerxética do edificio de Policía Local e Xulgado de Paz, 80.000 euros. Este non está na resolución da orde, non sei se cumpría, se non cumpría. Pero ben, tanto ten. Arreglámolo polo convenio.

E así tamén en anos anteriores, porque esta é unha subvención que se publica todos os anos. No ano 2022, con Coirós: execución do proxecto denominado «Mellora de firme, enerxética



e seguridade viaria na rede de luz pública». Ou no ano 2023, co Concello de Valga: execución do proxecto de substitución da cuberta para mellora da eficiencia enerxética da Casa da Cultura, 70.000 euros.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Xa remato, presidenta.

O que non se arregla pola orde arréglaste por vía dos concellos.

Estas son algunhas das formas que ten o Partido Popular de repartir os fondos da Xunta de Galicia entre os concellos, que se pode resumir no criterio chamado *método Baltar*, e que todos coñecedes: «Si no eres del PP —a ver, todos xuntos—, jódete, jódete». (Aplausos.) (Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Se vos queda un pouquiño de decencia, só un pouquiño, facede un plan único con eses 641 millóns de euros...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Insua..., Señor Insua...,

O señor INSUA LEMA: ...que dicides que destinades aos concellos con criterios transparentes, obxectivos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Insua...,

O señor INSUA LEMA: ...e acordados coa Fegamp.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Insua, señor Insua. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Señor Insua, iso último do cántico retirámolo, ¿ou?

O señor INSUA LEMA: Ao que lle tiña que pedir que o retirara era ao señor Baltar cando o ía cantando polas feiras adiante. (Aplausos.) Eu non o vou retirar. Son palabras textuais ditas polo señor Baltar, e é o criterio que seguen vostedes utilizando para repartir os cartos dos concellos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Insua, señor Insua...,

O señor INSUA LEMA: Non o vou retirar.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Insua, se non o retira vostede, retíroo eu.

O señor INSUA LEMA: Pero entón fágallo tamén retirar ao señor Baltar. (Risos.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, eu non teño agora mesmo capacidade para retirarllo ao señor Baltar.

O señor INSUA LEMA: Estou repetindo unha frase que...



A señora PRESIDENTA (Candia López): En primeiro lugar, creo que, cando lle estou falando, debería intentar non interromper a intervención e escoitarme. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso como exemplo de coherencia, para entendernos.

En segundo lugar, eu pídolle, amablemente, que o retire. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* E, señora Presas, estou falando co deputado que acaba de intervir. Se vostede quere comentar algo, aplicando o Regulamento e se ten dereito, falará, e, se non, creo que neste pleno, en que a xente está un pouco máis alterada do normal, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* cómprenos a nós, ¿non?, pois poñer orde.

Entón, eu vólvolle facer a pregunta. Se non o retira vostede, vouno retirar eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor INSUA LEMA: Eu dígolle que non son palabras miñas, reproducín as palabras dun señor que foi presidente da Deputación de Ourense.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Acaba de repetilo vostede aquí. ¿Retírao vostede? É a terceira vez que lle pregunto, e a última, obviamente.

O señor INSUA LEMA: Eu non o vou retirar.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, pois retíroo eu e ten unha chamada á orde. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, señor, si, señor, porque vólvollo repetir, ¿ou quere que lle lea o articulado do Regulamento? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos ver, imos ver. Eu creo que na pasada sesión plenaria xa se fixeron varias reflexións sobre determinados conceptos que creo que non son coherentes co decoro da Cámara *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e co que está recollido no Regulamento do Parlamento. Eu pregunteille tres veces, porque vostede creo que coincide, coma min, en que non está esa expresión á altura do decoro da Cámara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero un pouquiño de educación e respecto, ¡home!, ¡por favor! *(Murmurios.)* Que vostedes estean xustificando que un deputado cante *jódete* na Cámara, é que extra-limita todos os límites... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...da educación e do respecto.

Entón, está rematado. Eu ofrecínlle tres veces a ocasión, non quixo. Continuamos co debate.

(Aplausos.)

Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Marnotes.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señorías.

Comezo lamentando profundamente que un debate tan serio e necesario, como o financiamento local, se aborde nesta Cámara cun nivel de simplismo que non está á altura que merece o municipalismo galego. (*Aplausos.*) Porque falar do que custan uns servizos públicos nun concello non pode resumirse en repetir catro consignas aprendidas de memoria. (*Murmuros.*)

Si, si, a PNL que hoxe presentan non achega nada novo, non propón nada viable e sobre todo parte dun diagnóstico falso. E se unha proposta parte da mentira, por moi ben que veña en volta, nunca poderá servir para construír solucións.

A Xunta de Galicia leva anos facendo o maior esforzo da súa historia para apoiar os concellos. Pese á desatención por parte do Estado ás demandas da nosa comunidade en relación coa modificación do sistema de financiamento, o Fondo de Cooperación Local, tras as subas do 67,63 por cento respecto ao 2022 e do 24,08 por cento con respecto ao 2023, no ano 2025 acada os 168 millóns de euros, 10 millóns máis que no exercicio 2024. E isto supón o incremento desta dotación dun 6,3 por cento. Dentro duns anos, seguiremos dicindo aquí a vostedes como segue incrementando isto ano tras ano.

Confunde o Partido Socialista o papel que desempeñan as distintas administracións do Estado, onde a deputación é unha entidade determinada pola agrupación de concellos sen máis competencias propias que a coordinación, asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica cos municipios do seu territorio, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. E as comunidades autónomas son institucións de autogoberno cunha ampla listaxe de competencias garantidas polo bloque de constitucionalidade, Estatuto e Constitución.

Mais non é de estrañar a confusión do PSdeG ao respecto das competencias da comunidade autónoma e das deputacións cando resulta que en Galicia cogobernan cun BNG cuxa única misión é a destrución das deputacións, tal como ten promovido en toda campaña electoral ao longo dos seus anos.

O BNG plantexa suprimir provincias, que están blindadas na Constitución. «*El partido afirma que su propuesta se limita a eliminar las diputaciones*». Pero o PSdeG faille o caldo: «PSdeG e BNG pactan avanzar no baleirado das deputacións». E eu soamente lle digo unha cousa: desde os de OU, que cremos nas deputacións, estamos falando do «non» do BNG, de que vostedes, señorías, tamén do PSdeG (*Aplausos.*) gobernan as deputacións cos do «non, non, non e non» ás deputacións, aínda que neste caso —permítanme os do BNG— é un «non, non, non, pero espera mentres governe».

En relación coa cooperación municipal, e máis destacable dos orzamentos da Xunta do 2025, é que recoñecen unha constante demanda do municipalismo, que é o incremento do fondo



base do Fondo de Cooperación Local, que experimenta un aumento de 5,4 millóns de euros, que se reparten entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos, os que máis dependen das transferencias doutras administracións e os que menor capacidade de aforro teñen.

Non lles sentín a ningún dos portavoces que pasaron hoxe por aquí neste punto falar deles, dos máis pequenos, e de que hai que facer medidas especiais para eles. A Xunta si o está facendo.

Este incremento representa o 4,8 por cento respecto da cantidade consignada dende o ano 2011, como unha garantía de mínimos, nos 113 millóns de euros. Ademais do anterior, entre transferencias correntes e de capital, das demais liñas da Xunta, os concellos recibirán no 2025 uns 15,4 millóns de euros, un 3,60 por cento máis que no 2024.

Polo tanto, a cantidade total dos fondos que recibirán os concellos galegos para o ano 2025, entre transferencias, o total do Fondo de Cooperación Local e a súa liquidación, ascende —e dicímolo porque estamos orgullosos diso— á cifra histórica de 626 millóns de euros, (*Aplausos.*) un 4,20 por cento por riba do 2024.

O Fondo de Cooperación Local, cuxos criterios de distribución obxectiva se establecen mediante acordos cos concellos representados a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, é un instrumento financeiro máis cos que contan os concellos galegos, que debe ser complementado coa utilización de subvencións públicas, como medida de fomento, instrumento mediante o cal se promoven determinadas actuacións, neste caso dos concellos, de todos os concellos, beneficiosos para o interese xeral e para o conxunto da sociedade, na consecución dunha Galicia moderna e cohesionada, social e territorialmente, que permite diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o crecemento demográfico, e que actúa con base nos eixos delimitados polo Plan estratéxico de Galicia.

Comparemos a evolución temporal dos importes medios de transferencias correntes entre distintos niveis da Administración que máis aportan aos concellos galegos: o autónomo e o central. A aportación autonómica nos concellos galegos é un 40 por cento superior á estatal. Ademais, constátase como esta maior aportación está centrada naqueles municipios con menor poboación, ao representaren as transferencias autonómicas un 88 por cento máis que a estatal neste grupo de concellos. Se nos fixamos, esta porcentaxe pasa ao 95 por cento na provincia de Ourense e a un 91 por cento no caso da provincia de Lugo, por ter máis este tipo de concellos.

¡Canto mellor lles iría aos galegos e ás galegas, a todos e a todas os que viven nos 313 concellos e 9 entidades locais de Galicia, se vostedes, os do «non, non», e os do «non sei, vai ti saber», se apurasen a reclamar ao Goberno central que desbloquee o uso do remanente de tesourería dos concellos, para que poida ser utilizado, tal como lles veñen reclamar todos eles. (*Aplausos.*)

Centren aí os seus impulsos políticos, que a Xunta, mentres tanto, seguirá aportando as obrigacións propias, mais, por se acaso, tamén seguirá prevendo que o Goberno central non



cumpra, pois xa nos ten acostumados, e, nun xesto de responsabilidade ante os galegos e galegas, seguirase aportando o que nos corresponde en temas como o SAF, onde a Xunta aporta o 70 por cento, aínda que o Goberno central debe o 50 por cento; ou na dependencia, por exemplo, onde o Goberno do señor Sánchez xa debe máis de 2.500 millóns de euros, que son adiantados pola Xunta.

No ano 2023 creouse, entre a Xunta e a Fegamp, a Comisión técnica de delimitación competencial no ámbito da Administración local, realizouse un informe por encargo da Xunta, por medio da Universidade de Santiago, sobre a delimitación competencial no ámbito da Administración local de Galicia, que, por certo, foi completamente desprezado polo socialismo galego. Hai uns días, non obstante, a propia Fegamp encargou un novo informe, tamén á Universidade de Santiago, sobre a situación do financiamento local, e nós por suposto respectamos este encargo, como calquera traballo profesional que se faga; e débese de analizar en conxunto, sen desprezar por suposto o primeiro que se fixo sobre competencias.

Hai anos, oito xa, da reunión máis frutífera entre o presidente da Xunta e o presidente da Fegamp, entón tamén un socialista daquela, cunha sensibilidade total, porque era dun concello de menos de quince mil habitantes, non como agora. Por todas as partes pensábase sempre nos concellos de menor entidade, os concellos de menos de quince mil habitantes, e naquela reunión asinou o compromiso, que hoxe segue vivo, de que se presentaría unha lei galega unha vez modificada a lexislación estatal, e con ela nese acordo tamén se dicía que reclamabamos inmediatamente un novo financiamento local.

Pero están vostedes apañados en Moncloa como para pensar que contemos con solucións ás necesidades de todos e cada un dos galegos e galegas que viven nos nosos concellos.

Señorías, para rematar, vostedes piden un plan único. Xa temos un plan que é único en garantir cantidade anual, aínda que a economía estea en receso, como xa ten ocorrido. Xa temos un plan que é único, que crece economicamente cada ano desde o ano 2011. Xa temos un plan que é único en dar prioridade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: ...—vou acabando— aos concellos de menos quince mil habitantes. Xa temos un plan que é único, pois ten capacidade para afrontar o grande abandono do Goberno central para que os concellos non se resintan. Xa temos un plan que é único, pois garante que os recursos que se poñen á disposición se poden usar polos concellos para infinidade de necesidades, para o que consideren. Xa temos un plan que é único en ter recursos suficientes para chegar a calquera imprevisto urxente a calquera dos concellos de Galicia.

En definitiva, e para rematar, xa temos un plan que é único, dende o Grupo Popular, avalado pola cidadanía, que é apartarnos do negacionismo e do ruído e seguir mellorando a vida das galegas e galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Pois, como dicía o señor Baltar: «*Se non es do PP, jódete, jódete*». (Por orde da señora presidenta e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.) Afórrolle as tres preguntas, pode chamarme á orde, porque non o penso retirar. (Aplausos.) (Murmurios.)

Porque o problema que teñen vostedes, señorías do Partido Popular, non é que queiran retiralo do *Diario de Sesións*, é que queren cambiar a historia a través do *Diario de Sesións*, e ese é o seu problema. (Aplausos.) Queren quitar do *Diario de Sesións* que chamemos ditador o señor Franco; queren quitar do *Diario de Sesións* que repliquemos o que din os seus compañeiros de partido. E iso é o que pretenden facer pola porta de atrás, e, polo tanto, non o penso retirar, porque, como iniciiei dicindo, isto é o que dixo o señor Baltar, como dicía tamén o portavoz do BNG.

E seguindo con estas citas relixiosas, que levamos hoxe toda a mañá con elas, eu vou engadir outra: *que Dios nos pille confesados, que Dios nos pille confesados* con estas políticas e prácticas do Partido Popular.

Porque falaba dun incremento o señor Marnotes, que ademais dixo que viña facer un debate serio e profundo, con datos, do 6,3 por cento, o que significa un incremento de 10 millóns de euros. Eses 10 millóns de euros non lle cobren nin as dúas primeiras citas ou exemplos que puxen que ía facer a Xunta de Galicia no concello de Ferrol; o que dixo que ía facer, porque veremos despois o que faga, pero, ben, anuncios fixo moitos. E eses 10 millóns para os 313 concellos de Galicia non lle chegan nin para dúas actuacións que anunciou ultimamente no concello de Ferrol. (Aplausos.)

E despois nese debate serio e profundo, señor Marnotes, falou do uso dos remanentes. ¿Hai que recordarlle quen impuxo ese non uso dos remanentes, que era a Lei do señor Montoro, do Goberno de M. Rajoy? Que isto, como sei que lles molesta moito, polo tanto se quere tamén lle dou permiso para que o retire do *Diario de Sesións*. Pero a Lei Montoro, e o Goberno de M. Rajoy, foi o que asfixiou os concellos, e vostedes séguenos asfixiando, e vostedes séguenos asfixiando, si, e vostedes séguenos asfixiando dende a Xunta de Galicia, porque é o que están a facer, afogando os concellos, (Aplausos.) e ocultando a realidade modificando os *Diarios de Sesións*.

Pero miren, tamén para dicirlle ao señor Marnotes, para que non se me olvide: os concellos pequenos son os que máis se queixan, os que máis afogados están, porque os concellos grandes aínda poden ter recursos, a través de fondos europeos, a través do Goberno central, a través doutras convocatorias, a través de taxas municipais, pero os concellos pequenos son os que máis o sofren e os que máis se queixan. Escóiteos, os seus tamén, porque coa boca pequena si que llo din. Despois compuran vontades pola vía de atrás, a través de convenios, a través de convocatorias.

Permítame, señor Insua, que é que nin se poñen colorados xa, porque dicía vostede que ás veces axustan criterios como fixeron en Balaídos. É que no PP...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ... —o mesmo tempo que o señor Marnotes, vou agora (*Risos.*) (*Murmurios.*)—

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...non se poñen xa nin colorados, porque xa non intentan axustar criterios, (*Murmurios.*) porque non teñen xa nin vergoña.

Polo tanto, o que lles pedimos é que non afoguen os concellos, porque a quen están afogando non son 313 alcaldes ou alcaldesas, están afogando 2.715.424 galegos e galegas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, por suposto, co mesmo trato, retiro tamén esa expresión do *Diario de Sesións*, tendo tamén unha chamada á orde.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D^a Iria Carreira Pazos, sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego dirixidas a incrementar a taxa de emancipación da mocidade

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten a palabra o señor Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moi boa tarde. Moitas grazas.

Eu teño que comezar esta intervención denunciando a tristeza na que se está convertendo este Parlamento; (*Murmurios.*) unha tremenda tristeza, con outra chamada á orde outra vez a un deputado agora tamén do Partido Socialista, a señora Méndez, e outra chamada á orde a un deputado do BNG, por facer uso da liberdade de expresión. Este non é o seu patio particular, este é o Parlamento de Galiza.

E si, señores, por se non saben ler, Baltar, *con el trombón: si no eres del PP, ¡jódete, jódete!*; (*O señor Suárez Fernández mostra un documento.*) (*Aplausos.*) unha cita do señor Baltar. Non se pode citar o señor Baltar. ¡Como terán que estar as cousas no Partido Popular!, ¡home, por favor! (*Aplausos.*) Eu entendo que estean nerviosos, claro que están nerviosos, entre o PP de Carnota, claro, están nerviosos. E agora non se pode citar o señor Baltar, ¡home, por favor!

Outra chamada á orde, que supoño que agora me tocará a min por suposto, autoritaria, partidista e totalmente inaceptable. Este é o Parlamento de Galiza, e a nós medio millón de ga-



legos tamén nos votaron para que representemos os seus intereses aquí. Este non é o patio particular do Partido Popular, ¡claro que non, claro que non! (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Espero que o chame á orde tamén, ¿non? Non se pode esbozrrecar aquí mentres están intervindo os demais. (*Aplausos.*)

¡Que triste, que triste! ¡Que triste que teñamos que chegar a este punto de falta de democracia, de falta de talante, de utilizar este Parlamento coma se fora un patio de colexio! Este é o nivel do Partido Popular. En fin, nótaselles que están moi nerviosos. Pero cálmense, cálmense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A Real Academia Galega define como *oportuno* o que fai algo no momento e nas circunstancias adecuadas, e define como *oportunismo*, por outra parte, a actitude de quen se acomoda ás circunstancias ou ás exixencias do momento para tirar partido delas sen ter en conta os propios principios.

Onte a Xunta de Galiza, despois do Consello da Xunta, anunciaba este plan, o novo Plan estratéxico de xuventude de 2025-2027, que estará dotado con máis de 700 millóns de euros, segundo di o Partido Popular. A quen non cremos nas coincidencias isto parécenos máis ben *oportunista* que *oportuno*, porque para iso está o BNG, como a aguillada que consegue que o Partido Popular faga as cousas, porque xusto no pleno no que o Bloque Nacionalista Galego trae esta iniciativa para aumentar a emancipación da mocidade, xusto o día anterior, o Partido Popular fai o anuncio con este plan estratéxico. (*Murmurios.*) Estean tranquilos, que están moi nerviosos ultimamente, están moi nerviosos. ¡Que falta de respecto por este Parlamento, por favor! Calma, calma. Hai tila na cafetería, poden tomar unha tila, un trankimazin tranquilamente, e pódennos escoitar aos demais, que tamén representamos o pobo galego, (*Murmurios.*) tamén representamos o pobo galego. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): A ver, imos ver. Eu creo que é súper importante que nos tranquilicemos todos, pero o da medicación xa foi analizado noutra sesión plenaria, e, sobre todo, por respecto ás persoas que teñen que tomar ese tipo de medicación, iso aí si que estará de acordo comigo, ¿non?

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Si, si, con todo o respecto ás persoas... Eu vou citar... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Ben, pois moitas grazas.

Continúe, entón, se fai o favor, continúe.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: En lugar do señor Baltar, eu vou citar o señor Santalices, que dicía: «Non se pode vir ao Parlamento con mandíbula de cristal». (*Aplausos.*) Os debates poden ser duros, pero escoiten, que lles queda moito por escoitar nesta lexislatura, moití-



simo, ¡moitísimo! A aguillada do BNG aquí seguirá, ¡claro que si!, e teranas que escoitar de todas as cores. Nós témolas que escoitar de todas as cores e de todas as formas. E aquí non se pode dicir nada. ¡Home, por favor! (*Murmurios.*) Un pouco de pel máis grosa, un pouco de pel máis grosa, que lles cómpre ben, e tanta mandíbula de cristal. En fin.

Levoules o seu tempo sacar este Plan de emancipación da mocidade, ten que estar o BNG detrás para que fagan algo. A Xunta a min recórdanme a este típico estudante de colexio ou de instituto que non fai os deberes e que lle teñen que estar encima constantemente: «- Mira que tes que facer os deberes, que se che vai vir o prazo encima, ¡eh! -Non, non, aínda hai tempo, aínda se pode facer máis tarde. -Non, mira, é que se che vén o prazo encima, mira que hai que facer os deberes». Levan vostedes dezaseis anos gobernando e acordoulles agora que hai que facer un Plan de emancipación para a mocidade galega.

Entre as medidas que anuncian están novas residencias xuvenís públicas. Alegrámonos, por suposto que nos alegamos, claro que si. Di textualmente o plan: «A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten prevista a construción de residencias xuvenís públicas naquelas cidades nas que actualmente non se conta con elas: A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Santiago de Compostela». Tiveron que pasar dezaseis anos para que se enteraran de que en Santiago de Compostela, en Pontevedra, na Coruña ou en Ferrol non había residencias públicas para os estudantes, e fano agora, dezaseis anos despois. ¡Moi ben, xenial!, só lles levou dezaseis anos anuncialo. Que de anuncialo a facelo aínda hai unha miga.

¿Que leva facendo o estudantado universitario galego este tempo? Pois buscarse a vida, estando a situación da vivenda como está. Claro, excepto que sexas filla ou fillo de militar, porque, se es filla ou fillo de militar, entón podes entrar facilmente na residencia Teniente General Barroso, aquí moi cerca do Parlamento, a só uns pasiños do Parlamento galego, con pensión completa e a un prezo espectacular, que xa quixeran as residencias públicas deste país.

Por certo, Teniente General Barroso, en honra a Antonio Barroso y Sánchez Guerra, un militar golpista, fascista e membro do Exército de Franco. Ao mellor a Xunta podía comezar por aí: pedir ao Ministerio de Defensa español a transferencia desta residencia e facela pública. Por suposto que non se van atrever, claro que non.

En fin, e anuncian agora a construción de residencias, do cal nós por suposto nos alegamos, pero estaremos moi encima de que se fagan, claro que si.

En fin, despois de moita mobilización e de moitas peticións, ignoradas, do estudantado galego, agora anuncian algo, que nós moito nos tememos que non deixará de ser fume, escaparate, como todo o que anuncia a Xunta de Galiza. Mobilización do estudantado galego como a que haberá mañá nas rúas e nas aulas, baixo a convocatoria, entre outros, da organización estudantil Erguer Estudiantes da Galiza, onde dirán, ben alto e claro, que coa vivenda non se xoga.

Os datos sobre emancipación da mocidade son moi preocupantes. Segundo os últimos datos do Observatorio de Emancipación, só o 15,3 por cento das galegas e galegos de entre 16 e 29 anos é quen de se emancipar e desenvolver o seu proxecto de vida de maneira autónoma.



En canto a emprego xuvenil, fracaso tras fracaso estrepitoso nas políticas do Partido Popular. Un dos indicadores máis claros da saúde socioeconómica dun país e o seu futuro é a evolución do emprego e o desemprego xuvenil, un indicador que tamén serve para medir a solvencia e a capacidade política dun goberno.

Se collemos como marco temporal o que se corresponde coas lexislaturas conservadoras, con gobernos do Partido Popular desde abril do 2009 a agora, e tamén temos en conta cal é a idade mínima para traballar, os datos oficiais dinnos que en Galiza a poboación entre 16 e 29 anos diminuíu en 66.000 mozos e mozas, é dicir, un 13,6 por cento menos.

Pola súa parte, a poboación activa entre 16 e 25 anos, loxicamente, tamén caeu, 27.500 persoas menos, un 30 por cento menos. E nos últimos anos a mocidade que emigra sitúase nunha media anual de entre os 8.000 e os 9.500 mozos e mozas, segundo datos do Instituto Galego de Estatística.

No relativo á mobilidade da xente nova, as medidas do PP comezan e acaban na denominada tarxeta Xente Nova, unha tarxeta para transporte interurbano que só chega aos 21 anos de idade, porque, como se sabe, claro, despois dos 21 anos de idade a xente deixa de querer moverse polo país, como se non fose precisamente a partir dos 21 anos cando máis habería que incentivar o transporte público para as persoas.

O elevado desemprego xuvenil, como dicía anteriormente, non responde só á falta de empregos dignos e ben remunerados para os mozos e mozas, senón tamén á ausencia de políticas públicas que orienten axeitadamente esta mocidade, tanto na formación como no emprego.

Señorías do Partido Popular, fagan o favor e escoiten máis a formación política que máis vota a mocidade galega, por moito que lles doa; escoiten o Bloque Nacionalista Galego, que seguro, seguro que aprenden algo e seguro que poden sacar medidas moi positivas para este país. Claro que lles doe e claro que lles proe, pero a mocidade neste país, porque é un feito, vota Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Longueira Castro.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, señoría.



Ben, eu non me resisto a citar a Baltar, entre outras cousas porque me parece un filón, pero a min gústame moito a de «*Ya todo el mundo sabe que soy un cacique*». Eu supoño que por iso non me chama á orde, díxoo o señor Baltar e está recollida dentro das súas dez mellores frases, e xa todo o mundo sabe que o é, evidentemente.

Así que, como vai seguir dándonos noites e tardes de gloria, vóltolle recomendar desde esta tribuna que vexan a páxina «Non saímos do lixo», entre distinguir frases dos Soprano e frases de Baltar. É todo un xogo que os pode instruír moitísimo e tamén dá moito que ver de como se xestiona Galicia nalgúns concellos e nalgunhas deputacións.

Pero, indo ao que nos trae agora aquí, que é o tema da xuventude, mesmo parecería que estamos en contraposición desa película, e Galicia si que é un país para vellos, aínda que o que acabamos de ver coa Lei de dependencia pois igual non o é. Pero é que a verdade é que aqueles *millennials* que foron expulsados entre o ano 2011 e 2012 con aquela maleta que regalaba Feijóo cando chegaron aquelas épocas de austericidio marcharon; marcharon milleiros de rapaces, seguramente a emigración máis culta, máis cara pola súa formación, do século XXI. Nada que ver coa dos outros séculos e a dos outros períodos, pero si expulsamos á emigración a xeración máis formada —insisto— e máis cara.

Porque tanto foi cara para o ensino público como para as familias. Porque a onde non chegaba o ensino público chegabamos os pais mandando os fillos ao estranxeiro aprender idiomas, e aquilo foi o resultado, que aquela xeración marchou pola porta e escasamente volveron algúns, por non dicir case ningún, e hoxe Galicia é o que é: un páramo levado pola emerxencia demográfica e levado tamén por unha xuventude que sabe que se pode formar aquí pero que moi probablemente acabe nunha alta porcentaxe marchando de Galicia, porque nin o futuro foi tan prometedor nin o presente no que estamos presenta solucións neste sentido.

E eu alégrome moito de que onte nos chegara esa información de que hai un plan para a xuventude, o cal nos pon... Imos ver como vai esta cousa, imos ver de que vai, imos ver ata onde chega. É verdade que hai eivas, como que non hai tarxetas para moverse a partir dos 21 anos, non hai residencias de estudantes axeitadas ¿para que?, agora pódese acabar toda a cuestión da bonificación do transporte. Imos ver como responden todas estas familias que tiñan as subvencións do transporte, que puideran viaxar a Santiago ou a outras universidades ou non desprazarse da contorna familiar, non pagar vivenda por exemplo. E isto vai ser un problema a partir de agora, a partir do mes de setembro, seguramente.

É dicir, que hai novos retos, que o Goberno de España dalgunha maneira estivo sostendo para que puideramos dar un pulo con todas as crises económicas que pasaron, pero que agora van terminar. Entón, eu creo que a partir de aí teñen que ser os gobernos autonómicos os que vexan como solventar este tipo de cuestións.

Porque a realidade é que os xoves están empobrecidos, aínda aqueles que teñen traballo. Había un informe —e xa o dixemos aquí nalgunha ocasión— do Banco de España que lanzaba a súa enquisa sobre a situación financeira das familias xoves en España, onde apenas un 30 por cento dos menores de 35 anos eran propietarios dunha vivenda; son datos do 2022.



E falamos de ser propietarios dunha vivenda, porque o feito de posuír unha vivenda e poder pagala é un dato de riqueza, e por iso se facía esa valoración. Xeracións nadas a partir de 1980 teñen un progresivo atraso na idade de emancipación.

Ese mesmo informe do Banco de España sinalaba que o 66 por cento dos xoves de entre 18 e 34 anos residían no fogar familiar en 2022, trece puntos porcentuais máis que no ano 2008, que foi o período onde se mide ese empobrecemento da xuventude.

Entón, esa redución fálanos de que son cinco puntos máis pobres que no ano 2008, e os que entón, naquel momento, tiñan un patrimonio de 100.000 euros en 2020 ese patrimonio estaba cifrado en 20.000. E esta perspectiva entra dentro desa franxa de xuventude que foi capaz de chegar a xerar certo índice de riqueza. Porque a realidade é que en España soamente o 16,3 por cento dos xoves están emancipados, algo a todas luces que é lóxico se vemos como van os prezos da vivenda e se vemos como eses parques de vivenda prometidos non saen á palestra, non están enriba da mesa.

Propúxoselle ao Partido Popular esa bolsa de alugueiro de vivenda, que fose como unha situación de emerxencia, porque hai que chegar á xuventude, que remata nun momento determinado, e entón un ten que ter iniciado esa vida, iniciado ese camiño de emancipación se quere ser un adulto e se quere chegar a formalizar unha vida adulta.

Falaba aquí de que o salario dos menores de 29 anos é un 35 por cento inferior á media do conxunto da poboación e non logra equipararse ao resto ata os 34 anos. Os nados en 1955 acadábano sete anos antes, aos 27, pero, ademais, o 53,2 por cento dos nados no 1995 —perdón—, e o 53 por cento dos nados despois do 1994 teñen dificultades para chegar a fin de mes, 5,4 puntos porcentuais por encima da media da poboación.

E este baile de cifras, efectivamente, fálanos dese empobrecemento, das dificultades económicas e do descenso de poder adquisitivo en termos xerais dos xoves, que tiveron en Galicia un espellismo coa xestión dos bonos Alugueiro, aqueles que aínda lembramos aquí hai pouco, que en apenas unhas semanas quedaron restrinxidos e quedaron copados, e que non foron capaces desde a Xunta de Galicia de facer unha xestión —digamos— con certo rigor do que foi aquel Bono Alugueiro, polo que accedían a unhas axudas de 250 euros mensuais. E aí quedou, e da Xunta nunca máis se soubo deste tipo de cuestións.

Entón, claro, atrapar o presente dos xoves galegos é unha máxima que ten que estar enriba da mesa. As políticas evidentemente non son soamente as políticas de vivenda, senón que son as políticas de emprego e son as políticas de axuda en todos os termos. Son esas políticas, porque suponse que esa emancipación dos xoves trae consigo a formación dunha familia, na maioría dos casos, familias que tardarán en formarse, porque, entre outras cousas, a conciliación é tamén unha eiva pendente deste Goberno.

Entón, nin se pode atrapar este presente nin hai un acordo entre as institucións para que poidan chegar a estas medidas, que son urxentes, transversais e complementarias. De nada serve que teñamos unhas medidas que en vivenda teñan unha proposición positiva para as axudas da vivenda, se non somos capaces por outro lado de equilibrar a balanza neses em-



pregos precarizados ou noutro tipo de axudas, como dicíamos agora, sobre a conciliación. E todo iso ten que ir harmonizado e ten que ir de acordo aos tempos.

Non é tanto unha cuestión complicada, senón complexa; é unha cuestión basicamente de interacción de diferentes consellerías e de diferentes orzamentos, onde non hai simplemente un camiño teledirixido, como ás veces se pretende facer nestas axudas para xoves, senón —volto repetir— un camiño complexo con interacción de diferentes consellerías.

Por suposto que daremos o noso apoio a esta moción e eu espero que isto, que non ten outra cuestión máis que dar para adiante...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—agora mesmo—, por un lado, aqueles que se foron e aínda podemos repescar —poucos deles podemos repescar— e que volten a Galicia; por outro, preservar que aqueles que están a punto de irse non se vaian, que poidan quedan no territorio; e para outros, que con maior ou menor fortuna a vida se lles atascou nalgún momento, poidamos darlles axuda para a emancipación e para un salario digno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu creo que, cando subimos a esta tribuna, como mínimo, respecto e educación. (*Aplausos.*) O señor Suárez coa súa intervención, primeiro, faltoulles o respecto aos galegos que por desgraza teñen que tomar algún tipo de medicación por problemas de saúde. O segundo, púxose a cuestionar a Presidencia do Parlamento. E terceiro, colleu e, ben, xa na súa liña de sempre, demostrou pois o que é o BNG, o partido do «non», que lle di «non» absolutamente a todo, (*Aplausos.*) sen ningún tipo de matiz, nin alternativas, nin ningún tipo de responsabilidade. Vimos aquí dicir o que nos parece.

A min hoxe, señorías, agrádame subir a esta tribuna e poder falar de mocidade, pero, como sempre, lamento que o BNG veña aquí pois falar de mocidade sen traer ningún tipo de medida, vir aquí contar o que lle parece e, sobre todo, traer ese «non» que xa os caracteriza. Porque si, porque o BNG é o partido que lle di «non» ao que xa se está facendo, (*Aplausos.*) «non» ao que funciona (*A señora Grueira Fernández mostra un cartel.*) ou «non» ao que axuda ou beneficia a mocidade e lle facilita ese proceso de emancipación. Isto é o BNG.

E sinto ser pesada co «non», porque o repetirei durante toda a miña intervención, pero a ver se así se dan conta do que senten os galegos cada vez que escoitan o BNG co mesmo de sempre.



Desde o Grupo Popular somos conscientes de que a xuventude galega pois se enfrenta a dificultades á hora de emanciparse, e que un dos principais obstáculos pois é o problema da vivenda. É un reto real, que nos ocupa a toda a sociedade e que require pois de vontade política, traballo, planificación e accións reais que se materialicen en medidas e axudas positivas para a mocidade.

Tampouco é ningunha sorpresa que veñan vostedes aquí afirmar que a Xunta non está a abordar o problema dunha maneira adecuada, da maneira que lles parece a vostedes que ten que ser. Pero sinto dicirlle, señor Suárez, que se equivoca. Equivócase, porque a Xunta está a traballar con compromisos, esforzo e responsabilidade para facilitar a emancipación da mocidade galega.

Son moitos os apoios que están en marcha. Se falamos de vivenda, como ben se falou nas anteriores intervencións, son moitas as medidas: o Bono Emancípate, as bonificacións fiscais, axudas económicas directas de ata 20.000 euros para adquirir unha vivenda, a reserva do 40 por cento para as persoas menores de 36 anos que decidan acceder a unha vivenda de alugueiro (desas novas que se van facer) ou o 25 por cento para aqueles que prefiran comprar, avais que cobren o 20 por cento, o Bono Alugueiro Mocidade ou outras novidades, como a futura posta en marcha dos aloxamentos compartidos, que se vai facer o primeiro en Santiago e en Vigo; ou incluso falamos aquí de residencias, pois a Xunta de Galicia ten o compromiso de aumentar as residencias estudantís ata máis de 500 prazas.

Con respecto ao retorno, sempre se di que marchan máis galegos dos que veñen, pero equivócanse. Equivócanse, e así o demostran os datos. Mire, a última enquisa de migracións e cambios de residencia publicada polo INE, de 2023, di que o saldo migratorio en Galicia foi positivo e tamén demostra que por terceiro ano consecutivo volvemos acadar unha cifra histórica, xa que 8.459 galegos volveron á súa terra.

E todo isto non sae da nada, (*Aplausos.*) sae do traballo e da seriedade coa que o Partido Popular toma o futuro da mocidade galega. E estas medidas son coñecidas polos galegos e tamén son coñecidas por vostede, señor Suárez, xa que llas citei no pleno anterior e no anterior.

E mire, pasaron só quince días dun pleno ao outro. ¿E sabe que? O BNG volveu aquí co seu mantra a facer alboroto, o PSOE volveu aquí coa súa postura de sempre e o Partido Popular veu aquí cunha nova. Onte mesmo o Consello da Xunta deu luz verde ao Plan estratéxico xuventude para 2025-2027; un novo plan exclusivamente feito para a mocidade galega, con 133 medidas e cun orzamento que supera os 700 millóns de euros, para mellorar a súa calidade de vida e impulsar o seu benestar e favorecer a súa emancipación.

E eu agora preguntolle, señor Suárez: ¿como cre vostede que se deben afrontar os problemas? ¿Cre que con solucións reais ou cre que se resolven dicíndolle «non» a todo ou collendo unha pancarta, colgala e marchando para a casa? ¿Como cre que se afrontan os problemas? (*Aplausos.*) A resposta é clara e o Goberno de Rueda tamén o ten claro. Así o está demostrando día a día, traballando.



Non pense vostede que o Partido Popular necesita unha moción do BNG para tomar medidas, porque, como ve, quen chega tarde non é o Partido Popular, é o Bloque Nacionalista Galego.

E, xa que estamos a falar aquí tamén de como están e como se deben facer as cousas, imos recordar que fai o BNG cando ten responsabilidades políticas en defensa da mocidade.

Primeiro, co Bipartito. ¿Onde está o Plan de xuventude do Bipartito?, ¿onde está o plan? Non está. Así que do Bipartito non podemos nin falar. De feito, os galegos deixárono ben claro, que o fixeron tan mal que á primeira de cambio colleron e dixéronlles «Nunca máis».

O segundo, co Goberno de Sánchez, onde vostedes son socios, dos socios máis baratos que ten, por certo. Porque, miren, nin unha soa cousa para Galicia, soamente agravios e máis agravios.

E voulle poñer un exemplo. Vostedes firmaron dous acordos de investidura —que aquí teño (*A señora Grueira Fernández mostra un documento.*)— co Partido Socialista. E lin os dous acordos. ¿Sabe cantas medidas a favor da mocidade ían neses acordos? Ningunha, absolutamente ningunha. (*Aplausos.*) Así é como defenden vostedes a mocidade.

Así que eu o que lle pido é que deixe de dicir que é un feito que o Bloque Nacionalista Galego é o partido da mocidade. Porque ¿sabe que si que é un feito? Que a mocidade lle dixo ben claro hai un ano ao Bloque Nacionalista Galego que non. ¿E sabe a quen lle deu a confianza maioritaria? Ao Partido Popular. (*Aplausos.*)

Así que, en vez de ser o Bloque o partido da mocidade, en tal caso podémolo denominar Bloque Negacionista Galego, porque sempre están co mesmo: dinlles «non» aos investimentos, «non» á mocidade, «non» á industria e ao emprego de calidade, en xeral dinlle «non» a toda outra cousa que non faga o BNG.

Vostedes sigan co «non», que mentres tanto estará o Partido Popular para dicirlle «si» a Galicia, «si» á mocidade, «si» ao futuro, «si» ao emprego e «si» á riqueza. Porque o Partido Popular estará aquí para traballar, (*Aplausos.*) para axudar a xente nova a emanciparse. Mentres tanto, vostedes sigan na mesma liña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra o señor Suárez.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Veu aquí a señora Grueira falarnos de respecto. Por suposto, todo o respecto do mundo. E este Parlamento ten que ser exemplarizante nese ámbito. Respecten vostedes por tanto o



medio millón de galegas e galegos que elixiron BNG o 18 de febreiro, porque non o fan en ningún momento, non o fan en ningún momento; respéctenos. (*Aplausos.*)

Eu non sei se coa pancarta se resolven problemas ou non, non o sei; probablemente si. Desde logo como non se resolven problemas é cos carteliños estes que vostedes traen hoxe. Podían ter aforrado papel, porque menudo ridículo están facendo aquí neste Parlamento co dos papeleiros do «non».

Somos os do «non» á corrupción do Partido Popular, somos os do «non» a Altri, claro que si; somos os do «si» a Galiza, os do «si» á mocidade e os do «si» ás medidas para a xuventude deste país. (*Aplausos.*)

En fin, nós xa pedimos polo artigo 9 ese plan anunciado onte pola Xunta de Galiza, ao cal temos dereito. Supoño que non nolo achegarán, como non nos achegan a grandísima maioría dos artigos 9 aos cales temos dereito. Pero, en fin, veremos cales son as medidas concretas e específicas que se fan nese plan, porque, de momento, o único que nos ofrece o Partido Popular é escaparate, fume e atrezzo.

Se tan boas e tan maravillosas eran todas esas medidas, señora Grueira, ¿por que, de momento, só o 15,3 por cento de mozos e mozas deste país se pode emancipar? Datos do Observatorio Galego de Emancipación e non do BNG. Se as medidas son tan maravillosas, tan excelentes, non entendo como a xente non está bañándose en ouro aquí neste país e a mocidade se pode emancipar en altas taxas. Porque, de momento, só o 15 por cento dos menores de trinta anos se poden emancipar. Pódense emancipar moitos deles en Madrid, claro que si. Porque dende o 2009 que vostedes gobernan na Xunta de Galicia máis de medio millón de mozas e mozos emigraron. ¡Menudo fracaso tremendo das políticas do Partido Popular!, medio millón. Datos oficiais do IGE, datos oficiais do Instituto Galego de Estatística. ¿A ver se agora o Instituto Galego de Estatística tamén son os do «non»? Datos do Instituto Galego de Estatística. Máis de medio millón de galegas e galegos menores de trinta anos que emigraron non só ao estranxeiro, senón tamén a outras partes do Estado español.

Nós non pararemos de reclamarlles na cuestión da vivenda que hai que aumentar o patrimonio público de vivenda, hai que garantir a accesibilidade á vivenda protexida, hai que limitar o control das vivendas de uso turístico, hai que mobilizar o parque de vivenda baleira, hai que impulsar as cooperativas de vivenda en cesión de uso.

A mocidade galega está farta de escoitar fume, está farta de escoitar *atrezzo* e está farta do escaparate, porque levan vostedes dezaseis anos gobernando e os datos son os que son. E aquí os datos pódense disfrazar de moitas maneiras, pero son os que son. Só o quince por cento das galegas e galegos menores de trinta anos se poden emancipar na Galiza hoxe en día gobernada polo Partido Popular.

E, mentres, o que aquí nos ofrecen é máis *atrezzo*, máis escaparate, máis fume e máis propaganda. Menos mal, menos mal que este Parlamento e que este país ten unha formación política responsable, con cada vez máis apoio da sociedade galega; e que si, por moito que lles doa, o partido e a formación política da mocidade, o Bloque Nacionalista Galego.



Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sendo esta a última proposición non de lei que estaba na orde do día, suspendemos a sesión, e será reiniciada ás dezaseis horas.

Bo proveito a todos.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e oito minutos e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión con proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxecto de que se comprometa co impulso do corredor atlántico ferroviario

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

O Goberno central creo que xa todos temos bastante claro que maltrata sistematicamente a nosa terra, Galicia. Dá igual do que falemos, a relación de Galicia con Sánchez é unha relación marcada polos incumprimentos, polas deslealdades e polo trato desigual. Dá a sensación de que ese [narcisista patolóxico] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo deputado que a pronunciou, Trenor López, por solicitude do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento do Parlamento.*) non perdoo que os galegos non o voten. (*Murmurios.*) Pero parece que Galicia, aínda a pesar da oposición, que parece que está un pouco nerviosa, vai seguir votando en liberdade, vai seguir votando o que máis lles interesa aos galegos e, por moita afronta e desleixo do Goberno de Sánchez, Galicia non vai mudar. (*Aplausos.*) ¿Que quere dicir isto? Que Galicia non se vai vender por uns garabanciños. Galicia temos valores, sabemos o que nos interesa e, por moita presión que pense o Goberno central que poida facer á nosa terra, non vai ter bo resultado. E iso para vostedes, señorías, para os señores da oposición, non é unha boa nova.

Dicía que dá igual do que falemos, o maltrato é patente. Maltrato no financiamento. Maltrato tamén cos recursos que tiña que transferir pola dependencia. Maltrato tamén na repartición dos PERTE, como vemos que aquí cada proxecto, por pequeno que sexa, ten que competir cos do resto do Estado, mentres que noutras comunidades anúnciase a repartición dos PERTE da industria sen ter nin sequera presentado os proxectos e sen ter feito as declaracións de impacto ambiental. Vímoloo tamén co tema do lobo, que tivo que ser a propia Unión Europea a que emendase o Goberno central. Ou, como vimos tamén, como estamos a ver en todos os



plenos, co tema da AP-9. Ou tamén co da mal chamada condonación da débeda. O maltrato, en todos os casos, é evidente.

Pero hai un ámbito no que Partido Socialista maltrata e incumpre todos os compromisos adquiridos con Galicia, e refírome a todo o que ten que ver co ferrocarril. É raro o día en que non é noticia algunha das consecuencias deste abandono: incidencias, atrasos, servizos deficientes, incumprimentos... e así con cada cousa que poidamos asociar ao ferrocarril. E son moitas, ademais, as demandas que están sobre a mesa: desde que o AVE chegue a todas as cidades galegas e que tamén nos conecte con Portugal, a que os servizos existentes cumpran os mínimos estándares de puntualidade, dispoñan de prazas suficientes, a que se recuperen os trens convencionais suprimidos durante a pandemia, que se fagan tamén as obras de mellora aínda pendentes. E que se nomee o interlocutor con Renfe que o Goberno se comprometeu a designar. Poñía na iniciativa seis meses, pero é que xa leva oito meses desde que o Goberno manifestou ese compromiso e estamos esperando a que asigne, a que poña un nome, que nin sequera implica que haxa nin recursos, nin orzamentos nin ningún tipo de esforzo por parte do Goberno, máis alá de nomear un interlocutor para facilitar as cousas. E, por suposto, que poidamos ver xa o plan director do corredor atlántico.

Pero é que, señorías, o do corredor atlántico é de xulgado de garda. Estivemos anos pelexando para que se escoitase Galicia. Despois estivemos anos reclamando un plan director e un comisionado; o mesmo que tiña o corredor mediterráneo, nada doutro mundo. Nós pedíamos que se nos tratase da mesma forma. Pero para nós parece que todo custa o dobre. E con ese «nós» non me refiro a este grupo parlamentario, nin ao Partido Popular, nin á Xunta de Galicia; refírome aos galegos. Cando o Goberno galego, o asturiano e o leonés convocaron en Santiago máis de mil representantes da empresa, da universidade e dos colexios profesionais, o Goberno de Sánchez decidiu anunciar o nomeamento do comisionado mentres se estaba producindo esa gran cita —intentando, non sei, rebentar; non sei que tipo de política de comunicación pensaban que tiñan—, sorprendendo, por suposto, todas aquelas persoas que estaban naquela reunión, que consideran que era unha gran deslealdade.

Pero é que, ademais, todo o que coñecemos é moi pouco alentador para os intereses de Galicia no que respecta ao corredor atlántico. A finais do pasado mes de xuño soubemos que Galicia volveu quedar fóra, por segundo ano consecutivo, dos fondos europeos para o corredor atlántico. Tamén descoñecemos as propostas relativas ao corredor atlántico que o Goberno presentou no mecanismo «Conectar Europa». E son preocupantes tamén as novas que fomos coñecendo sobre o abandono absoluto de Galicia no que respecta á planificación das diferentes actuacións.

Señorías, o Goberno de España non pode obviar por máis tempo as actuacións necesarias para a modernización do ferrocarril recollidas no traballo realizado entre tres comunidades —entre Galicia, Asturias e Castela e León— que cifran en 8.000 millóns de euros o custo das actuacións imprescindibles para que o corredor atlántico sexa unha realidade. E aquí quero destacar que é asombroso que atopemos máis apoio noutros gobernos de diferente cor que o de Galicia, que non son do Partido Popular, para defender os intereses de Galicia. Máis apoio neses gobernos do que atopamos no Bloque Nacionalista e no Partido Socialista de Galicia. Da mesma forma que non deixa de ser asombroso que o Goberno portugués sexa



o principal aliado de Galicia para lograr alongar o corredor atlántico ferroviario á Coruña-Vigo, ata poder conectarnos pola fronteira lusa.

E miren, señorías, esta é unha iniciativa onde seguramente todos imos votar a favor. Seguramente que vai saír adiante por unanimidade. Pero, francamente, sei que despois imos ser os deputados do Partido Popular e os gobernos do Partido Popular os que quedemos defendendo sós as decisións que aprobamos neste Parlamento. *(Aplausos.)* Señorías, para iso, dígolles unha cousa: sexan valentes e voten «non». Vostedes xa son os do «non»; non é algo difícil, non lles custa, para vostedes é algo intuitivo, sáelles facilmente. Quero dicir, o resultado vai ser o mesmo, porque a iniciativa vai saír adiante. Pero así, polo menos, seremos honrados e sinceros cos galegos.

Neste debate xa sabemos o que van dicir vostedes: o Bloque Nacionalista Galego, unha equidistancia absoluta. O Goberno de Sánchez leva sete anos gobernando, pero aquí vai vir o Bloque Nacionalista dicir que «as responsabilidades bla bla, bla, bla, bla, bla, que veñen de hai tres décadas, que non sei que, que non sei canto...» O que vai facer o Partido Socialista tamén o sabemos: esquecerse completamente dos sete anos que leva gobernando Pedro Sánchez; falará de Rajoy, falará de Aznar, falará de non sei cantos ministros de hai dúas décadas. É que xa temos clarísimo que vai ser así. E despois votarán a favor, iso si. Porannos a parir, dirán que a culpa do corredor atlántico é do Partido Popular.

Pero, miren, aquí xa houbo varias iniciativas que se aprobaron por unanimidade. Hai uns meses aprobouse por unanimidade o compromiso co tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal. E todas as novas que coñecemos desde entón foron, por parte do Goberno central, en contra dese acordo deste Parlamento. Completamente en contra; coa alianza e co apoio do Partido Socialista de Galicia.

Hai un ano e medio apróbanse unhas iniciativas, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Popular, onde basicamente o que lle pediamos ao Goberno é que aprobase un plan director do corredor atlántico. Por suposto, incorporando todas as reclamacións do que é o corredor noroeste, que é o que nos afecta máis a nós. Pediamos tamén outras cousas, como convocar os axentes de transporte de mercadorías para incorporalos para facer o deseño de toda esa rede e outras cousas. Hai un ano e medio tivemos que traer unha iniciativa a este Parlamento para que se nomease un comisionado do corredor atlántico, que se fixo precisamente para contrarrestar, para compensar esa reunión que se fixo en Santiago. Hai tamén exactamente dous anos, o 11 de abril de 2023, aprobouse por unanimidade convocar de maneira urxente unha xuntanza co comisionado do corredor atlántico, incorporar no plan director as obras por un importe de 8.000 millóns, solicitar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...a inclusión na rede europea ferroviaria de mercadorías e que se garantisen as condicións de igualdade, de investimento, de oportunidades e de avances entre o corredor atlántico de mercadorías e o corredor mediterráneo. ¿Que houbo de todo isto? Absolutamente nada de nada. Nada de nada. E todo isto foi apoiado polo Partido Socialista



Galego, e ao Bloque Nacionalista pois parece que este maltrato a Galicia e ao Parlamento de Galicia lle dá absolutamente igual.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, presentamos esta iniciativa para ver se o corredor atlántico por fin pode ser unha realidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Trenor, espere que lle vou pedir unha cousa; voulle pedir para retirar a expresión [narcisista patolóxico].

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, por suposto. Tiven un exceso pola emoción...

O señor PRESIDENTE: Non, coloquialmente sei, pero o narcisismo é un trastorno psicolóxico e non está ben que na Cámara fagamos uso del.

O señor TRENOR LÓPEZ: Non tiña nin idea, pensei que era máis un rasgo que definía unha personalidade.

O señor PRESIDENTE: É un amor a si mesmo desmesurado, pero iso non o imos... Pero é un trastorno psicolóxico e, polo tanto, ímolo retirar.

O señor TRENOR LÓPEZ: Retíroo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Señor Trenor, o que nos maltrata a nós é vostede. Escoitando determinadas cousas, vostede si que nos maltrata a nós. *(Aplausos.)* Non lle vou falar nin de Aznar nin de Rajoy, porque hoxe non toca falar da AP-9. Mañá si, falamos da AG-55 e da AG-57.

Pois toca corredor atlántico. Esta proposta, señor Trenor, tamén poderían tela dividido en dous, como fixeron no pleno pasado coa AP-9. Así tiña máis tempo vostede de falar do Goberno central —unha—, de Pedro Sánchez —outra—, de Óscar Puente etcétera, etcétera.

Mire, señor Trenor, o pasado 29 de xaneiro —que, a propósito, era o meu cumpreanos— celebrouse unha reunión en Bergondo do secretario do Estado do Transporte e Mobilidade



Sostible, José Antonio Santano. Motivo da convocatoria: constituír o grupo de traballo para axilizar os investimentos do corredor atlántico en Galicia. Tamén asistiu o comisionado do corredor atlántico e asistiron representantes institucionais e empresarios. Entre os representantes institucionais —señor Trenor, faga un pouquiño da atención—, estaba Diego Calvo. (*O señor López Font amosa unha fotografía.*) Salvo que esta foto estea trucada, asistiu a esta reunión. Nesa reunión deuse conta do plan director do corredor atlántico para Galicia, deuse conta da constitución do grupo do traballo, deuse conta da composición e celebración de reunións periódicas etcétera, etcétera. E tamén se deu conta das actuacións realizadas, das que están en execución e do conxunto de actuacións no horizonte do 2020-2030.

O Grupo Parlamentario do PP —hoxe descubro que foi vostede—, para demostrar que o único que lle importa é confrontar co Goberno do Estado —e logo fala vostede de lealdade institucional—, apresurouse a presentar o día seguinte, 30 de xaneiro, ás cinco da tarde a proposición non de lei que estamos a debater. Vinte e catro horas despois xa tiñan cinco deberes para o Goberno central. ¡Que dilixencia! ¡Que rapidez! É unha mágoa que nunha desas preguntas acarameladas que utilizan vostedes en todos os plenos ao Goberno galego non lle preguntasen á conselleira de Infraestruturas polo agasallo de 300 millóns ás construtoras, polo rescate de catro autovías polas que os galegos non pagamos nada. Vostedes apresúranse para saldar débedas coas construtoras e néganse a aceptar a condonación da débeda que temos todos os galegos e as galegas. Porque a débeda é de todos, e vostedes están a negar que cada galego rebaixe a súa débeda.

Como parece ser que o conselleiro Diego Calvo non informou este grupo parlamentario do acontecido nesa reunión, pois témolo que facer desde o Grupo Socialista, señor Trenor. Unha información que, se non tivese vostede a intencionalidade de sempre, podería extraer da propia páxina web do corredor. Pero claro, o importante son oito minutos, un pouco máis, aquí para facer a intervención que fixo.

Miren, nos cinco puntos que plantexan, en primeiro lugar, piden un plan director. Foi o que se presentou nesa reunión. Non estivo o conselleiro moi atento, porque na foto aparece o documento. O plan director consta de seis apartados, de todas as infraestruturas. Pero, basicamente, sobre o que parece preocuparllas a vostedes, informouse de que o plan director contempla investir 4.561 millóns ata 2030 no seu desenvolvemento. Dese investimento, señor Trenor, 3.355 millóns corresponden á rede básica de infraestruturas ferroviarias, e o Goberno adianta 1.502 millóns que estaban previstos no horizonte do 2050.

En segundo lugar, piden a relación de obras e as súas datas de realización. Tamén se atopa no documento. Ten que buscar o documento, señor Trenor. Porto exterior da Coruña, varias conexións ferroviarias, aeroportos, portos etcétera. Piden datas de finalización da actuacións. Se fosen vostedes tan dilixentes de contarnos cando finalizarán as vías de alta capacidade e de altas prestacións pois, a verdade, sería marabilloso.

En terceiro lugar, piden aclaracións na composición e funcionamento do grupo de traballo. Aquí si recoñecen implicitamente que se constituíu. O conselleiro Diego Calvo non debeu estar moi atento tampouco a este apartado e necesita que veña vostede aquí pedir aclaracións.



En cuarto lugar, piden con carácter urxente que se designe o interlocutor con Renfe. ¡Cantas urxencias para reclamar aos demais e canta lentitude cando lle toca ao Goberno galego render contas! Pois está moi ben, nós de acordo, xa llo digo; e canto antes mellor. Así, se hai un interlocutor, decatáranse vostedes de como evolucionan as cifras tan positivas da rede ferroviaria en Galicia, do incremento de usuarios, de frecuencias etcétera. Porque aquí ás veces cóntannos unhas trolas impresionantes.

E, para remate, outro mantra do PP *made in* PP de Galicia: a saída sur de Vigo. Aquela pola que non fixo nada M. Rajoy. Perdón, non ía falar de M. Rajoy, pero, claro, durante sete anos non fixo nada. Si fixo algo: tiña prevista a entrada de ferrocarril na cidade de Vigo por medio da cidade. Menos mal que gobernou Zapatero e atendeu a petición do alcalde de Vigo e hoxe é unha realidade a entrada en túnel. Por onde ía pasar o tren destrozando a cidade hoxe gózase dunha axenda verde de 5,3 quilómetros que permite camiñar desde Vigo ata Redondela. Aconsello que vaia vostede e o vexa.

Volvamos á saída sur de Vigo e a súa demanda. É bo lembrar aquí o ridículo político que fixo o presidente Rueda, cunha convocatoria dun acto cívico do 4 de decembro do ano pasado para reivindicar esa saída sur. E non se lle ocorre mellor cousa que convocar o alcalde do Porto, como se fose o presidente da República ou o primeiro ministro, que puidese comprometerse en nome de Portugal. Desde o absoluto respecto persoal, non representa absolutamente a ninguén. Ese acto foi un fracaso, porque tiña Rueda como obxectivo trasladar que Portugal ía ir máis rápido e chegaría no 2030. E claro, Pedro Sánchez non chegaría. E agora resulta que quen vai atrasado é Portugal, recoñecido polo seu goberno; é o Goberno de España o que garante que España estará en Tui —informouse nesa reunión da que falei— cando Portugal chegue co AVE a Valençá.

Polo tanto, o que debería facer, señor Trenor —xa queda contento de que debatemos, e satisfeito, despregado o vitimismo, os ataques e demais—, é buscar, xa que tanto lle preocupa, este plan director do que vostede fala. (*O señor López Font amosa un documento.*) Cincuenta e tantas páxinas, señor Trenor. Se nas actuacións do Goberno galego tivéssemos documentos como este, desde logo —ría, ría— outro galo cantaría. Polo tanto, os deberes do Goberno central están feitos, tamén está feito o seu cometido de vir aquí falar do Goberno de Pedro Sánchez, o vitimismo. E agora, como lle quedan tres minutos, todo seu, señor Trenor.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Efectivamente, volvemos a unha iniciativa onde o Partido Popular pretende vitimizarse. O mesmo que vén facendo desde sempre, só que agora hai que darlle ao Goberno de Pedro



Sánchez. Mire, señor Trenor, nin equidistancia nin repartición de culpas. Porque, claro, cando hai unha repartición de culpas é porque se quedara en facer algo e non se fixo, pero é que realmente ningún goberno de España tivo a intencionalidade de que nós tivéssemos unhas infraestruturas minimamente modernizadas e minimamente útiles para o noso país. Porque non é unha cuestión de maltrato, señor Trenor. «O Goberno central maltrata Galiza». Chámelle polo seu nome: chámelle «dependencia colonial», que é o que é; nin máis nin menos.

Eu quero recoller unhas palabras do seu anteriormente eurodeputado, o señor Luis de Grandes, do Partido Popular Europeo, que non sei se sabe vostede cal era o proxecto que vostedes aprobaron en Europa para o corredor atlántico no ano 2013. (*O señor Ríos Santomé mostra un mapa do oeste de Europa onde se representa un trazado ferroviario.*) Señor Trenor, un segundo da súa atención, só un segundo. Mire, isto de aquí, este ermo de aquí. (*O señor Ríos Santomé sinala Galicia no mapa.*) Isto é Galiza, e isto é do que vostedes votaron a favor no ano 2013, neste primeiro proxecto de corredor atlántico. Ademais, votaron a favor, aplaudindo coas orellas, cando se discriminaba totalmente a Galiza, cando non aparecía absolutamente para nada Galiza neste ano 2013 no corredor atlántico. E dicía o señor de Grandes, extraído do *Diario de Sesións do Parlamento Europeo*: «España ha conseguido integrar muchas de sus propuestas, que tenían como principal objetivo el interés común y, sobre todo, el valor añadido europeo. La configuración de los corredores mediterráneo y atlántico, con sus alas respectivas, cubre las necesidades básicas de nuestro proyecto nacional». Claro, o problema é que para su «proyecto nacional», o do seu partido, do Partido Popular, Galiza nin existe, nin Galiza necesita nin vai ter ningún tipo de infraestruturas. Ese, en palabras do seu eurodeputado, Luis de Grandes, é o seu proxecto nacional. E así nos vai, señor Trenor.

Efectivamente, esta iniciativa é un pouco extemporánea no que piden. Loxicamente, dende o BNG —os do «si» ás infraestruturas, os do «si» a vertebrar este país e xerar valor engadido— entendemos que onte, por exemplo, saíu o informe do Eixo Atlántico sobre o corredor atlántico: os diferentes investimentos, a situación na que se atopaban etcétera, etcétera. Non sei se lle deu tempo a vostede a velo. A publicación foi de onte. Si que é certo que é un documento extenso, dunhas cento cincuenta páxinas. Aí detállanse certas actuacións, algunhas delas incluso con importes e con datas, supoño que non todas certas, de execución e de remate das obras: 2025, algunhas 2026 e 2027. Pero, claro, a vostede iso non lle importa, porque a vostedes eses datos non lles importan. E non estamos facendo unha defensa do traballo do Goberno central neste aspecto, porque é totalmente insuficiente e van con moitísimo atraso estas iniciativas. Agora, non se pode pretender vir aquí de mesías —e xa llo teño dito señor, señor Font— a cubrir un déficit, unha débeda histórica con este país en décadas e décadas. Non se poden agora cubrir dicindo que somos os salvadores de non sei que por facer uns investimentos que tiñan que ter estado aquí xa hai décadas; non anos nin meses, senón décadas.

E a verdade é que, ante o Partido Popular do «non» —do «non» a Galiza, do «non» ás infraestruturas cando gobernan e si cando gobernan outros, pero realmente non lles importa absolutamente nada—, o BNG. No ano 2013 vostedes votaron ese mapa do corredor atlántico onde estaba desaparecida Galiza, cando o Partido Popular e a súa xefa de filas, a señora Ayuso, priorizan absolutamente Madrid con Lisboa, deixándonos totalmente illados a nivel



de infraestruturas de Portugal, sendo Galicia-Norte de Portugal unha das eurorrexións con máis capacidade, coas potencialidade a nivel de dinamismo económico. ¡É que ten tela, señor Trenor!

Vostede veu aquí hoxe e non deu nin un só dato. ¿Cal considera que é a actuación prioritaria que ten que ver co corredor atlántico? ¿Cal é? ¿En que prazos? É que, claro, vimos aquí falar simplemente para utilizar unha infraestrutura — neste caso servizos ferroviarios, aínda que tamén infraestrutura viaria que vén acompañada e demais —, utilizando este país como unha arma arreboladiza contra o Goberno de Pedro Sánchez, cando vostedes cando estiveron no Goberno fixeron exactamente o mesmo. É que este tipo de iniciativas, este tipo de debates, a verdade é que xa cansan.

Pero si que é certo que eu, a verdade, copieilles e quedei un pouco apenado de non ter eu un destes, porque a min gústanme moito. (*O señor Ríos Santomé amosa unha fotocopia co logotipo do BNG e a palabra «non».*) Desculpen que non estea en cor, pero fíxeno antes e non me deu tempo a imprimilo. Porque o BNG si que é o BNG do «non»: o «non» a utilizar este país como moeda de cambio para atacar outro goberno; o «non» ao xenocidio en Gaza; o «non» ao incremento do gasto militar e do belicismo; o «non» a unha industria extrativista de enclave e colonial, como é Altri, señor Trenor; o «non» a non renderse, tampouco, por moito que vostedes intenten que este país non avance, que este país quede no século XIX ou no século XX en cuestión de infraestruturas. (*Aplausos.*) Este é o BNG do «non»; do «non» á caricatura na que converteron este Parlamento e o seu propio goberno, señor Trenor. Porque é curioso que o Partido Popular e a Xunta de Galiza falen máis do BNG que das súas propostas e das súas políticas. Convertéronse vostedes na sorte dunha mala caricatura de Goberno —e xa non digamos de partido, señor Trenor— cando o único que fan é falar do BNG. Por nós encantados e encantadas de que sigan falando de nós, non hai ningún tipo de problema, pero iso denota a situación na que están vostedes e na que estamos nós, na que está o BNG, na que estivo sempre: na defensa a ultranza dos dereitos e das necesidades dos galegos e das galegas, goberne quen goberne en Madrid. Díxenllelo moitísimas veces: equidistancia, ningunha. O Goberno de Sánchez ten que cumprir con este país, ten que aumentar os investimentos, teñen que axilizarse todas estas obras; igual que llelo pediríamos a vostedes.

Estamos falando dunha infraestrutura totalmente necesaria, vital, fundamental para a Galiza dos próximos anos, do futuro. E vostedes seguen sendo o Partido Popular do «non» a Galiza, do «non» ao noso futuro, do «non» a uns investimentos que poidan ser só unicamente para beneficio dos galegos e que non teñan por detrás outros intereses das súas empresas amigas, como vimos.

Eu quero rematar dándolles ánimos e unha aperta grande aos ideólogos e ás ideólogas destas campañas que vostedes traen contra o BNG, porque entendo que para compatibilizar eses traballos cun curso tan difícil como é primeiro da ESO, pois necesitan moita forza. (*Murmurios.*)

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo autor da proposición non de lei, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bueno, moi previsibles. Parece que ao final si que era o que se esperaba.

Pero mire, señor Font, explícolle. (*O señor Trenor López amosa un documento.*) Isto é un *PowerPoint*, este é o resultado dun programa informático que serve para facer presentacións. Isto non é un plan director, é un *PowerPoint*. Isto é o que se repartiu e é o único que coñecemos —non me cabecee, porque é así— do corredor atlántico. (*Aplausos.*) Entón, claro, non me negue a realidade.

Eu veño falar do maltrato do Goberno central a Galicia. Vostede di que aquí o único que o maltrata a vostede son eu. Créanme que xamais lle diría iso a un deputado, e menos a vostede. Porque nin en soños eu conto con maltratalos a vostedes, créanme. (*Risos.*) Pero bueno. Mire, despois terá que explicarme que é iso de «viticimarse», porque non sei que é «viticimarse». (*Risos.*) Créanme que aínda non sei que é esa palabra, pero xa me dirá vostede.

Mire, o único que eu quero é que Galicia teña un transporte ferroviario á altura do que manda a cidadanía. E lamento tremendamente a falta de avances do Goberno central en relación coas infraestruturas tan estratéxicas como é o AVE Vigo-Porto ou como é o corredor atlántico, que é o que traio nesta iniciativa. Tampouco, señorías, hai avances na chegada da alta velocidade a Ferrol ou Lugo; na conexión do porto vigués de Bouzas; na modernización do tren celta; na variante de Cerdedo, nin na variante de Betanzos ou exterior de Ourense. De todo iso non sabemos absolutamente nada. Levamos meses agardando, oito meses, polo interlocutor con Renfe, comprometido polo Goberno central para abordar a situación destas obras ou as incidencias nos servizos ferroviarios. Señor Font, non é unha urxencia, é que levamos oito meses para que vostedes designen unha persoa. ¡Oito meses! É que se fose urxente sería á semana, aos quince días, ao mes. ¡Oito meses esperando!

Cos tren Avril vostedes incumpriron todo o que se podía incumprir: as frecuencias comprometidas, tampouco se recuperaron as frecuencias dos servizos de media distancia previos á pandemia. Pero iso parece que é a tónica do Goberno central respecto a Galicia.

Mire, vostedes seguirán dicindo aquí unha cousa, xustificando o inxustificable, dándolle coartada ao Goberno central e, sobre todo, traizoando Galicia e os galegos. E vostedes, os do Bloque, os do «non», pois como seguirá sendo o seu papel: moi valentes aquí, pero en Madrid caladiños, non vaia ser que se vaia molestar alguén. Só utilizan o seu voto en Madrid para ameazar o Goberno central, o Goberno de Sánchez, para que non subvencione unha empresa con fondos de recuperación. É para o único que vostedes puxeron o seu voto. Podían utilizalo vostedes para reclamar a AP-9, podían vostedes utilizalo para mellorar o financiamento de Galicia, para que nos dea o que nos corresponde pola dependencia... Pero non, vostedes só se puxeron farrucos co Goberno de Sánchez para que non veñan fondos de recuperación a Galicia.

Señorías, a iniciativa que presentamos xa debía estar cumprido todo o que traemos nela. Ten todo unha lóxica. Pedimos presentar de inmediato un plan director do corredor at-



lántico. É absurdo que ata o momento só coñezamos un *PowerPoint*. É que aínda que sexan os investimentos que vostede di, señor Font, que son 4.000 millóns —a metade do que estamos a reclamar o Goberno de Galicia, de Asturias e de Castela e León—, 4.000 millóns non se despachan nun *PowerPoint*, señor Font. Ou sexa, as actuacións que se van a facer, cando se van iniciar, canto van durar, cando van finalizar... todo iso precisamos coñecelo. E é absurdo que teñamos que vir a esta Cámara pedirlle eses datos. Catro mil millóns é o que quere o Partido Socialista; oito mil o que pedimos o resto. Pero é que, aínda que sexa a metade do que vostedes piden, home, por un pouco de seriedade, debería poñer vostede esas datas.

Señoría, fagan o que lles apeteza co seu voto. Esta iniciativa sairá adiante grazas ao Partido Popular de Galicia. E, o que é máis importante, defenderemos o que acorde este Parlamento máis alá de hoxe e seguiremos defendendo Galicia, aínda que esteamos sós.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e quince deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento do Parlamento, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Cumprir co principio de solidariedade e responsabilidade compartida entre as diferentes comunidades autónomas, previsto na reforma do art.35 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*
- 2. Cumprir con urxencia o acordo do día 05/05/2022, acadado na Conferencia Sectorial Extraordinaria conxunta de Igualdade, Infancia e Adolescencia, acadado por unanimidade no Plan de acción e loita contra a explotación sexual infantil nos centros de acollida, que incluía o compromiso de que en 2025 non haxa nenos menores de 6 anos nestes centros e que en 2030 non haxa menores de 10 anos.*
- 3. Incrementar as medidas de apoio ás familias acolledoras e fomentar a cultura do acollemento no noso país.»)*



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Logo dun pacto con Junts per Catalunya, o Goberno central aprobou o pasado 18 de marzo en Consello de Ministros un decreto lei que reforma o artigo 35 da Lei de estranxeiría, que permite derivar de forma obrigatoria menores migrantes non acompañados a outras comunidades autónomas e establece uns moi cuestionables criterios de repartición. Uns criterios que, segundo comunicou ese mesmo día Junts per Cataluña, implicaría, por exemplo, que Madrid ou Andalucía teñan que acoller ao redor de 800 menores non acompañados; seguiríalle Valencia con máis de 400 e a cuarta agraciada sería Galicia, con 326. Cataluña tería 26. Atendan ao dato: Galicia, 326; Cataluña, 26. Unhas cifras que mostran claramente que esta repartición, con tintes racistas e xenófobos, se basea en criterios políticos espurios, en lugar de principios obxectivos de solidariedade e proporcionalidade. Xorden serias dúbidas sobre a súa compatibilidade cos valores e normativas da Unión Europea en materia de asilo e protección infantil.

En calquera caso, este trato desigual evidencia o uso partidista que o Goberno fai da inmigración, priorizando acordos políticos e o seu benestar persoal en política antes que a xustiza e o benestar dos menores inmigrantes. Isto é o que o Goberno de Sánchez entende por equidade: 326 menores non acompañados chegarán a Galicia e 26 a Cataluña. *(Aplausos.)*

E fíxense que o ministro de Política Territorial e Memoria Democrática, Ángel Víctor Torres, dicía que se aplicarían criterios obxectivos e homoxéneos. E a verdade é que nós en ningún lugar, en ningún momento, pretendemos non atender a estes menores e moito menos non cumprir a lei. Porque os galegos somos solidarios e así o vimos demostrando nos últimos anos, en xeral, e en particular coa acollida e a integración de menores. Así o demostra o feito de que cumprimos o cen por cento dos acordos para os traslados dos menores migrantes non acompañados, incluído o último do ano 2024. O que fai que, segundo informou a Xunta de Galicia ao propio Goberno o pasado día 30, neste momento temos acollidos en Galicia 276 menores migrantes non acompañados, e a nosa rede sofre xa unha sobreocupación do 108 por cento.

Ademais, Galicia, a diferenza da maioría das comunidades, non crea centros específicos para estes nenos migrantes, senón que ten unha rede única, sen diferenciar a procedencia dos menores, o que favorece a súa plena integración, evitando guetos ou clans. Estes menores están distribuídos en oitenta pequenos centros por toda Galicia, con capacidade para 868 nenas e nenos, e nos que na actualidade hai xa máis de novecentos.

E os galegos, insisto, cumprimos as leis; claro que cumprimos as leis. Pero cremos que calquera menor ten dereito a ser acollido nunhas condicións dignas e coas máximas garantías. Estamos en contra de acoller menores para os que non haxa cabida e sen garantir os seus dereitos. É intolerable que a modificación do artigo 35 da Lei de estranxeiría sexa froito da chantaxe e a imposición dun prófugo da xustiza, ante o que Sánchez claudica unha e outra vez para permanecer máis tempo na Moncloa. Un partido considerado xenófobo hai nada polo propio Sánchez e un partido que mesmo considera estranxeiros os galegos que están en Cataluña.



É intolerable que unha vez máis o Goberno imponha decisións que afectan as comunidades sen ningún tipo de diálogo coas mesmas. É intolerable que a obriga de acollida de menores migrantes sexa sen planificación, non vaia acompañada do financiamento necesario. E é absolutamente necesario o financiamento, porque non estamos falando de repartición de mercadoría que se traslada dunhas comunidades a outras. Estamos falando de menores, de nenos e de nenas tremendamente vulnerables, e temos que proporcionarlles a mellor calidade de vida. Convén recordar que cada vez que un menor entre a formar parte do sistema de protección da Xunta recibe atención integral, na que se contempla a súa formación, os seus cuidados en todos os aspectos e todos os servizos que un neno e un adolescente necesita durante 24 horas todos os días do ano, ata que son maiores de idade. En moitos casos, incluso cando acadan esa maioría de idade, seguen estando acompañados pola Xunta. Que sumemos nestes momentos 326 menores suporía para Galicia un custo anual de 30 millóns de euros. E o Goberno ten previsto para toda España, para todas as comunidades, cen millóns de euros. E, ademais, isto só o pagan o primeiro ano, e todos os anos seguintes téñenos que pagar as comunidades autónomas.

Pero, con ser moi importante a falta de financiamento, non é para a Xunta de Galicia o máis grave. O máis preocupante é que Galicia non dispón de capacidade para acoller 326 menores máis, 300 máis que Cataluña, e atendelos axeitadamente; tanto se fosen inmigrantes como se non. En definitiva, o Goberno non pode limitarse de ningunha maneira a distribuír os menores non acompañados como se fosen meros números por tan só sete votos. Porque iso é o que fai: mercadear cos máis débiles, cos máis vulnerables, a cambio dun puñado de votos. *(Aplausos.)*

Miren, o propio Tribunal Supremo determinou que o Goberno central se ten que facer cargo de máis de mil menores que chegaron ás Canarias e que solicitaron asilo. Porque é así. Porque a política migratoria é unha competencia estatal —que agora cedeu a Cataluña, iso si, pero para o resto segue sendo unha competencia estatal— e non pode trasladar os problemas ás comunidades autónomas.

Por iso traemos esta iniciativa, na que instamos a Xunta para que se dirixa ao Goberno do Estado para que, en diálogo co conxunto das comunidades autónomas, acorde unha repartición de emigrantes menores non acompañados dun xeito planificado e acompañado do financiamento preciso. Hai que abordar este tema como o que é, un problema de Estado, e que o Goberno de España dote dos fondos precisos e coordine coas autonomías unha resposta planificada e transparente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.



Señora Arias, vostedes ás veces penso que son como os asnos: ven en plano só, non miran ao redor. Porque, eu, se non, non me explico que vostede fale dun prófugo da xustiza, dun partido xenófobo e hai uns meses do señor Feijóo quería firmar unha moción de censura para votar a Sánchez do Goberno con eles. É que van así, *(A señora Castro Rey fai un xesto de sinalar cara a diante.)* co discurso marcado e non miran cara aos lados. De verdade que é increíble. É para analizar, de verdade.

Neste tema creo que hai que ser claros. Estamos a falar de nenos e nenas menores e esta proposición, para ser clara, representa a postura racista, xenófoba e insolidaria máis repugnante que tivo o Partido Popular ao longo da súa historia. *(Aplausos.)* Para ser claros tamén, porque hai que dicir a realidade, o PP acadou este posicionamento no que están agora vostedes arrastrado pola ultradereita, nesa loita encarnizada na que está metido o señor Feijóo para que o señor Abascal non lle roube os votos e a señora Ayuso non lle roube o asento, sen darse conta de que deste xeito o que está a perder son os votos, pero os que tiña máis cara ao centro. En mans dos fascistas sempre van ser *la derechita cobarde*, por moito que intenten arrimarse á dereita. E estes son os dous piares fundamentais que sustentan esta nova postura do Partido Popular. Aínda hai outro pilar, que llelo direi despois.

Facer oposición ruín cos fondos europeos, coas competencias transferidas, cos datos económicos, de repartición de fondos... é criticable, pero é política. Pero utilizar os nenos e nenas menores deste xeito é o máis noxento e inmoral. Nenos e nenas que, tanto vostede na súa intervención como no texto da súa proposición, aparecen sempre referenciados coma se fosen mercadoría, falando de «repartir»; repártense os naipes, non os menores. É un pouco de humanidade, señora Arias. Os nenos e nenas reubícanse en diferentes territorios porque veñen a España buscando unha esperanza, unha oportunidade de ter un futuro; un futuro que nos seus países non teñen. Entran polos territorios de entrada, por Andalucía e polas Canarias, que están a soportar toda a carga que isto supón. E, ¿onde quedou a unidade de España que vostedes tanto reclaman? ¿A Constitución española, que vostedes apelan cos máis sen como máximos defensores? Ou ¿onde está o principio de solidariedade entre territorios que compoñen o Estado español? Vostedes terxiversan a realidade e imos chamarlle polo seu nome: chámase chantaxear con vidas humanas e, aínda por riba, de menores.

E vou explicar. Hai un ano —imos seguir falando claro— o Partido Popular aceptou que eses 347 menores chegados das Canarias se reubicasen nas diferentes comunidades autónomas para aliviar a presión dos territorios de entrada para poder dar a eses nenos e nenas unha mellor asistencia repartida por todo o Estado. ¿Que pasou? Que isto ocasionou que se rompesen moitos pactos de goberno con Vox en moitas comunidades autónomas: Castela e León, Valencia, Murcia, Extremadura, Baleares... Porque a ultradereita tiña como liña vermella a humanidade e o trato digno aos seres humanos. Acusaba Abascal nese momento a Feijóo e dicía literalmente: «*Impone políticas de fronteras abiertas y permite que continúe la invasión de inmigración ilegal*».

E isto é o terceiro piar, señora Arias, o terceiro piar que suxeita esta postura que ten agora o Partido Popular. Neste momento. Feijóo está pendente de aprobar os orzamentos en moitas destas comunidades autónomas e necesita o apoio da ultradereita racista e xenófoba de Vox. É o exemplo que lle digo, son datos fehacientes, que os vimos hai vinte días na Comunidade



valenciana: o pacto con Vox para sacar adiante os orzamentos do ano 2025 pasaba por —e leo palabras textuais do portavoz de Vox—: «*Celebramos que Mazón rectifique y reconozca que teníamos razón cuando decíamos que basta al Pacto Verde y a las políticas que fomentan la inmigración ilegal*». E isto é o que fixeron neste acordo. Os puntos principais deste acordo son: eliminar as subvencións ás ONG como a UNRWA, un plan para impulsar e axilizar o retorno de inmigrantes e recortes nese sentido do corenta por cento e un plan de devolución dos menores non acompañados aos seus territorios de orixe. É repugnante, e isto é a realidade.

E pídolles, señorías do Partido Popular, que dende o PPdeG non entren nesta política, porque Galicia é terra de emigrantes. É que ata é unha falla de respecto á nosa historia. A presión migratoria fixo que se tomasen medidas urxentes, porque o cambio de postura do Partido Popular fixo imposible chegar a un acordo e o Goberno do Estado non podería seguir demostrando esta situación, por humanidade e pola situación na que se atopan eses menores nos territorios de entrada. Aprobáronse ese artigo 35 *bis* da Lei orgánica 4/2000. Unha solución regrada cunha distribución equitativa e con criterios homoxéneos. Non é certo o que vostedes din. Unha solución que se utiliza en situacións de continxencia migratoria extraordinaria para poder reubicar eses menores seguindo criterios como a poboación —o cincuenta por cento—, a renda per cápita —trece por cento—, a taxa de paro —o quince por cento— ou o esforzo —seis por cento—, entre outros.

E, polo tanto, acoller menores é responsabilidade de todos, porque somos un país, e iso é o que lle pedimos a Europa. A Europa estámoslle a pedir solidariedade, por iso aprobamos un pacto de asilo de inmigración, para que o resto de territorios que non son entrada como España tamén se solidaricen no acollemento. E o Partido Popular Europeo votou a favor deste pacto.

E ademais, dígollo por outra banda, seguro que nin o señor Feijóo nin a señora Ayuso poñen pegas para que nenos e nenas de dezasete, dezaioito ou dezanove anos estranxeiros se matriculen nenas universidades–negocio privadas que teñen en Madrid e noutras comunidades autónomas: 43.484 en 2024, o 18,82 por cento deste alumnado, ¿fronte a trescentos menores dos que estamos a falar agora? Pero, claro, como eses son estranxeiros ricos é outro conto.

En relación coa nosa emenda, que, se non, non teño tempo para expoñela... En maio de 2022 o Goberno e as comunidades autónomas acordaron por unanimidade o compromiso de que en 2026 non haxa nenos menores de seis anos en residencias e, en 2030, menores de dez. Galicia non só non cumpriu, é que está a quinta á cola e ten neste momento 36 bebés, de cero a tres anos, en residencias e 41 nenos e nenas, de catro a seis anos, nesta situación. Realmente, ¿cren que non hai familias galegas para coller todos estes nenos e nenas? Eu penso que si, pero que a realidade é unha falla de información, de sensibilización e de recursos.

Por tanto, dende a administración galega o que pedimos nesta emenda é que se fagan campañas que fomenten a cultura do acollemento e que se dediquen máis recursos. Decía vostede que «todo para Galicia, cero para Cataluña». (A señora Castro Rey amosa un gráfico.) Mire, as medidas adoptadas por menores de idade estranxeiros non acompañados: Galicia, 62 medidas; Cataluña 2.491; País Vasco, 536 medidas. Polo tanto, non mintan e non terxiversen a realidade. Os datos demostran que están mentindo: 322 menores, señora Arias, é un número



insignificante. Supón un por concello, máis ou menos, en Galicia. ¿Vostede cre que non é factible esta reubicación cunha partida extraordinaria que habilitou o Goberno de España de cen millóns de euros? Señorías do Partido Popular, é cuestión de humanidade.

Xa remato. Para que se empapen un pouco de humanidade recoméndolles unha novela autobiográfica titulada *Solito*, de Javier Zamora, que redacta a súa viaxe con nove anos dende Salvador ata os Estados Unidos, a ver se así se empapan un pouco desta humanidade. E, por certo, da miña parte dígalle á Rueda que non son *menas*; son menores non acompañados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Ariadna Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Boas tardes, señorías.

Presidente, grazas.

Señora Arias, dixo vostede máis veces a palabra «Cataluña» ca «nenos». ¡Que nivel, de verdade, que lástima! Admiramos durante toda a nosa historia os galegos e as galegas que colleron un macuto con catro cousas e atravesaron o mar, o océano, ou atravesaron miles de quilómetros sabendo que posiblemente non volverían e non volverían ver as súas familias para buscar oportunidades, unha vida mellor ou mandar cartos á casa. Admirámoslos toda a vida. Miña avoa viu marchar os seus irmáns e morreron antes de volvelos ver. Miña nai ceaba medio ovo cocido e miña tía, a súa irmá, o outro medio. Somos un pobo que vestiu nenos e nenas con farrapos hai relativamente pouco e onde tiñas unha vaca e mantiñas oito fillos. Diso vimos nós. E para falar con propiedade o primeiro que hai que ter, señora Arias, é memoria. ¡Memoria! (*Aplausos.*) ¿Que clase de desmemoria teñen vostedes? ¿En que Galiza naceron vostedes? ¿En que sitios se criaron os seus pais, en que sitios se criaron vostedes para non ter nin un pouquiño de lástima destes nenos e destas nenas? Ne-nos e ne-nas; non menores. Nenas e nenas; persoas, é o que son.

Mire, volve ensinar dúas fotos. (*A señora Fernández González amosa unha fotografía.*) Esta é a primeira, estes somos nós. Pobres de nós, ¿verdade? (*A señora Fernández González amosa outra fotografía.*) Estes son eles, pobres delas e deles, ¿ou non? (*A señora Fernández González as dúas fotografías, unha en cada man.*) Díganme vostedes se son capaces de ver a diferenza entre estas dúas imaxes, se son capaces, porque non é doado. Un neno branco escapando da miseria e da guerra, un galego; unha nena negra escapando da miseria e da guerra, unha africana. (*Aplausos.*) A mesma falta de todo, do de comer, a mesma decisión obrigada e a mesma valentía de escapar. ¡Se vostedes ven a diferenza é que son racistas! Se vostedes ven a diferenza é que son racistas. Esa sería unha boa explicación para non acoller, para negarse durante todos estes meses a acoller todos os nenos e nenas que precisan axuda. Para non acollelos por falla de humanidade, porque isto é pola lei da humanidade; ese acollemento é pola lei da humanidade. E a vostedes, para aplicar a lei da humanidade, fálles falta un real decreto



que os obrigue. Porque, claro, failles falta un real decreto para aplicar compaixón e para aplicar lástima duns nenos e dunhas nenas subidos e subidas a un caiuco, porque a conciencia e a humanidade, compañeiros e compañeiras, non veñen no carné de afiliación incluídas. Non veñen, fai falta un real decreto.

Falan de «reparticións», porque así son menos persoas. Pensas en distribuír, nun camión, paquetes, caixas; non en nenos e nenas. Para que ninguén vaia imaxinar un ser humano, un rapaz ou unha rapaza en riba doutros cincuenta ou cen nunha lancha de plástico no medio dun océano, sabendo que levan anos morrendo persoas adultas e nenas alí —6.000 persoas morreron nesa ruta, dezaseis ao día— e así ninguén pensa en nenos afogados. Falan de *menas*, así son menos nenos e menos nenas e son menos persoas. Así, non pensas nunha nena de dez anos que ou escapa ou ten que ser a oitava muller dun señor de cincuenta. Así, non pensas nunha rapaza de dous anos que morre desnutrida, de malaria, de diarrea, porque morre un de cada doce antes dos cinco anos.

E falan de «menores migrantes non acompañados» e non de «nenos e nenas» porque non vaia ser que nos fagamos na cabeza a imaxe dunha criatura á que se lle ven as costelas; non vaia ser que creemos conciencia dende o Parlamento, non vaia ser. E 326 parécenlles moitos; 4.000 de Canarias, non. Trescentos vinte e seis son moitos. Cando o único que queren eses 326 é comer algo, beber auga que non sexa lodo e un teito debaixo do que durmir.

E a pregunta é: ¿que cren que pensa a poboación cando os escoita nos seus discursos falando de criaturas, nenos e nenas, falar de trágalas, de violencia, de selar fronteiras, de sacar a Armada ao mar, do «efecto chamada»...? Igual pensa iso, que se teñen discursos nos que lles cae a máscara e que son xusto o que hai debaixo desa máscara. E igual son eu mal pensada, pero ¿debaxo desa máscara non asoma a patina o racismo e o odio? (*Murmurios.*) Non, non, non, non. «*Menas, menas, menas, menores non acompañados, menores non acompañados; medo, vannos sacar os traballos, violencia...*». ¿Que hai debaixo da súa máscara, señorías do Partido Popular? ¿Que hai? (*Aplausos.*) ¿Que pasaría se os galegos e as galegas fosen conscientes de que tragarón sen mastigar, enteiriño, o discurso da extrema dereita máis rancia? Xa non hai nada que os diferencie deles, nada de nada. Xa non dan branqueado a posición. Teñen a extrema dereita sentada aí, entre vostedes. (*A señora Fernández González sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular.*) Está aí queiran asumilo ou non. A deriva ultra é real. Nesta iniciativa non hai máis que ler a parte expositiva. ¡É unha vergonza a parte expositiva! (*Aplausos.*)

E o peor é que teñen a indecencia de recoñecer que teñen o sistema de protección de menores totalmente sobrepasado ao 108 por cento da súa capacidade. ¡E sóltano así! ¡Sinceridade! Total, ¿para que van crear novas prazas? ¿Para que van investir diñeiro? ¿Como se lles vai ocorrer non privatizar por parte da Xunta este tipo de coidados dos nenos e das nenas? Total, ¿quen vive aí neses centros de menores? ¿Quen traballa aí? Ninguén os escoita, porque son invisibles. Son invisibles ata que na ecuación aparece Junts, Cataluña e Pedro Sánchez. Mentres tanto, non existen. Igual que non existen as familias acolledoras que, en vez de tratalas como unha solución, as tratan como un problema. Non sabe nin sequera dar un dato fiable dos nenos e nenas menores inmigrantes que chegaron ao noso país e que estamos protexendo, porque pasan de 90 a 273; agora eran 276. Ben, espero que hoxe me poidan dar un dato fiable. Non lles interesan ata que poden usarse como arma política.



Insisten en que son solidarios. Eu non sei que dicionario collen vostedes para ler a definición de «solidariedade». Porque, se non axudan a nenos e nenas, díganme vostedes onde está a solidariedade. Pero vostedes están máis interesados noutro tipo de solidariedade. Porque ¿como é posible que fosen capaces de crear 1.400 prazas de acollemento para os nenos e as nenas refuxiados de Ucraína e agora non sexan capaces de instalar aquí 326 rapaces e rapazas? Déannos unha explicación, por favor. Quizais porque viñan do norte, quizais porque eran brancos, quizais porque caeu a máscara...

Unha nena é unha nena, vindo nun avión, nun coche ou nun caiuco. Unha nena é unha nena sendo branca, negra ou de calquera cor. (*Aplausos.*) Vostedes discriminan por razón de raza, discriminan pola cor da pel, discriminan por razóns culturais. É unha realidade. E iso, señorías, ten un nome. É unha deriva real, está aquí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Pero polo menos temos unha nova boa, que é que xa van sen máscara. ¡E vaia cara! (*A señora Fernández González amosa unha fotografía.*) Voulle deixar aquí este papel con esta fotografía para que a leve para a casa e reflexione.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Cando a señora Castro quere evadir un tema, fala de Vox. Dá igual do que falemos, a señora Castro fala de Vox. Pero nós estamos falando de migrantes menores non acompañados. Diso é do que fala esta iniciativa, señora Castro. E se alguén trata estes migrantes menores non acompañados como mercadoría é o Partido Socialista, distribuíndoos por todo o Estado sen o financiamento axeitado. (*Aplausos.*) Iso é o que pasa. Señora Castro e señora Fernández, é o *Ministerio de la Presidencia, Justicia y Relaciones con las Cortes el que habla del «Protocolo de menas»*. Non nos achaquen a nós o que din vostedes e o que fan vostedes. (*Aplausos.*) E, señora Fernández... ¡Ah! E, por certo, o único alcalde en Galicia que non quixo inmigrantes foi un alcalde do Partido Socialista; non foi ningún alcalde do Partido Popular. (*Aplausos.*) Non nos veñan falar de solidariedade.

E, señora Fernández, isto non vai de *amarillismo*, isto non vai de teatro, non vai de demagogia. Porque, non sei se por sorte ou por desgraza, moito máis preto da posguerra estou eu que vostedes. Eu fun unha desas nenas que moitas veces merendaba pan con azucre porque non había para moito máis. Non me veña vostede aquí pretender dar leccións de nada, (*Aplausos.*) porque a conciencia e a humanidade non se decretan. A conciencia e a humanidade vívense, practícanse. E non me veñan vostedes aquí ofender a todos os galegos dicindo que non somos unha Galicia solidaria. ¿Pero vostedes de que están falando? Galicia executou nos últimos tres anos o dezaseis por cento dos traslados voluntarios dende Canarias a Ceuta



e a outras comunidades autónomas, cando por poboación representamos o seis por cento. É dicir, nós estamos asumindo xa o triplo do que nos correspondería por poboación e estamos xa no 100,8 por cento das nosas capacidades. ¿Iso non é ser solidario? ¿É máis solidario dicir que veñan para Galicia 326 nenos non acompañados e só 26 menores non acompañados para Cataluña? Porque vostedes uns pactan con *Junts per Catalunya* e outros con Esquerra Republicana, que todos se demostraron xenófobos e racistas. (*Aplausos.*) É que no acordo que teñen con Pedro Sánchez para cederlles o control das fronteiras consideran os galegos que son estranxeiros. Lean vostedes ese acordo. Fala do 18 por cento de estranxeiros nados fóra de España e o 25 por cento se temos en conta os españois. ¿Pero vostedes de que están falando? Leccións, aquí, ningunhas.

Aquí trátase de solidariedade e trátase de que estamos dispostos —e dixémolo sempre— a cumprir a lei, a acoller os menores migrantes non acompañados, pero coa planificación e co financiamento necesario para darlles todos aqueles recursos que precisan durante toda a súa vida ata que son maiores de idade. Diso é do que queremos falar. Porque para nós en absoluto son números, son nenos e nenas moi vulnerables aos que queremos atender como merecen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: A emenda.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: A emenda non a podemos aceptar, porque di que Galicia non é solidaria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias. ¿Foi ela ou foi Lara Méndez? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A que levou a primeira, ¿Patricia Iglesias ou Lara Méndez? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Patricia.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular. Hai unha transacción co BNG que di que coñecen todos os grupos. ¿Si? (*Murmurios.*)

Ben, entón votamos.

(*Balbordo.*) (*O señor presidente pide silencio.*)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que elabore un censo mineiro e leve a cabo unha planificación deste sector en Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

(Balbordo.) (O señor presidente pide silencio.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia en relación coa decisión de construír un novo edificio para o Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Lara Méndez. Non se presentaron emendas.

Votamos.

(Balbordo.) (O señor presidente pide silencio.) (Risos.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e tres deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración, coa participación da Fegamp e con criterios obxectivos, transparentes e á marxe do Fondo Galego de Cooperación, dun plan único autonómico para o financiamento de proxectos locais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Suárez. Non se presentaron emendas.

Votamos.



(Balbordo.) (O señor presidente pide silencio.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D^a Iria Carreira Pazos, sobre determinadas medidas que debe adoptar o Goberno galego dirixidas a incrementar a taxa de emancipación da mocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Imos cambiar de racha. (Balbordo.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.) Claro, porque xa está ben. Todos aí... Imos cambiar de racha. (Aplausos.) Claro, non podía ser todo.

Entón, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor.

Votamos.

(Balbordo.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxecto de que se comprometa co impulso do corredor atlántico ferroviario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Mira que éxito, aí tes. ¡Mira que éxito! Rotundo. (Risos.) (Murmurios.) ¡Rotundo!

Agora imos votar a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias. Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non se aceptou.

Votamos.

(Balbordo.) Ah, hai para todos. (O señor presidente pide silencio.)

Por favor, imos anunciar o resultado.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e quince deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións. Poden abrir as portas xa, por favor.

Continuamos cunha alteración da orde do día que consiste nunha pregunta ao Goberno.

Alteración da orde do día

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a garantía da protección do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade ante a instalación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, como responsábel do patrimonio cultural galego, desde o BNG facémolle tres preguntas. A primeira: ¿leu vostede a declaración de impacto ambiental do proxecto da macrocelulosa que Altri quere instalar en Palas de Rei? A segunda: ¿pode garantir vostede que esta bomba ambiental é compatíbel coa conservación do conxunto da paisaxe cultural que está situada nun emprazamento que só lle interesa a Altri e ao Partido Popular, como principal aliado do proxecto dunha empresa portuguesa que non queren en Portugal? E a terceira: ¿pode garantir vostede que a instalación desta macrocelulosa non está a poñer en risco a declaración do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade?

Son moitas as voces que pensan que si, que Altri é un perigo para o Camiño de Santiago. E a verdade é que hai razóns obxectivas nas que se pode apoiar. O Comité de Patrimonio Mundial da Unesco, como vostede ben sabe, regula as directrices para a inscrición de bens na lista de Patrimonio Mundial en Perigo. Entre estes perigos que poden condicionar a declaración de patrimonio mundial están, literalmente, «os proxectos de ordenación territorial, de graves alteracións da beleza natural, do desenvolvemento industrial, de obras públicas ou privadas de grande envergadura e de contaminación». ¿Asocia vostede, señor conselleiro, algún destes perigos ao proxecto de Altri? (*Aplausos.*)

Por iso nós lle queremos preguntar tamén se é coñecedora a Unesco destes perigos para o Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade. Se lle pediu a Xunta un informe de avaliación do impacto patrimonial a Icomos España, como órgano asesor da Unesco, e se o pediu cal foi a súa resposta. Pregúntollo porque nós xa pedimos este informe, como todo o conxunto do expediente de Altri, polo artigo 9, mais non obtivemos resposta. Debe ser que os informes da Xunta son tan transparentes que xa nin se ven.



Por iso, señor conselleiro, tamén lle preguntamos: a Dirección General de Patrimonio Cultural e o Consejo de Patrimonio Histórico do Ministerio de Cultura ¿saben xa que esta DIA di que é compatíbel instalar unha macrocelulosa cun forte impacto paisaxístico no Camiño de Santiago? Porque, como vostede ben sabe, os maiores impacto destas instalacións están precisamente nesta zona: unha cheminea central de 75 metros, unha caldeira de recuperación de 60 metros, unha caldeira de biomasa de 50 metros, unha caldeira de emerxencia de 8,15 metros e unha planta de caustificación de 45 metros. E, ¿que solución propón a DIA para minimizar este impacto visual? Matizar estas estruturas con cores grises e levantar unha pantalla vexetal, que xa irá medrando co tempo. Toda unha política de pantalla. *(Aplausos.)*

Por iso, señor conselleiro, preguntámoslle: ¿pensa vostede que esta paisaxe ambiental degradada vai ser a que veñan buscar os peregrinos e os turistas ao Camiño de Santiago, unha paisaxe declarada como de valor universal excepcional? ¿Está seguro de que esta alianza Partido Popular-Altri non está a poñer en perigo a declaración do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, o señor López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

Agradezo moito a oportunidade que me dá o BNG e a señora Queixas para vir responder esta pregunta. Creo que non por recorrente deixa de ser interesante ou importante que o Goberno aclaremos determinadas cuestións que creo que non se teñen entendido moi ben. Ademais, é ben que neste proceso de economía parlamentaria formule vostede vinte ou quince preguntas no tocante de facer a pregunta que tocaba neste asunto, pero eu vou intentar darlle cumprida resposta á pregunta que formula vostede nesta cuestión. Non por non ter estado aquí. Sabe vostede que a propia directora xeral de Patrimonio Cultural respondeu unha pregunta moi similar en setembro do ano 2024, deixando perfectamente clara cal era a posición técnica —non política— en relación coa tramitación deste informe, deste expediente. E, en segundo lugar, eu tamén tiven a oportunidade de vir responderlle á mesma pregunta a este Parlamento no pasado mes de xuño.

Entendo que vostede pregunte ao Goberno, porque é o Goberno quen ten que vir dar as correspondentes explicacións a este Parlamento, pero tamén comprendo —e sabe vostede a dinámica administrativa— que este informe, o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, evidentemente, non é feito nin está realizado pola parte política da Consellería en ningún caso. Entendo que vostede participa e comprende perfectamente esta situación. Este informe, de máis de vinte follas, que está analizando en profundidade o posible impacto que pode ter este proxecto no Camiño de Santiago ou en calquera outro elemento declarado como de interese patrimonial, evidentemente é realizado de forma coral por un conxunto de téc-



nicos que forman parte da Consellería de Cultura. Entendo que vostede non terá ningunha dúbida de que eses técnicos que traballan na Administración autonómica son perfectamente competentes e perfectamente independentes para poder realizar este tipo de informes con toda a solvencia absoluta. E así, ademais, o ten acreditado tamén o propio Ministerio, que é quen ten que preservar os valores culturais do Camiño e tamén, por suposto, Icomos e toda a estrutura da Unesco.

A min non me cabe ningunha dúbida de que este informe —e supoño que a vostede tam-pouco— é realizado — insisto unha vez máis— por técnicos competentes e profesionais que teñen acreditado, ademais, desde hai moitísimos anos a súa capacidade. Entendo, ademais, que eses técnicos analizaron debidamente eses impactos ao Camiño de Santiago. É un in-forme que ademais fai determinadas correccións ao proxecto, que se poñen determinadas cautelas que van permitir que, evidentemente, un proxecto como o de biofibra téxtil que se implanta en Palas de Rei teña o menor efecto posible no territorio e, por suposto, nos ele-mentos do patrimonio. Desa maneira a Xunta de Galicia, a través desta Consellería, encar-garase de preservar e de manter todas esas cautelas que aparecen recollidas neste informe. Que non lle caiba ningunha dúbida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica da señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, preguntáremoslle todas as veces que sexa necesario, e terá que compare-cer vostede aquí sempre que vexamos que o proxecto de Altri é claramente unha ameaza tanto para o Camiño de Santiago como para o conxunto do patrimonio cultural. (*Aplausos.*) En calquera caso, envíenos canto antes a información que lle solicitamos e, se cadra, pode-mos ir avanzando.

Vostede, efectivamente, como nas ocasións anteriores vexo que se volve esconder nos in-formes dos técnicos da Xunta, mais eu pregúntolle a cales se refire. ¿Refírense vostedes aos técnicos que presionan para que asinen informes contrarios ao interese patrimonial e mesmo se vexan obrigados a renunciar ao seu posto? Ou ¿refírese aos técnicos que asinan informes favorábeis, pero que logo anulan as sentenzas xudiciais? Permítame recordarlle dous casos: o Tribunal Supremo anulou o parque eólico de Sasdónigas, entre outras razóns, por afectar un tramo do Camiño. (*Aplausos.*) E iso que se comprometían nos informes a decorar os ae-roxeradores con motivos xacobeos.

Estes días pasados vímolos no Castro Lupario, anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, un tramo da liña de alta tensión aprobada pola Xunta. ¿Por que? Precisamente porque afectaba a paisaxe cultural do Camiño Portugués. ¿Van vostedes seguir poñendo pedras no Camiño Francés agora? ¿Van seguir incumprindo a Lei de patrimonio cultural? Vostede, señor conselleiro, ¿leu por fin o informe dos especialistas do Consello da Cultura



Galega sobre o impacto sociocultural de Altri no patrimonio? ¿Ou fai como o señor Rueda, que criticou os especialistas do Consello da Cultura Galega e deslexitimou esta institución, recoñecendo despois que nin sequera o lera? Eu voulle lembrar unha cita, por se acaso non o leu: «O estudo de impacto social trata o patrimonio cultural como un conxunto de elementos illados desvinculados entre si e do resto dos valores e das estruturas do territorio». Dillo o Consello da Cultura Galega e dinllo as sentenzas xudiciais. Cumpran a Lei de patrimonio.

Para o BNG, o Camiño de Santiago é un proxecto estratéxico. Un proxecto de país desde a perspectiva patrimonial, cultural, empresarial e económica.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ¿Está disposto vostede a asumir o papel de conselleiro e máximo responsable do patrimonio cultural protexendo o Camiño de Santiago ou vai actuar como conselleiro delegado de Altri, comprometendo o patrimonio mundial? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señora Queixas, claro que estou encantado de comparecer no Parlamento. Á parte creo que se me nota que veño de maneira voluntaria. Encantado de vir aquí, entre outras cousas porque creo que é importante que aquí aclaremos determinadas cuestións que, por moito repetirse, ao final non se poden converter en realidade. Creo que este é o sitio onde debemos debater aquelas cuestións que entendemos que deben confrontar a súa estratexia política, a estratexia política do BNG, coa estratexia política do Goberno. Creo que fala vostede de forma moi lixeira de que eu veño aquí ou de que vimos aquí escondernos nos informes técnicos dos funcionarios da Administración pública. Nós, como lle digo, somos os últimos responsables da xestión de cada un dos nosos departamentos, pero quen ten a competencia, quen ten, desde logo, a obriga de gardar e facer gardar a lexislación e a lei e cumprila, por suposto, son os propios funcionarios; e así o fan.

Eu creo que vostedes o único que están facendo —e vostede concretamente coa súa intervención— é poñendo en dúbida e desprestixiando o labor de máis de corenta técnicos que informaron este proxecto; *(Aplausos.)* técnicos independentes, técnicos competentes, técnicos perfectamente formados dos que estamos especialmente orgullosos. Porque eu non me canso de repetir que temos uns magníficos técnicos e profesionais funcionarios da Administración autonómica. E son eles os que se encargan —unha vez máis llo digo— de elaborar todos os informes, que non dan o parabén ao cen por cento das cuestións que plantexaba este proxecto, senón que establecen e consideran que hai determinadas cuestións que non cumpren ou que hai que mellorar no proxecto, e así o recollen nos seus propios informes.



Vostede pon en cuestión se eu lino o informe do Consello da Cultura. Creo que minusvalora o traballo ou a capacidade deste conselleiro. Ao mellor se fose unha muller podería soar certamente machista o seu comentario, pero, como neste caso son un home, non é así. Pero dígolle que si; que, efectivamente, lino e debatino. Eu son membro do Consello da Cultura —recórdollo— porque formo parte dese consello e témolo falado e témolo debatido. Teño expresado as miñas discrepancias, tamén, co equipo que elaborou o informe e teño dito que, independentemente de que existan técnicos moi competentes, non considero en ningún caso que os técnicos do Consello da Cultura sexan máis competentes que os técnicos ou que as persoas que forman parte da Administración autonómica, que aprobaron a súa praza con todos os seus dereitos e que, ademais, fan o seu traballo con rigor. E ás probas me remito. Fala vostede da excepción dalgunha das sentenzas que están saíndo. Recórdolle eses máis de cen proxectos de tramitación de parques eólicos que están paralizados no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que, unha vez tras outra, o Tribunal Supremo se está encargando de derrubar todos os criterios que están utilizando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para validar a tramitación administrativa deses proxectos por parte dos técnicos da Xunta. *(Aplausos.)*

Insístolle: non teña ningunha dúbida, este proxecto analizouse dende o punto de vista do impacto patrimonial.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Todos os impactos están corrixidos e este proxecto non vai ter ningún impacto no territorio nin tampouco no Camiño de Santiago.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defendela, ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Benvido, señor conselleiro.

Quizais se pregunte por que traemos hoxe aquí esta interpelación. A resposta está na súa non-resposta ou, se quere, na resposta nula. No fondo desta cuestión está a interpelación



que veu aquí hai quince días. ¿Deunos datos? Si, deunos datos, pero datos que son públicos e calquera de nós pode acompañalos dunha literatura ou doutra.

Falou do valor e do extraordinario traballo realizado polos profesionais da sanidade pública galega. Coincidimos, señor conselleiro, pero o noso grupo non só quere falar en pasado do labor dos profesionais, como fixo vostede, o noso grupo quere falar en pasado, en presente e en futuro, porque confiamos nos nosos profesionais sanitarios, e están convencidos de que a súa vocación e profesionalidade non vai cambiar.

E o resto foron autocompracencia e autobombo, pero nin a mínima proposta para mellorar a situación das nosas listas de espera. E tampouco foi capaz de dar resposta a por que non se cumpriron os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia hai dous anos, e dos que farei un pouco máis adiante. E ao non dar respostas fai que a xente siga saíndo á rúa, porque a cidadanía xa non cre as escusas do Partido Popular. Onte, señor conselleiro, vostede dicía: hai cousas que mellorar, e imos facelo. Pois ben, a ver se hoxe é capaz de trasladarnos aquí algunha mellora que dea ánimo ás 358.208 persoas que se atopan nas listas de espera oficiais. Porque para os socialistas a xestión da sanidade está tinguida de negro e só resplandece o labor dos profesionais. Tamén onte o Partido Popular dicía que a sanidade goza de boa saúde. Non é certo, os profesionais da medicina conseguen que a sanidade goce de boa saúde, pero a xestión política aplicada á sanidade pola Xunta de Galicia vai en dirección contraria ao bo labor dos profesionais.

E se dentro da xestión da sanidade hai un buraco negro, ese é o das listas de espera. Señor conselleiro, se coa saúde non se xoga, cos números das listas de espera, tampouco, porque representan a un galego e a unha galega que ten algún problema de saúde. O presidente da Xunta de Galicia en xaneiro do ano 2023 dicíanos que había que chegar non só aos datos do ano 2019, senón que había que melloralos. E agora vexamos o resultado para que me poida realmente dar unha explicación: persoas en lista de espera pendentes dunha intervención cirúrxica ao peche do ano 2019: 35.720; persoas en lista de espera pendentes dunha intervención cirúrxica ao peche do ano 2024: 48.335. Supoño que para vostede, señor conselleiro, e para o Sergas, 48.335 é maior que 35.720, como supoño que tamén serán as 196.267 persoas que están esperando unha consulta a finais do ano 2024, e que son máis que as 166.827 do ano 2019. Ou que as 113.606 esperando unha proba diagnóstica tamén son máis que as 84.976 do ano 2019. E espero que non me diga que estes datos non son certos, porque son os que publica oficialmente a súa consellería.

Pero, se non lle gusta velos desta forma, podemos tentar velo doutra. O seu antecesor, o anterior conselleiro de Sanidade, que está neste mesmo hemiciclo, dixo tamén hai dous anos que o obxectivo era recuperar os 42 días de espera para consultas a finais do ano 2023, e seguimos sen conseguilo porque a media son 60,8 días.

Tampouco se cumpre coas intervencións cirúrxicas, cuxo obxectivo eran os 54 días, e estamos en 67,5. Non se cumpre nin no ano 2023, nin no ano 2024, nin se cumpre absolutamente en ningunha área sanitaria. ¿Onde están as melloras, señor conselleiro —preguntámoslle—? ¿Cal é a explicación real? Creo que o normal é tomar referencias coas promesas que fixo o seu propio goberno e valoralas, que é o que eu estou facendo hoxe aquí; e tamén valorar a



xestión da Xunta, e non a doutras comunidades autónomas. Porque a xestión da Xunta non mellorou nadiña de nada, empeorou desde a pandemia, e, dende logo, non cumpriron ningunha das promesas que fixeron no ano 2023. Porque non pretenderá que fagamos a valoración..., que algo dixo vostede que había que facela non sei en que data, pero eu xa saco aquí isto un pouco de contexto e falo de facela o 29 de febreiro do ano «x» porque así, ao mellor, ese día si que lle saen un pouco mellor. Pero, ben, imos pormos un pouco serios porque isto non dá para bromas.

Sabemos, ademais, que os datos oficiais non son reais; se quere, dígollo: son falsos. Non só se falou aquí hoxe, na mañá, desa tema, tamén se falou en moitas ocasións máis. Sabemos que as listas de espera non recollen todas as persoas que están nas listas de espera, e a Xunta de Galicia presume desas listas, pero trampea o computo, e esta mañá a señora Amigo dicía que eran as listas do Ministerio. Non, señora Amigo, o Ministerio publica os datos que mandan as comunidades autónomas. (*Aplausos.*) O Ministerio non ten datos, que non ten as competencias; as competencias téñenas todas e cada unha das comunidades autónomas. Polo tanto, o Ministerio o único o que fai é trasladar os datos que pasan as comunidades autónomas.

Pero, en definitiva, vostedes non queren que se coñeza cal é a realidade, por iso votaron esta mañá —ou votamos, mellor dito, debateuse esta mañá— que non a unha moción que pedía coñecer as listas de espera. Nós confiamos en que pronto poidan ser transparentes, pero non grazas á Xunta de Galicia, senón porque o Ministerio de Sanidade aprobou a creación dun grupo de traballo de listas de espera para unificar criterios e procedementos en todo o Sistema nacional de saúde co fin de garantir a igualdade no acceso á atención sanitaria en todas as comunidades autónomas. O resultado dese grupo presentárase ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, e esperemos que a Xunta de Galicia, unha vez máis, non se levante dese Consello Interterritorial e que aborde este asunto con seriedade, porque é necesaria a transparencia e a rastrexabilidade. Nós só queremos saber cales son os tramos das listas de espera de consultas, das probas diagnósticas e cirúrxicas; non soamente queremos ver iso, queremos saber tamén a rastrexabilidade desde que o paciente ten un problema ata que este problema se soluciona.

Señor conselleiro, as longas demoras nos accesos dos pacientes aos servizos sanitarios teñen repercusións negativas, das que vostede tamén nos podería falar hoxe. Eu sinálolle algunha delas, pero vostede seguramente sabe máis ca min. As listas de espera son o principal motivo de insatisfacción da xente fronte ao que sucede no conxunto da Unión Europea, que é a metade que aquí. Pero tamén hai quebranto do principio de igualdade efectiva do acceso; algunhas persoas xa están a falar de inequidade do noso sistema de saúde. Hai un empeoramento dos resultados en saúde dos pacientes, e aquí teríamos que falar do impacto dos tempos de espera sobre as condicións físicas dos pacientes e das condicións sobre a súa saúde mental. ¿Comparte estas reflexións? Gustaríame que, de verdade, señor conselleiro, hoxe puidésemos saír con algo positivo, porque ata a data a Xunta de Galicia segue sen priorizar a procura de solucións efectivas e eficaces, e as demoras na atención son inasumibles e están a levar ao sistema a unha situación insostible que só se sostén co compromiso e a profesionalidade do persoal sanitario, que, ademais, traballa nunhas condicións cada vez máis insostibles.



E as listas de espera disparan a demanda dos seguros privados. Non estamos a falar, señor conselleiro, de que os seguros privados non poidan existir, poden ser unha opción para quen libremente así o decida. Do que estamos a falar é de que os últimos datos nos din que o 44,5 por cento da xente opta por un seguro privado polas longas listas de espera e non por libre elección. ¿Que opina disto, señor conselleiro?

En definitiva, señor conselleiro, díganos que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para que as listas de espera non sigan crescendo sen freo, como o están facendo agora mesmo en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Espinosa.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Espinosa, permítame, en primeiro lugar, que lle lembre —como vostede dixo— que tan só hai quince días respondín a unha interpelación exactamente igual que formulou o BNG sobre o tema, polo que debería ter —creo— os datos frescos e claros. ¿Que pasou?: ¿desidia auditiva?, ¿disociación cognitiva?, ¿oportunismo sincronizado?, ¿necesidade de protagonismo?... En calquera caso, quero dicirlle que respondo contento, porque a súa pregunta me permite afondar e explicar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Pausa do orador.*) ante esta Cámara e ante toda a cidadanía a situación real das listas de espera en Galicia, porque, fóra de impresións persoais ou relatos predeterminados, os datos que comenta vostede son obxectivos e falan por si sós.

En primeiro lugar, permítame aclararlle que as listas de espera son unha ferramenta [*inaudible*] que nos permite establecer prioridades e garantir que non espere o que é urxente e que, polo tanto, non pode esperar.

En segundo lugar, somos totalmente transparentes. Por iso publicamos e presentamos en rolda de prensa os datos de listas de espera e de actividade asistencial correspondentes ao ano pasado, adiantando a publicación dos datos enviados ao Ministerio de Sanidade, que aínda non os fixo públicos. Por suposto, cumprimos escrupulosamente co deber de facilitar información sobre as listas de espera, segundo o establecido na normativa básica estatal e na propia normativa autonómica. Isto é así. Insisto, as listas de espera son unha ferramenta que serve para coñecer a capacidade dun sistema sanitario para dar resposta ás necesidades asistenciais dos seus cidadáns.

Nese sentido, as listas de espera non estruturais recollen aquelas persoas que non poden ou non queren ser intervidos nun determinado momento por diferentes motivos. Polo tanto, coincidirá comigo en que esas circunstancias en ningún caso son indicativas da capacidade do sistema sanitario público para darlles asistencia, nin se corresponden coa realidade.



Pasemos aos datos. Miren, o pasado ano a sanidade pública galega non só operou máis, senón que o fixo en menor tempo. Ademais de incrementar as consultas e as probas diagnósticas, se comparamos os datos da media do Sistema nacional de saúde, Galicia é a terceira comunidade autónoma con menor tempo medio de espera cirúrxica, con 67,1 días de espera media. A porcentaxe de pacientes que esperan máis de seis meses para operarse sitúase en Galicia no 3,9 por cento, un 20,4 por cento por baixo da media que tiña en decembro do 2023 o Sistema nacional de saúde, e a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 60 días por unha consulta en Galicia é un 20,3 por cento menos que a media do Sistema nacional de saúde en decembro de 2023. Con isto quero dicirlle que, ao mellor, en vez de criticar tanto o Goberno da Xunta, debería vostede chamarlle a atención a compañeiros de partido como Page, Chivite ou Illa, porque están voando os seus razoamentos, e vemos como realmente os seus compañeiros de fila o están facendo fatal en canto ás listas de espera.

Galicia está nas mellores posicións en canto ás baixas listas de espera se refire; é algo innegable. Melloramos os tempos medios de espera e incrementamos a actividade, superando os niveis de actividade previos á pandemia. ¿Sabe cantas operacións se realizaron no ano 2019, previas á pandemia? Foron 197.904 as intervencións realizadas nese ano. ¿Sabe cantas cirurxías se realizaron o ano pasado? Superamos por primeira vez na historia as 200.000 operacións cirúrxicas. O pasado ano realizamos 204.829 cirurxías. Se fai o cálculo, son 6.925 cirurxías máis que en 2019, 26 operacións máis cada día. (*Aplausos.*) Pero non só iso, é que operamos case un 28 por cento máis de cirurxías de prioridade 1 que en 2019; isto é, 6.027 intervencións de prioridade 1 máis, mantendo o tempo de espera. E o mesmo acontece coas probas diagnósticas, que o ano superamos os 3,7 millóns, o que supón un crecemento do 4 por cento con respecto ao ano 2019.

A vostedes gústalles moito comparar cos datos do 2019, cando se acadaron mínimos históricos nas listas de espera. O que non din vostedes, cando falan deses datos, é que a situación non é comparable porque agora, primeiro, realizamos case sete mil cirurxías máis; segundo, operamos 6.000 prioridades 1 máis e, aínda así, logramos manter os tempos medios de espera, e incrementamos nun catro por cento as probas diagnósticas.

Señoría, que na actualidade poidamos asumir unha capacidade moi superior da actividade en comparación con ese ano famoso é unha boa noticia para a redución das listas de espera. Insisto, o balance de actividade do ano 2024 que acabamos de presentar mostra ás claras que o modelo funciona, porque non é que fagamos máis actividade, senón que a facemos mellor.

No eido da cirurxía, no 2024 realizáronse 204.820 novas intervencións anuais, superando por primeira vez as 200.000 intervencións anuais, e isto supón un incremento do 5,6 por cento respecto ao ano anterior.

Di vostede que os tempos da sanidade son importantes, e a mostra que facemos está aí, nas prioridades 1, porque no Servizo Galego de Saúde traballamos baixo o principio de priorización, atendemos antes os casos máis graves, impulsando especialmente as cirurxías de prioridade 1 e ampliando o Decreto de garantías de tempos máximos.



O ano pasado aumentamos en 10,7 por cento as intervencións de prioridade 1 con respecto ao ano anterior. Se tomamos como referencia as 21.631 operacións que se fixeron no ano 2019, representa un incremento do 27,9 por cento da actividade nesta categoría de maior necesidade clínica, e ao mesmo tempo conseguimos manter o tempo medio de espera para estas intervencións en só 17,1 días.

O tempo medio de espera para as vías rápidas de sospeita diagnóstica de cancro o pasado ano foi tan só de 5,8 días —¡5,8 días!—, e operamos tamén máis a persoas maiores. Estabilizáronse en 4.200 as intervencións a pacientes de máis de noventa anos, un 12,7 por cento máis que o ano anterior.

A resposta ao envellecemento poboacional involucra a sanidade pública galega, e faino aumentando a actividade cirúrxica no segmento de poboación que máis a demanda. En consultas externas acadáronse as 4.850.000 consultas o ano pasado, un 2,7 por cento máis que no 2023. Esta maior actividade permitiu reducir nun 7,5 por cento o número pendente de pacientes e baixar en 12,5 días o tempo medio de acceso.

En probas diagnósticas, tamén se incrementou a actividade nun 4 por cento, con máis de 3,7 millóns realizadas. Isto supuxo unha redución de máis de mil pacientes en espera e un descenso do tempo medio de espera de 6,2 días.

Todos estes resultados, señoría, son consecuencia dunha estratexia da Consellería de Sanidade; unha consellería que aposta pola extensión da cirurxía robótica a todas as áreas sanitarias, cun aumento do 19 por cento das intervencións; unha consellería que aposta polo reforzo da hospitalización a domicilio, que permite evitar ingresos innecesarios, ofrecer a atención especializada no fogar a pacientes crónicos; unha consellería que aposta polo funcionamento efectivo das vías rápidas oncolóxicas, cun tempo medio de acceso, como digo, de 5,8 días, moi por debaixo dos 15 días establecidos; e unha consellería, ademais, que aplica a Lei de garantías de tempos máximos, que no 2024 beneficiou a máis de 51.000 pacientes.

Aínda que vostede trate de negalo, Galicia foi das primeiras comunidades en recuperar os niveis de actividade tras a pandemia e en mellorar os tempos. Estamos agora centrados en consolidar un novo modelo baseado en resultados en saúde, porque o noso obxectivo é claro: unha sanidade accesible, áxil, resolutiva e, sobre todo, de calidade, con menos espera cando máis importa e con maior prioridade para quen máis o precisa.

Lamento que non teñan vostedes nin iniciativa nin relato propio, lamento que vaian vostedes sempre ao rebufo do BNG, lamento que non sexan vostedes francos nin sinceros cos galegos, porque vostedes votaron «non» a pedir ao Ministerio que axilizase a homologación dos títulos sanitarios ou a que retrasase a idade de xubilación ata os 72 anos; vostedes votaron «non» ás prazas de difícil cobertura, tanto para a atención primaria como para os hospitais comarcais; e vostedes, por moito que pretendan erixirse en garantes dos dereitos dos profesionais sanitarios, votaron «non» a unha proposición de lei no Congreso para frear a violencia no ámbito sanitario.



Señora Espinosa, por fortuna, coido que co seu discurso —que é unha réplica do do BNG— non enganan vostedes xa os galegos.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Mire, señor conselleiro, o protagonismo creo que o ten que buscar vostede, por motivos que todos os que estamos aquí coñecemos, porque coñecemos moitas das súas declaracións. Ese é o protagonismo que vostede quere buscar hoxe aquí. (*Aplausos.*) Porque outros, afortunadamente, temos satisfeitas as nosas aspiracións políticas.

Pero, mire, eu tamén lle vou dicir que pregunte aos deputados do Partido Popular cantas veces falamos aquí da AP-9. É que lle digo algo máis, no último pleno, falamos dúas veces da AP-9, representada polo propio Partido Popular. (*Aplausos.*) ¿Pero de que fala vostede, señor conselleiro?

Mire, eu, en primeiro lugar, quero dicirlle que non intente confundir a ninguén, porque nós diferenciamos perfectamente entre a calidade asistencial e a accesibilidade. Non, señor conselleiro, nunca na vida —e pídolle que mire o *Diario de Sesións*— o noso grupo —e non soamente agora, nesta lexislatura, senón xa antes—, o Grupo Socialista, falou en contra da calidade asistencial da nosa sanidade en Galicia ou noutra parte. É que non ten nada que ver a calidade coa accesibilidade. O problema noso é acceder, o problema do que está enfermo é poder acceder a unha atención primaria ou a un hospital. (*Aplausos.*) E cando accede, xa non ten ningún problema, porque vai ser perfectamente atendido. Polo tanto, non intente confundir vostede.

Hoxe aquí deu moitos números, pero dáme igual, porque non explicou absolutamente nada de nada, de nada, de por que incrementaron as listas, e non me pode dicir —¡non, señor!— que fixeron non sei cantas intervencións, porque iso non significa nada; o que significa é que a Xunta de Galicia non soubo planificar. (*Aplausos.*) Significa iso, porque se a xente vive máis anos, se a nosa pirámide poboacional ten unha configuración determinada, iso afecta na saúde, e a responsabilidade dos políticos, a responsabilidade política, é precisamente planificar en función das necesidades que ten a súa xente.

Pero vólvolle dicir que o seu goberno presume de listas de espera, pero trampea o computo. ¿E sabe, ademais, por que vostede compara con outras comunidades autónomas? Porque, ao mellor, esas comunidades autónomas non trampean. Por iso o Ministerio se ve obrigado a facer uns novos criterios. (*Aplausos.*)

Pero é que, mire, voulle dicir algo máis. No ano 2009, cando vostedes estaban na oposición, pediron que se cambiase o cómputo das listas; ou sexa, que cando gobernan lles vale unha cousa e cando non gobernan lles vale outra.



Ao mellor, ao Partido Popular non lle preocupan as listas porque non esperan, e isto é o máis duro; isto, ao mellor, é o máis duro, por iso non lle preocupa.

E, ademais, vostede falou aquí dun montón de temas. Fala de homologación. Si que apoiamos a homologación; o que non apoiamos, señor conselleiro, é que, pola porta de atrás, poidan entrar aquí médicos con inferior formación e que despois xa non teñamos a calidade que temos hoxe. ¡Si, señor! (*Aplausos.*) ¡Por favor, por favor!

Respecto da idade de xubilación, ¿quen obrigou a xubilarse aos médicos a unha idade determinada? O Partido Popular. E así poderíamos seguir continuamente.

Non me queda moito tempo para contestarlle a todo o que vostede dixo, pero, mire, as vías rápidas son un exemplo clarísimo e paradigmático que pon de manifesto que o sistema non é correcto, que non funciona ben. Se o sistema funcionase ben e tivese tempos estritos, non teríamos, seguramente, que facer esas vías rápidas, como hai agora.

Pero eu o que lle digo é que, por favor, fale coa xente, que escoite, por exemplo, os sindicatos, que llo din perfectamente, que a Valedora do Pobo xa lle di que as listas non son correctas, que llo di todo o mundo, que non temos recursos suficientes para atender a demanda asistencial, que segue en aumento. E, ademais, existen deficiencias no funcionamento e na coordinación entre niveis asistenciais, que demandan aínda máis atención con base nos procesos asistenciais. E así poderíamos seguir, pero o tempo non me dá máis.

Vou acabar, ademais, cunha reflexión, que non a di tampouco o Grupo Socialista, día a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública. Di —leo en castelán, porque está así—: «*En España se demuestra una asociación entre el gobierno de derechas de las comunidades autónomas, y un menor interés por la atención primaria*». Isto é o que di a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora ESPINOSA MANGANA: Polo tanto, queda clarísimo quen ten ganas de loitar por unha sanidade pública universal, gratuíta e de calidade e a quen lle dá igual, porque nin o outro día nin hoxe respondeu, señor conselleiro. Eu empecei dándolle unha explicación de por que traíamos hoxe aquí esta interpelación. Se me escoitase, posiblemente aforraría algunha afirmación que fixo inicialmente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Espinosa, fala vostede de que eu quero protagonismo político. Como comprenderá, a estas alturas da miña vida, tras toda unha traxectoria profesional na sanidade pública de



mañá, tarde e noite, non teño ningún interese na miña traxectoria política... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non, é para que lle quede claro.

E despois, imos ver, poñer en dúbida a necesidade das vías rápidas dá a talla do que é para vostede a xestión clínica. (*Aplausos.*) Isto é totalmente increíble. ¡É increíble! Ou sexa, ¿que as vías rápidas de cancro son a maior demostración do fallo do sistema? ¡Bueno! ¡Bueno!... ¡Dá igual!, ¡dá igual!

Dálles totalmente igual o balance que fixemos da actividade cirúrxica, das probas, das consultas... Vostedes van seguir no mesmo discurso. Non lles interesan os datos reais nin os beneficios dos pacientes. ¡Non lles interesan! A vostede o único que parece importarlle é traer un relato. Nós, pola contra, centrámonos no traballo que facemos e nos resultados que esa actividade que realizamos supón para a saúde das galegas e dos galegos.

Comprendo que son dúas visións totalmente diferentes: nós, a traballar cada día para mellorar a asistencia aos galegos, e vostedes, demagogia pura, porque consideran que canto peor lles vai aos galegos mellor lles irá a vostedes como forza política. Insisten en negar uns datos que son públicos, que son contrastables e que están publicados.

Falamos de operacións a pacientes, de cirurxías prioridade 1 e de vías rápidas, das que se benefician os galegos, de consultas e tamén de probas diagnósticas. Por iso resulta especialmente grave que, a pesar diso, decidan alimentar un discurso catastrofista e poñerse detrás da pancarta en manifestacións que se sustentan nunha realidade manipulada. Galicia no día de hoxe é unha das comunidades con mellores resultados asistencias do Estado; é a terceira comunidade con menor tempo medio de espera cirúrxica, ¡a terceira!, e Galicia ten unha das porcentaxes máis baixas de pacientes agardando máis de sesenta días por unha consulta.

Vostedes saben que o ano pasado se realizaron máis intervencións cirúrxicas que nunca, saben que se fixeron un 27,9 por cento máis de operacións de prioridade 1 que no ano 2019, saben que se atenderon máis de 4,8 millóns de consultas externas e máis de 3,7 millóns de probas diagnósticas, saben que a Lei de garantías funcionou para máis de 58.000 galegos e saben que temos vías rápidas —que non lles gustan— que resollen en cinco días. E, aínda así, deciden ignoralo, deciden situarse na posición automática, sen matices. Non recoñecen nada, non achegan alternativas reais e limítanse a repetir un relato que non resiste a confrontación cos feitos. (*Aplausos.*)

A realidade é que Galicia ten un sistema sanitario público que funciona, que mellora e que responde, e responde en todas as áreas sanitarias. Na Área Sanitaria da Coruña, o tempo medio de espera para unha cirurxía reduciuse en 2,5 días; acadou os 78 días, a pesar de realizarse 3.700 cirurxías máis. Na Área de Santiago e A Barbanza, houbo un 5,3 por cento máis de operacións. Na Área de Ferrol, houbo case 10.600 cirurxías; o tempo medio de espera de cirurxía acadou os 53 días. Os da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte son os que menos agardan de toda Galicia para seren sometidos a unha operación cirúrxica: 47 días. Na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, logramos reducir a espera media en consultas, en cirurxías e en probas; o tempo medio de espera para unha cirurxía situouse



en 69 días. Na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, reduciuse o tempo medio de espera para unha operación, situándose en 62 días, cun incremento da actividade dun 3,6 por cento. E na Área Sanitaria de Vigo, un ano máis —jun ano máis!—, baixou a demora media para cirurxía, situándose en 63,8 días, a pesar do incremento da actividade asistencial.

¿Parécenlles a vostedes malos resultados? Todas as áreas sanitarias teñen tempos de espera cirúrxica inferiores aos de calquera comunidade autónoma socialista. En Cataluña, a media para operarse é 137 días, uns 69 días máis que un galego; en Castela-A Mancha, 118 días de media, uns 51 días máis que os galegos; en Asturias, son 83 días, uns 16 días máis... Todas estas comunidades están gobernadas polo seu partido e teñen listas de espera cirúrxicas moi superiores ás galegas. Se imos ás consultas, vemos o mesmo: en Cataluña, 38 días máis que un galego; en Asturias, un 50 por cento máis do que agarda un galego; e Navarra —á coroa—, 66 días máis que en Galicia, máis do dobre.

Señoría, coido que os datos que lle expuxen confirman que Galicia ofrece unha atención homoxénea, segura e planificada en todo o seu territorio. Cada día centos de profesionais do sistema sanitario galego organizan, priorizan e atenden con responsabilidade milleiros de pacientes. Galicia ten retos, si, pero tamén ten planificación, ten resultados, ten modelo e ten compromiso. Os resultados están á vista para aquel que os queira ver.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola sociedade Impulsa con esta empresa

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a defensa desta interpelación, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Señora presidenta da sociedade Impulsa, teño unha pregunta para vostede: ¿cando van enviar ao Parlamento os documentos secretos asinados pola Xunta, por Impulsa e por Altri? ¿Por que non os fan públicos, señora Lorenzana? ¿Que están ocultando? O BNG pídelles en sede parlamentaria que envíen estes documentos ao Parlamento. Fáganos públicos, deixen de ocultalos, actúen con transparencia, que é a súa obriga, señora Lorenzana.

Queremos coñecer os informes que vostedes asinaron con Altri no ano 2021; uns documentos —secretos, insisto— dos que se coñecen os seus contidos por este comunicado, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) que fala dun «memorando de entendemento» asinado entre Impulsa e Altri o 1 de outubro do ano 2021, señora Lorenzana. Este é un comunicado de prensa, non é o memorando, pero dá algunhas pistas interesantes. Concretamente, presenta



tres cuestións. En primeiro lugar, fala de que vostedes teñen un acordo —ou tiñan daquela un acordo— para a construción dunha planta de fibras téxtiles para producir 200.000 toneladas de fibras. Curiosamente, despois multiplicáronse por tres, ata as 600.000. E o peor é que, desas 600.000, a maior parte, unhas 400.000, eran en realidade unha macrocelulosa, señora conselleira, porque iso é o que eran.

En segundo lugar, di que Altri foi a empresa escollida por Impulsa nun concurso internacional onde se utilizaron criterios técnicos, operacionais e estratéxicos. Pois ben, queremos coñecer este concurso, quen se presentou, por que razón e con que puntuacións escolleron vostedes a Altri.

E, como terceira cuestión, queremos coñecer o máis substancioso: falan neste comunicado da celebración do acordo definitivo —este non era o definitivo, había un posterior acordo definitivo—, que depende da verificación dun conxunto de condicións. Queremos saber cales eran estas condicións, señora Lorenzana, e cal foi o seu papel no cumprimento destas condicións que puxo Altri para asinar ese acordo definitivo.

O BNG leva xa máis dun ano intentando coñecer estes documentos secretos. Pedímolos xa hai uns trece meses —exactamente, no mes de marzo do ano 2024— mediante o artigo 9, polo que solicitamos, concretamente, ese proxecto tractor dunha «xestión sostible dos bosques galegos», que é como chamaba Altri naquela altura este proxecto. No mes de agosto vostedes enviáronnos unha resposta na que din que o proxecto tractor é un desenvolvemento conceptual interno dunha sociedade privada e con participación pública minoritaria. Din que Impulsa Galiza non é sociedade pública autonómica, de acordo coa lei que regula a Lofaxga. Vostedes falan dunha «sociedade privada con participación pública minoritaria»...

Eu voules ler o que di o último Informe do Consello de Contas, que se fixo público a semana pasada, concretamente o día 31 de marzo: «Na sociedade para o desenvolvemento dos proxectos estratéxicos» —é dicir, Impulsa— «a Xunta ten unha participación do 48 por cento, e ten o 50 por cento dos dereitos de voto». O informe di que a composición dos órganos da Administración, a sede social en instalacións públicas, a designación de directivos e o dereito de veto ou bloqueo son indicadores de control público e/ou influencia pública significativa, señora Lorenzana, señora presidenta de Impulsa. Tamén di: «A Xunta, como accionista de referencia, debe arbitrar as medidas oportunas para transparentar a actuación financeira desta entidade e para que a súa actuación sexa sometida a control público». ¡Para que a súa actuación sexa sometida a control público!

Polo tanto, ¡fagan públicos eses acordos secretos con Altri, señora Lorenzana! (*Aplausos.*) Porque vostedes desprezan o Consello de Contas, desprezan —como escoitamos hoxe tamén— o Consello da Cultura, desprezan este Parlamento e desprezan, en definitiva, calquera procedemento democrático. Vostedes, nin caso.

O máis grave de todo este proceso que veño de relatar é que a presidenta de Impulsa —é dicir, a presidenta da sociedade público-privada que asina ese acordo secreto con Altri— e a conselleira de Industria, a encargada de tramitar o proxecto industrial estratéxico de Altri, son a mesma persoa; é vostede, señora Lorenzana. Estamos a falar, polo tanto, dun conflito



de intereses e dunha manifesta incompatibilidade nestes dous cargos, porque hai información privilexiada e hai un posíbel tráfico de influencias. Ademais, vostede manifestouse en moitas ocasións a favor dos intereses de Altri, e vostede —como conselleira— promoveu cambios legais que favorecen os intereses de Altri. E non o fixo unha vez, fíxoo máis dunha vez, cambiando leis, ¡cambiando leis que benefician a Altri, efectivamente!; cambiando a normativa que regula os proxectos industriais estratéxicos. Non sei se lle soa ou se iso é da súa competencia, pero vostedes cambiaron esta lei. Fixérono pola porta de atrás nunhas emendas, metidas a última hora, do Partido Popular á Lei de áreas empresariais, e fixérono ademais a un mes de que se declarase Altri como proxecto industrial estratéxico. Despois, cambiaron tamén o Decreto lexislativo en 2015 de política industrial pola porta de atrás, vía Lei de acompañamento, a finais de 2022, cunha cláusula de garantía para Altri. Ao mellor, isto ten que ver coas condicións que puxo Altri, xa que ese cambio se refería, entre outras cousas, ao artigo 86 do decreto lexislativo, o que fala da asunción de responsabilidade patrimonial por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Non sei se lle soa, señora conselleira... O cambio vén ser basicamente que vostedes se comprometían aí a devolverlle a Altri todo o diñeiro investido no caso de que o proxecto non saíse adiante. ¿Sabe de que cantidade estamos a falar, señora Lorenzana? Segundo dixo o pasado domingo... (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) Si; voullo dicir eu... (*Murmurios.*) Non; non llo vou dicir eu. Vaillo dicir —non sei se lle soa— o señor Soares de Pina, quen nunha entrevista —vostedes fíanse bastante del, supoño que porque defende moito os seus intereses, e ata se apresuraron pouco despois desta entrevista a falar na súa defensa— dixo que eran 25 millóns de euros os que levan investidos neste proxecto, os que vostedes se comprometen a devolverlle. (*Aplausos.*) Esa é a cláusula de garantía, esa é a parte do acordo secreto das condicións que vostedes asinaron con Altri. Se non hai ningún problema con el, envíenos a documentación.

En fin, que é moi, moi grave, señora presidenta de Impulsa, o que están a facer. Vostedes utilizan o DOG e utilizan o Consello da Xunta para favorecer os intereses de Altri, e o peor é que o fan —fíxese o que lle digo a vostede, que é a conselleira de Industria— en contra dos sectores estratéxicos da economía de Galiza.

Para rematar, voulle recordar —para que lle quede constancia e para que vostede tome as decisións oportunas— a solicitude que fixemos o 6 de febreiro do 2025 para que nos dean unha copia do concurso internacional da sociedade Impulsa no que saíu escollida Altri, para que nos dean unha copia dos compromisos adquiridos por Impulsa no Memorando de entendemento —este que citei—, para que nos dean copia da documentación de todos os acordos asinados entre Impulsa e Altri e para que nos dean copia da documentación das comunicacións entre Impulsa e a Consellería de Industria en relación co proxecto de Altri. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Isto é o que lle pedimos.

E a maiores —tamén llo digo para que llelo comunique ás súas compañeiras de Goberno—, o día 20 de marzo pedimos polo artigo 9 —esperemos que nolo envíen— a copia do expediente completo da Declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico de Altri, con todos os informes supostamente presentados pola empresa, por requirimento dos departamentos da Xunta, deses trinta e seis departamentos que informaron. Se fixeron todo ben —como din vostedes—, non haberá ningún problema en facilitarnos toda esta documentación e en facer públicos os informes sectoriais e os informes presentados por Altri.



O que lle digo —e que lles quede claro aquí, en sede parlamentaria— é que o BNG vai utilizar todos os medios legais para conseguir esta documentación; e se non a conseguimos por estas vías, imos ir reclamala aos xulgados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Señor Bará, eu veño aquí contestar esta interpelación na miña condición de conselleira de Economía e Industria; e vou responder, evidentemente, polo respecto que teño a esta Cámara e ás institucións. Pero vostede acaba de facerlle unha interpelación á presidenta dunha sociedade privada, e vostede non pode chamar aquí a responder á presidenta de ningunha sociedade mercantil. (*Aplausos.*)

Son vostedes uns auténticos mestres da desinformación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Leva xogando coa miña condición de presidenta dunha sociedade toda a interpelación. (*Murmurios.*) Vostede pode chamar aquí calquera membro do Goberno, e é nesa condición na que eu vou responder. Non ten competencia para chamar aquí á presidenta de Impulsa. Igual —e agora explicareime— que, por exemplo, ao Congreso dos Deputados non vai responderlle o presidente de Telefónica, aínda que está participada polo Goberno, por exemplo. É o que acaba de facer aquí vostede; ¡si que o acaba de facer...! (*Murmurios.*)

E un apuntamento máis. (*Murmurios.*) Para a súa información, cando o proxecto da empresa Altri é cualificado no inicio da súa tramitación como proxecto industrial estratéxico, eu era conselleira de Emprego. Dígame vostede como puiden propor unha lexislación a favor dun proxecto cando estaba noutra consellería. E para máis información —porque dá a sensación de que non o sabe—, dígolle: as consellerías non aprobamos leis, que é o que acaba tamén de dar a entender aquí. (*Aplausos.*)

A natureza das cousas non varía polo mero feito de preguntar unha e outra vez por elas. Por moito que, unha e outra vez, insistan en cuestionar a forma xurídica de Impulsa ou as relacións entre Impulsa e Altri, a realidade non cambia. Impulsa non é unha sociedade pública autonómica, e non é unha opinión miña, de goberno. Non, non... É a literalidade da lei, a lei que nos demos todos os galegos a través deste Parlamento. Estamos ante unha empresa privada de participación pública, e, si, a Xunta de Galicia, dentro de todos os socios minoritarios, é o maioritario, pero sen deixar de ser socio minoritario e, polo tanto, réxese pola normativa privada das sociedades de capital. ¡Réxese pola Lei de sociedades de capital! Non está incluída, evidentemente, no Rexistro de Entidades do Sector Público Autonómico porque non entra dentro dos parámetros da Lofaxga, pero vaian vostedes ao rexistro que crea o Es-



tado, pola Lei 40/2015, e verán un inventario de entidades do sector público estatal, autonómico e local. Vaian mirar a ver se o Estado, nese inventario, cualificou Impulsa como unha sociedade pública. Non está incluída porque non o é.

Lexislación de transparencia: Impulsa non está incluída dentro do perímetro de aplicación do sector público ao que está obrigada pola Lei de transparencia; pero non só pola lei que nos demos a través deste Parlamento, non está incluída tampouco a través da lexislación nacional de transparencia. Vaia vostede mirar toda a lexislación que regula as dezasete ou dezaseis comunidades autónomas restantes sobre transparencia. Os criterios son idénticos en toda a lexislación de transparencia de todas as comunidades autónomas de España. Vaia vostede mirar a lexislación do sector público ou de facenda pública das dezaseis comunidades restantes: todas teñen idénticos criterios que os que empregan a lexislación Lofaxga e a Lei de transparencia galega. Pero non é soamente que a lexislación de transparencia ou a lexislación do sector público regulen en termos análogos a como facemos en Galicia a condición de sociedade pública ou privada mercantil participada, é que o Estado e as comunidades autónomas participan con naturalidade en sociedades.

Poñálle o exemplo ao empezar da SEPI. A SEPI participa —voulle poñer exemplos claros— : en Hispasat, cun 10 por cento de participación; en Airbus, cun 4,12 por cento; en Telefónica, cun 10 por cento; e en Indra, cun 27,99 por cento. ¿Vostedes poden imaxinar a ministra de Facenda, que tutela a SEPI, dando conta dos acordos...? (*Murmurios.*) —si, pódeno imaxinar, claro, efectivamente— (*Risos.*) Caen sempre na mesma trampa. Efectivamente, vostedes pódono imaxinar porque é o que queren. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes pretenden que as empresas se sometan ao dereito que queren vostedes, que teñen minoría parlamentaria; que hai que recordarllelo, ¡minoría parlamentaria! (*Aplausos.*)

A vostedes, está claro —é que xa non o disimulan—, non lles gustan as empresas e o que queren —acaba de desvelalo vostede mesmo— é intervir e facer públicas todas as empresas. Non cren na propiedade privada —¡está claro!—, non cren na liberdade empresarial... ¿E parécelles mal, despois, que fale de comunismo? (*Murmurios.*) ¡Ah!... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Saben o que lles digo? Que ese segredo do que lles falaba o outro día —o mellor gardado da política industrial e empresarial do BNG— está clarísimo: é a confusión entre o público e o privado. Ese é o segredo que teñen vostedes gardado. Si, si... (*Aplausos.*)

A vostedes o que lles están dicindo é, por exemplo, en que sociedades agora mesmo ten participación Xesgalicia. Voulles poñer algúns exemplos: sociedade Gaboteira Cultivos, S.L., temos un 25 por cento de participación; grupo Matrigalsa, S.A., temos un 20 por cento de participación; Aguacimeira, S.L., un 24,79 por cento; SunRock Biopharma, un 42,86 por cento... —e podo seguir, pois teño aquí un listado completo—. A todas as propiedades e aos consellos de administración destas empresas hai que avisalos de que, cando Xesgalicia participa no seu capital, automaticamente, todo o dereito público, con todas as obrigas para o perímetro do sector público, entra a xogar fronte ao dereito mercantil. O dereito mercantil, nenas sociedades, queda apartado polo mero feito de que Xesgalicia ten unha participación que vostedes —porque deben ser vostedes os que o interpretan— consideran significativa e, polo tanto, dá lugar a que a conselleira veña aquí falar dos acordos societarios dos pactos dos investimentos que fan estas empresas. Iso é o que vostede veu hoxe defender aquí.



A vostedes non lles interesa a seguridade xurídica, nin lles interesa, por suposto, o ordenamento legal, que vostedes interpretan como lles vén mellor. ¿Saben a quen recordan nisto? Ao señor Pedro Sánchez. Cada vez parécese máis. ¿De que tipo de país estaríamos a falar (*Aplausos.*) se unha administración pública ten a obriga de desvelar datos sensibles ou datos mercantís privados segundo os intereses dos partidos políticos? Pois, por exemplo, eu creo que poderíamos estar a falar de Venezuela. Sería un exemplo claro do que estaría ocorrendo. Do intervencionismo do Estado, que é o que están proponendo, ao «exprópiese» hai un auténtico paso —e moi pequeno—, e en España, de momento, defendemos e respectamos a liberdade, os dereitos da cidadanía e os dereitos das empresas. Nós apostamos polo Estado de dereito e apostamos pola seguridade xurídica, non apostamos por reinterpretar as normas segundo nos convén. Isto é, francamente, perigoso.

Vostedes sempre fan o mesmo: política «de segunda» e a golpe de titular. Nós imos continuar traballando polos investimentos, polos proxectos e por xerar emprego a través das empresas e das industrias. Isto é —asegúrollo— a única razón pola que a Xunta de Galicia tomou participación na sociedade Impulsa.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois si, señora presidenta de Impulsa. Vostede é a presidenta desta empresa público-privada, que ten o cincuenta por cento de votos da Xunta e que, ademais, é unha alianza entre a Xunta e Abanca. Recórdolle quen é o vicepresidente de Impulsa: o señor Francisco Botas, que se dá a casualidade de que é primo político do señor Feijóo. Non sei se isto tivo algo que ver tamén con todo o que armaron vostedes. Porque o que nos veu dicir aquí vostede é que crearon un instrumento —chamémoslle por exemplo «chiringuito»— para situarse fóra do control público. ¡Isto é o que veu dicir vostede aquí!, que non se ten que someter ao control público, por certo, en contra do que di —xa lle lin aquí— o Consello de Contas, que(n) di claramente que a súa actuación se ten que someter ao control público. ¡Non o di o BNG, dío o Consello de Contas, señora Lorenzana! (*Aplausos.*)

Por certo, ¿vostede cre que a ministra de Facenda ten que comparecer no Senado para dar conta do que pasa en Navantia? ¿Cre que ten que dar conta dos acordos e dos investimentos que hai en Navantia? Porque o seu senador por Ferrol, pola provincia da Coruña, fai esas preguntas no Senado. Supoño que nós tamén as poderemos facer aquí... Hai que dar conta da situación das empresas públicas —¡claro que si!— ou das empresas onde hai maioría pública, o que pasa é que vostede ten unha duplicidade: vostede é a presidenta de Impulsa e é a conselleira de Industria, non o pode negar. Iso é unha duplicidade, é unha incompatibilidade e é un caso claro de conflito de intereses. Ademais, iso vai ter consecuencias no futuro.

E voulle ler algunhas declaracións que fixo vostede a respecto do proxecto de Altri, por exemplo, en marzo do ano 2024. Dixo vostede: «É un proxecto absolutamente redondo desde o punto de vista medioambiental e da sostibilidade». ¿A vostede parécelle normal falar así



dun proxecto que ten ser sometido a tramitación ambiental por parte da Xunta de Galiza e dicir que é un proxecto redondo desde o punto de vista ambiental? E dixo vostede, ademais, adiantando o futuro: «No momento en que se faga esa tramitación ambiental, haberá que acomodar cousas; haberá que facer compensacións, no seu caso, reducir; cambiar determinadas cuestións...».

Efectivamente, o que pasou despois foi que lle deron a declaración ambiental favorábel tal cal anunciou vostede un ano antes, señora Lorenzana, presidenta de Impulsa, conselleira de Industria (*Aplausos.*) ¡Iso si que é circular! ¡Iso si...! Vostede, realmente, actuou como a conselleira delegada de Altri no Consello da Xunta (*Aplausos.*)

Falou vostede de «alborotadores» e de todos eses cos que obsequiou a todas as persoas que se mobilizan e que defenden os intereses do país. Por certo, asegúrolle que nesas mobilizacións había moitos militantes e simpatizantes do Partido Popular (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, si, si...; si, si, si...—, do sector marítimo-pesqueiro da ría de Arousa, que se está mobilizando e dicíndolles que non a este proxecto porque é agresivo para os seus intereses, como é agresivo para o sector da produción agroalimentaria da Ulloa... —si, si, si...—. Tamén, porque é prexudicial para o sector forestal galego: para unha cadea de valor, a do piñeiro, que move máis de oitocentos millóns de euros. E vostedes aínda pretenden regalar... ¡Para iso si que queren o público! ¡Para iso si que queren socializar!, para regalarlle 250 millóns de euros a unha empresa privada para facer negocio á conta destes sectores produtivos, señora Lorenzana. ¡Para iso si que vale o público!

Por certo, tamén lle recordo que un dos membros do Consello de Administración de Impulsa, nomeado por vostedes, dixo a semana pasada: «Vexo complicado que Altri consiga fondos públicos». Fixo fincapé en que «non hai proxectos privados que reciban cifras tan grandes». É dicir, non o di o BNG e non o di toda a xente que se está mobilizando contra estes proxectos, tamén o di un membro do Consello de Administración de Impulsa, o señor Lago, nomeado por vostedes para este organismo. (*Aplausos.*) Ao final, deixouno claro o señor Soares de Pina nesta entrevista que lle fixeron en *El Mundo* —pagada, por suposto—, que veu dicir que Altri é unha industria de enclave «de libro», unha industria extractiva, e franquismo industrial do século XX que nos queren impoñer no século XXI. Os tempos son outros, Galiza é un pobo vivo, Galiza é un pobo con conciencia de seu, con conciencia ambiental, e non lles vai permitir que cometan esta tropelía.

Remato, señora presidenta de Impulsa, señora conselleira de Industria —que ten vostede estes dous cargos—: entreguen esa documentación no Parlamento porque, se fixeron as cousas tan ben, ¿que hai que ocultar?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Transparencia, luz e taquígrafos. Envíen os documentos ao Parlamento, non nos obriguen a ter que ir reclamalos aos xulgados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señor Bará, eu creo que ten que empezar a avisar todas as empresas galegas de que non volvan pedir unha subvención ao Igape ou de que non volvan pedir un préstamo participativo a Xesgalicia, porque dá a casualidade de que eu tamén son a presidenta do Igape e dá a casualidade de que eu tamén son a presidenta de Xesgalicia e, claro, hai aquí un conflito de intereses; ou, quizais, é que en todos os proxectos das empresas ás que se lles dá unha subvención por parte do Consello de Administración do Igape, ou do Consello de Xesgalicia, vou intervir eu na declaración de impacto ambiental. ¡É o que acaba de dicir aquí! (*Aplausos.*) A argumentación é tan de peso, é tan demagóxica —non, non, é o que acaba de dicir—, e é tan frouxa, que cae polo seu propio peso. Infórmoo de que eu tamén son presidenta do Igape e presidenta de Xesgalicia, pero nunca comparezo aquí na miña condición —e podería— de presidenta do Igape. Agora estou respondendo na miña exclusiva condición de conselleira de Economía e Industria, non de presidenta de Impulsa —vólvollo recordar porque parece que non o entendeu a primeira vez—, e faremos pública a información que está determinada pola lei e non faremos pública en ningún caso a que exixa o intervencionismo absoluto do BNG.

¿Queren falar vostedes do Informe económico- financeiro das entidades instrumentais autonómicas para o exercicio 2023 do Consello de Contas? Pois imos falar do Informe. O Informe non é, precisamente, un exemplo de claridade e, como non é un exemplo de claridade, vostede o emprega ao seu arbitrio e utiliza, como sempre, esa falta de claridade para desinformar.

Mire, no apartado relativo ao seguimento das recomendacións, inclúese un punto que, efectivamente, di: «...establecer as medidas normativas e de xestión oportunas para transparentar a actuación financeira das entidades nas que a Xunta sexa accionista, socio ou partícipe de referencia, principal socio ou partícipe público, malia non posúa... —o que vostede creo que leu—, illadamente, o control —e refírese, entre outros, a Impulsa Galicia—. Ante esta recomendación —¿non quería falar do Informe?, pois imos falar do Informe—, no ano 2024, pola Xunta de Galicia rexéitase a recomendación e contéstase incidindo en que non se pode exercer control financeiro sobre entidades que non están incluídas no ámbito da Lofaxga.

¿E que pasa a continuación? ¿Que responde a isto o Consello de Contas? Páxina 128 do Informe: «En ningún caso o Informe sinala que Impulsa Galicia sexa a sociedade pública autonómica». Dino claramente, pero logo é certo que non elimina Impulsa da epígrafe de sociedades mercantís públicas; si que a inclúe. E iso é o que vostede está agora mesmo aproveitando, que non o eliminou da epígrafe. Aproveita esa falta de claridade. Pero, mire, a lei é a que marca os límites, é a que marca os límites das potestades administrativas e da in-



xerencia na esfera privada das persoas físicas e das persoas xurídicas, porque, se non é a lei, ¿quen marca ese límite? ¿Onde fixamos o límite? O límite márcao —creo— o libre alvedrío das súas señorías. ¿Márcao o BNG?, ¿márcano os partidos políticos?, ¿ou o marcan os gobernos —o límite das leis—?

Impulsa é unha sociedade mercantil privada, e isto non quere dicir nin que sexa allea ao dereito, aos controis financeiros, á publicidade ou ás normas de transparencia. Simplemente supón que a normativa que se lle aplica é a das sociedades mercantís privadas, que teñen as súas normas de control, que teñen as súas normas de publicidade, pero esas normas non son o control parlamentario ao Goberno, que é o que vostede, nun exercicio de irresponsabilidade, está intentando facer, e desinformar; o está facendo hoxe aquí é intentando mesturar, ata na denominación da miña condición. É o que acaba de facer.

Vostedes néganse de xeito reiterado a aplicar a lei tal cal está. Negan que isto se aplique ao dereito privado. Teñen unha política absolutamente intervencionista do privado. Néganse a aceptar que exista o privado. Todo é público para vostedes. É así, néganse a aceptar os límites do dereito público e lanzan a sombra de sospeita continuada, da ineficacia, da ilegalidade de todo o que non é público. Toda fórmula empresarial privada —salvo que lles conveña, por suposto— está absolutamente cuberta dunha sombra. E toda a súa intervención vai disto: como é privado, é malo. Vostedes queren interpretar as leis ao seu arbitrio. ¡Menos mal que están na oposición! (Aplausos.) ¡Como serían vostedes se chegasen ao poder! ¡Como serían vostedes! Non se preocupen, que non van chegar, porque os galegos son máis listos.

Mire, no BNG, ata os seus están empezando a preguntarse de que vai a súa política económica e industrial —si—. Voulle ler un parágrafo, a ver se lle soa: «*Un país, sobre todo para quien lo quiera independiente, ha de tener recursos, pues vivirá de ellos. Otra cosa es que el nacionalismo oficialista*» —¿a quen se referirá?— «*quiera mantener a Galicia vendiendo postales a los peregrinos, que ya verá como aparecerá un talibán rechazando las fábricas de postales*». ¿Sabe quen di isto? Non o digo eu, dío unha columna publicada no *Diario de Pontevedra* por Rodrigo Cota, e dío literalmente. (Risos.) (Interrupcións.) (Murmurios.) Si, si...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): ¡Ah!, si, si. Para o BNG a realidade... (Interrupcións.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): ...é que vostedes están sempre firmes nas súas posturas e férreos nas súas conviccións, sempre; a favor da transparencia, salvo cando non lles convén; e ao lado do pobo, salvo cando hai que elixir entre coherencia e oportunismo.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



(O señor Bará Torres pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Bará?

Déanlle voz ao escano do señor Bará.

¿Para que quere a palabra, señor Bará?

O señor BARÁ TORRES: Pido a palabra ao abeiro do artigo 76.1, porque se fixeron alusións que implican inexactitudes.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Bueno, vostede estaba no debate. Non ten a palabra, laméntoo. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Continuamos coa seguinte interpelación.

Síntoo, vostede estaba no debate. Lamento a interpretación, pero non imos reabrir o debate agora.

Interpelación de D^a Monserrat Valcárcel Armesto e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten a palabra a señora Valcárcel Armesto.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, vou tratar de discernir un pouco o ambiente, antes de falar dos nitratos.

¿A vostede gústalle Mafalda? Agardo que si, porque persoalmente penso que é marabillosa e sempre actual. Vou tratar simplemente de recrear unha tira de Mafalda, unha na que Mafalda ía coa súa amiga Susanita pola rúa e viron unha persoa pobre pedindo. Neste escenario, Mafalda comenta: «¡Que mágoa me dan os pobres!». E Susanita tamén di: «A min tamén». E Mafalda, sempre solidaria, di: «Os pobres deberían ter comida, casa, protección e benestar». E Susanita, que moi sensible non é, na súa liña, apela: «¿Por que tanta cousa? Abonda con agochalos».

Eu non puiden máis que pensar en vostedes ao ler esta tira, porque o seu tamén vai de agochar, xa que a súa consellería foi o que fixo co Decreto sobre as zonas vulnerables a nitratos do 2022. Durante tres anos trataron de agochalo, a ver se así non existía o problema. Até que agora, xa case sobre o límite de tempo —temos até maio—, empezaron falando das analíticas feitas polo Ministerio —dicían que non estaban de acordo—, das sete zonas vulnerables que marcan, e logo fixeron reunións urxentes cos concellos afectados, xerando alarma. E logo dixeron que en Galicia xa o abonado do nitróxeno se facía moi ben, non como noutras comunidades —que, por certo, fixeron as cousas a tempo—, e seguimos con máis



capítulos. É dicir, o manual dun goberno irresponsable que non asume o que ten que facer e que, cando xa non pode agochar máis o pobre sen que o vexan, dá tombos e acusa o resto de administracións. Responsabilizan o Estado, queren facer parte aos concellos afectados e a quen faga falta antes que facer o seu traballo e aplicar unha decisión, xa que, entón, no último momento, todo son presas, porque, como ben saben, se non cumprimos, imos ser multados.

É dicir, non fixeron unha cousa ben, iso que a contaminación difusa na comarca da Limia, por exceso de xurros e de fertilizantes, era algo coñecido desde hai moitísimos anos e xa saltara o tema no lonxano ano 2018. E do que estamos falando é do Decreto 47/2022, que serve para establecer as medidas necesarias para reducir a contaminación das augas superficiais e subterráneas causada polos nitratos procedentes de fontes agrogandeiras e para actuar preventivamente contra novas contaminacións. Con este decreto actualizouse a transposición da Directiva europea contra a contaminación producida polos nitratos de orixe agraria aprobada inicialmente hai máis de vinte e cinco anos. A cantidade específica por hectárea será como máximo a cantidade de esterco que conteña 170 quilos ao ano de nitróxeno. Pero, durante o primeiro programa de actuación cuatrienal —que sería o que temos en Galicia—, cando se establecen as zonas vulnerables, permitiríase unha cantidade de esterco que conteña ata 200 quilos ao ano de nitróxeno. Estas cantidades poden ser calculadas tamén baseándose no número de animais da explotación agraria.

O Proxecto, entón, de declaración de zonas vulnerables a nitratos que anuncia agora a Xunta, como dicimos, chega ao bordo do tempo de desconto. Desde maio do 2022 a Xunta tiña un prazo de tres anos para que as zonas marcadas como afectadas por contaminación difusa se designasen como zonas vulnerables a nitratos. Esperaron, como dicimos, ao último momento, con todo o que implica iso, porque, cando se establecen unhas zonas vulnerables, a continuación hai que ver de que forma se vai contribuír a que se baixe ese nitróxeno. Terían que facerse uns códigos de boas prácticas agrogandeiras. Loxicamente, se aínda non están nomeadas as zonas vulnerables, non se publicaron tampouco.

Este real decreto, como dicíamos, establece que unha zona identificada como contaminación difusa, para que o sexa, para que sexa zona vulnerable, todas as superficies coñecidas do territorio teñen que ter unha escorrentía que flúa cara a un punto de saída. O que está claro é que nas analíticas do Ministerio aparece contaminación por nitratos e, sen alarmar, hai que tomar algunha medida; haberá que tomala, porque isto, ao final, é unha cuestión de saúde pública. Que teñamos nitratos na auga é algo que nos vai afectar a todos. De feito, é un dos criterios que seguiron no Ministerio para dicir se eran zonas vulnerables ou non; que realmente fosen zonas de abastecemento da poboación para auga corrente.

E un pouco o que xa levamos dicindo: ¿por que é tan importante, entón, a contaminación por nitratos? Para a Unión Europea, loxicamente, é un problema central nas súas políticas ambientais e agrarias, porque pretenden reducir as perdas de nutrientes máis ou menos dun cincuenta por cento, o que vén sendo máis ou menos un vinte por cento no uso de fertilizantes, e porque, como dicíamos antes, os obxectivos ambientais nas masas de auga viñan fixados pola Directiva marco da auga do ano 2000 —recorden— ; entón, hai a obriga de



identificar as augas que se atopan afectadas pola contaminación por nitratos de procedencia agraria e que teñen que estar vixiadas nunha serie de estacións de mostraxe.

Como dicíamos, necesitamos, polo tanto, facer este primeiro paso para despois poder minimizar os efectos dos nitratos nas augas. E despois de establecer estas zonas vulnerables, a directiva establece tamén a obriga de emitir cada catro anos informes da situación sobre este tipo de contaminación. Esa obriga, como dicíamos, tamén leva a que teñan a obriga de realizar estudos para investigar realmente a orixe da contaminación, a emisión de informes de seguimento e a revisión periódica das medidas adoptadas. Entón, a contaminación difusa establécese como zona vulnerable cando dá uns máximos de 37,5 miligramos por litro de nitratos en augas subterráneas e de 25 miligramos en augas superficiais. E, como dicíamos, se houbo o caso dos encoros —que é o que pasa en moitas destas zonas vulnerables—, o que valoran é se hai eutrofización ou se pode chegar a habela. E en moitas das situacións que temos desas sete posibles zonas vulnerables é un dos problemas que hai. Pasa, por exemplo, en Ferrolterra, que é unha das zonas vulnerables e onde o que se tivo en conta é ese perigo por eutrofización; pasa tamén en Cecebre, porque tamén é o abastecemento de auga para a cidade da Coruña; pasa no Ulla, co encoro de Portodemouros —volvemos traer aquí o encoro de Portodemouros, que, como ben saben, é a onde van ir verter as augas do proxecto de Altri; entón, vai ter a contaminación dupla, a agrogandeira e mais a industrial por Altri—; e pasa noutros puntos, como pode ser no Tambre, en Trazo ou en Tordoia. Aquí saen augas subterráneas no concello de Trazo que presentan eses límites de nitratos superiores aos permitidos. Tamén no Umia e, como dicíamos tamén, no Limia. O Limia digamos que era a zona máis esperada, porque xa se sabía —como dicíamos— desde hai moito tempo, e presenta diversos puntos de control subterráneos con límites superiores aos permitidos, así como os dous encoros do Limia, que tamén teñen eutrofización ou que teñen risco de eutrofización.

As zonas —como dicíamos— reavalíanse cada catro anos, pero para iso o primeiro que hai que facer é considerar as zonas vulnerables e, como dicíamos desde un principio, vostedes non o fixeron a tempo. Botaron tres anos sen facer nada, tres anos estupendos para realmente xa ir cambiando esta problemática que existe.

¿A que nos levan estas zonas vulnerables? A catro cuestións importantes a nivel agrario —centrándonos soamente no nivel agrario—: que é importante a base territorial, a carga gandeira, que hai que axustar a carga gandeira en función das terras dispoñibles e que hai que aumentar a base territorial das explotacións. E aí é onde temos un problema moi importante: a superficie agraria útil en Galiza é menos dun 25 por cento. Hai —ou houbo— unha redución de máis dun 15 por cento nas terras, na superficie agraria útil, nas explotacións, desde os anos noventa...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Entón, iso sería unha problemática importante para os nitratos, ademais que provoca un aumento tamén dos custos de produción ao non ter unha terra suficiente.

Despois, outro aspecto onde habería que incidir é no almacenamento. As instalacións de almacenamento de xurros deben estar ben dimensionadas e deben estar cubertas, tamén o



plan de abonado e, sobre todo tamén, o control sobre os lodos urbanos da depuradora que se aplican no agro, porque —e isto deixareino despois para a réplica— a contaminación detectada non só ten que ser —ou é, de feito— de orixe agrogandeira, senón que en moitos casos está en cuestión se realmente é polos pozos negros das vivendas ou por unha mala depuración das augas residuais urbanas.

De momento, nada máis.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidenta.

Deputados e deputadas.

Grazas e boas tardes.

Eu non vou comezar por Mafalda. Antes de nada, vou comezar recoñecendo o bo traballo e o esforzo dos gandeiros e agricultores galegos no cumprimento das normativas medioambientais (*Aplausos.*) e tamén a súa implicación para ter unhas explotacións cada día máis sostibles e respectuosas co medio ambiente. Proba do que digo é que actualmente só tres comunidades en España —e na cornixa cantábrica precisamente— non teñen áreas declaradas como zonas vulnerables por nitratos, e Galicia é unha delas.

Dito isto, creo que é necesario empezar por explicar o procedemento xeral que leva á declaración de zonas vulnerables por contaminación de nitratos para poder facer unha análise obxectiva e rigorosa da situación e entender de que estamos a falar.

No ano 1991 a entón Comunidade Económica Europea publicaba, como ben dicía vostede, unha directiva relativa á protección das augas contra a contaminación procedentes de fontes agrarias que se traspuxo ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 261/1996. Con base nel, a Comisión Galega de Medio Ambiente declarou o 15 de maio de 1997 —igual ca o fixo Asturias— a non existencia de zonas vulnerables na Comunidade Autónoma de Galicia, e fíxose pública posteriormente pola Consellería do Medio Ambiente no ano 2000. O Real decreto 261/1996 derrogouse e substituíuse —como ben dicía tamén vostede— polo Decreto 47/2022, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida por nitratos procedentes de fontes agrarias. Un dos aspectos máis relevantes deste real decreto é que establece unhas concentracións de nitratos máis baixas que as que recolle a directiva europea. Isto significa que ata a aplicación do Real decreto 47/2022 o límite de concentración de nitratos era de 50 miligramos por litro nas augas superficiais e subterráneas, tal e como recollía esa directiva.



Unha vez feita a transposición, estes parámetros endurecéronse, e quedaron —como dicía vostede— 25 miligramos por litro en augas afectadas, en augas superficiais, e nas subterráneas, 37,5 miligramos por litro.

Por outra banda, a normativa citada establece que os países da Unión Europea deben facer controis de nitratos das augas tanto superficiais como subterráneas. Caso de que as análises amosen puntos de control contaminados por nitratos, a Administración estatal publicará uns mapas coas masas de augas afectadas. O que necesitamos saber con exactitude e rigor é se esa contaminación é de orixe agraria. Ademais, o Ministerio, en coordinación coas comunidades autónomas, debe realizar un estudo das presións agropecuarias urbanas ou doutro tipo para determinar esa contaminación por nitratos. A finalidade é determinar a contribución de cada sector de actividade á contaminación das augas.

Os resultados destes estudos servirán de apoio para determinar o ámbito das augas afectadas. A partir dese momento tócalle actuar á comunidade autónoma afectada, que deberá delimitar o territorio que verte augas cara a esas masas e posteriormente aprobar un plan de actuación para tentar reducir esas contaminacións. O xeito formal de facelo é mediante unha declaración de zonas vulnerables por nitratos, o que xa é unha realidade —como ben dicía ao comezo— en moitas comunidades nas que segue a haber agricultura e gandaría.

En relación co que lles acabo de explicar, o 21 de maio de 2022 publicouse no BOE a resolución do 9 de maio de 2022 da Dirección General del Agua, órgano directivo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Nesta resolución publícanse os mapas das augas afectadas pola contaminación difusa por nitratos, e son de acceso público no xeoportal do Ministerio para a Transición Ecolóxica e tamén no Ministerio de Agricultura. Nese mapa aparecen masas de augas afectadas en Galicia, pero tamén no resto das comunidades autónomas; incluso aparecen tamén en Asturias e Cantabria, que son, xunto con Galicia, as únicas comunidades autónomas que non teñen declaradas zonas vulnerables ata o momento. Así mesmo, no xeoportal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación pódense comprobar as zonas que xa están declaradas, e está actualizado a abril do 2023.

Seguindo coa explicación —como lles dicía antes—, unha vez que a Administración estatal publique os mapas coas masas de augas afectadas, tócalle actuar á Administración autonómica, que, neste caso, ten a competencia para declarar esas zonas afectadas por nitratos de orixe agraria, significativamente contaminadas por nitratos de orixe agraria —porque é importante saber en que porcentaxe esas augas están contaminadas por nitratos de orixe agraria— e declarar esas zonas.

Falando dos puntos de control, quero facer un inciso para aclararlles dúas cuestións que vostedes inclúen na exposición desta interpelación respecto das analíticas que se fan a partir das mostras recollidas neses puntos. Din que as mostras de auga están desactualizadas e que posiblemente non respondan á realidade actual. As mostras de augas analizadas están definidas polo organismo competente, non pola Consellería do Medio Rural. No caso de augas exclusivas de Galicia, as que se corresponden fundamentalmente coa franxa costeira; pero no resto dos ríos, a competencia desa toma de mostras é do Estado a través das confederacións hidrográficas, neste caso do Miño-Sil, do Cantábrico e do Douro. Eses puntos de



control son os mesmos agora que nos cuadrienios anteriores, polo que non ten sentido dicir que non hai correspondencia xeográfica —como din vostedes—; son puntos xeolocalizados que non variaron.

E lémbrolles, ademais, que temos que cumprir as normas e os procedementos, por suposto, e que estamos en prazo para declarar esas zonas vulnerables. Agora temos que aternos aos procedementos derivados do mapa publicado no ano 2022 e baseado nas tomas de mostras dese cuadrenio 2016–2019, se ben temos que considerar todos os informes de situación para determinar as distintas presións ou causantes.

A segunda puntualización refírese a que din vostedes que hai sete zonas vulnerables planificadas e comunicadas, desde a Consellería do Medio Rural, aos alcaldes e alcaldesas. Iso tampouco é exactamente así. No mapa de 2022, que publicou o Ministerio, hai uns cicuenta puntos entre augas subterráneas e superficiais de todo tipo: encoros, lagoas e ríos, augas de transición, augas costeiras... Serían doce zonas. Supoño que vostedes se refiren ás zonas que, despois dos correspondentes traballos técnicos da Consellería, se consideraron como unha primeira proposta de zonas vulnerables a discutir co Ministerio. Antes de tomar unha decisión definitiva sobre estas zonas, trasladouse a proposta aos axentes do territorio, como corresponde facer, entre os que, efectivamente, están alcaldes e alcaldesas dos concellos incluídos nesta proposta inicial. Isto fíxose así para dar maior transparencia, informar do procedemento e reducir a incerteza do sector. Nestas xuntanzas sempre se dixo que se estaban rematando as análises técnicas para poder tomar unha decisión definitiva e que era unha proposta que aínda non estaba pechada.

Por certo, cómpre indicar que a Consellería do Medio Rural disporá de dous anos adicionais para elaborar e publicar o plan de actuación para reducir a contaminación por nitratos agrarios nas zonas declaradas, *(Aplausos.)* en consonancia co que di o Real Decreto 47/2022.

De momento, isto é todo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica para a autora da interpelación.

Ten a palabra a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, parece que, polo menos, sobre a interpretación do Decreto, pensamos ou lemos o mesmo, que xa é importante, porque coincidimos en cifras e coincidimos en datos.

Loxicamente, entendín perfectamente o de hai dous anos para poder facer ese plan de boas prácticas de nitratos, pero non sei se sabe vostede que eliminar os nitratos da auga non é



nada doado. Entón, o importante aquí era que: canto antes se vaian facendo as boas prácticas, pois antes conseguiremos ter unhas augas libres de nitratos. E é o que eu lle quería dicir: que se está perdendo un tempo marabilloso.

E despois vostede fálame de que, claro, primeiro as analíticas eran do Ministerio. Loxicamente —iso xa llo dixen eu desde un primeiro momento tamén—, publicadas oficialmente —dío vostede— dende abril do ano 2023. Entón, eu pregunto: desde abril do 2023, ¿que é o que se fixo na Consellería con respecto aos nitratos? Porque eu diría que nada. O único que se fixo nos últimos meses son estes pasos, como dicimos, que crean alarma. Eses si que crean alarma, e sobre todo puxeron aos concellos afectados nunha posición, cando menos, vulnerable.

Entón, o que lle propoñía é que: se teñen tres anos, ¿por que esperan ata o último momento? E, sobre todo, se vostede ve nesas zonas vulnerables... Antes o comentaba e sabe que o dominio de augas está entre Augas de Galicia, que depende de vostedes, da Xunta de Galicia, e despois as confederacións, que dependen do Ministerio. Se ve as zonas, menos o Limia, que é a Confederación do Miño-Sil, o resto é Augas de Galicia.

Entón, ¿que é o que estivo facendo ata agora Augas de Galicia? Eu non o entendo; sinceramente, non o entendo. E non entendo como podemos chegar a esta situación e agora dicir que era a única comunidade, xunto coas outras da cornixa cantábrica, que non ten zonas vulnerables. Non ten zonas vulnerables porque vostedes non as declararon, non porque non haxa zonas afectadas por nitratos.

Entón, o primeiro que hai que facer é gobernar, e vostedes non o fixeron. É unha encomenda que teñen vostedes dun decreto, e o decreto si pon 37,5 para augas subterráneas e 25 para augas superficiais. Esas cifras están aí, e non se pode estar coa excusa de: «Non, estabamos esperando porque, ao mellor, as modificaban ou porque, ao mellor, as baixaban...». Non, son as cifras que hai e son para todos iguais, porque, loxicamente, estamos falando de saúde, da saúde para todos.

O que si que hai que facer —e é o que nós reclamabamos tamén e o que pedimos tamén polo artigo 9— son esas analíticas para ter claro que realmente a contaminación é agrogandeira; non é, como lle dicía antes, de pozos negros, ou precisamente de depuradoras dos concellos que funcionan mal, que tamén ocorre, e moito.

Entón, o que non poden ter é esta deixadez, porque isto é unha deixadez. E eu son a primeira que lle digo que os gandeiros de Galicia fan as cousas moi ben. O problema non está nos gandeiros, o problema está en quen pon as políticas, como sería, neste caso, desde a súa consellería.

Entón, algo moi importante para realmente reducir nitratos é ter máis base territorial. Se non teñen base territorial, se cada ano que pasa hai menos Au e hai, desgraciadamente, menos número de explotacións —pero sobre todo se hai menos Au—, para o caso dos nitratos é un problema enorme —¡enorme!—, porque non teñen como desfacerse deses xurros. Doutra maneira, se temos unha agricultura e unha gandería máis extensiva, pois xa no propio terreo se fai.



Entón, de aí lles saen a vostedes agora as solucións máxicas, e din: «Pois se hai excedentes de xurro, imos poñer plantas de biogás». Bueno, as plantas de biogás presentan un interese importante a nivel de produción de enerxía renovable, pero non eliminan para nada o problema dos excesos de nutrientes, xa que o dixestato que sae das plantas mantén practicamente a mesma concentración de nutrientes do churro orixinal; cando non, se o fai aumentando.

Entón, o problema e o principal bo efecto medioambiental das plantas de biogás vai ser que queiman o metano, que diminúen a pegada do carbono, pero en ningún momento van diminuír o nitróxeno, que é o problema que hai agora mesmo sobre a mesa: o nitróxeno. Ese é o gran problema, e o único que hai que facer é gobernar, actuar e facelo xa, porque van con moito retraso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidenta.

Deputados e deputadas.

Grazas de novo.

Pois, afortunadamente, estamos a gobernar, e esta propaganda catastrofista que sempre teñen —xa llo digo— non conduce a ningunha parte.

Mire, non temos zonas vulnerables porque as análises feitas por Augas de Galicia e polas distintas confederacións hidrográficas ata o ano 2022 detectaron que non tiñamos ese problema, nin en Galicia nin en Asturias nin en Cantabria. Entón, mire, eu non vou inventar analíticas; nin eu nin ningún técnico, supoño. *(Aplausos.)*

Nós non establecemos os prazos nin facemos esas leis, nin ese real decreto, que o fixo o Ministerio de Transición Ecolóxica, nin determinamos dende a Consellería do Medio Rural cales son as masas de augas afectadas; quen os fan son os organismos competentes na materia. Nin os límites admisibles nas concentracións de nitrato. ¿Sabe quen determina as zonas vulnerables por nitratos? Pois o Ministerio, ¿vale? Nós declarámoslas dende a Consellería do Medio Rural —e así o faremos— cando esas analíticas e esas análises feitas polos expertos nos digan que esa contaminación está causada significativamente por nitratos de orixe agraria.

Vexo que non falan vostedes cos seus alcaldes, porque algún alcalde, precisamente do BNG, foi o primeiro que puxo o pé, dicindo que non estaba de acordo e que recorrería a declaración por non estar de acordo con ela. Así que non entendo eu esa dualidade. *(Murmurios.)*

O obxectivo non é outro que determinar a contribución que cada sector de actividade aporta a esa contaminación das augas, e facelo con seguridade. A Dirección General del Agua, de-



pendente do Ministerio, non convocou as comunidades autónomas ata pasadomañá —xoves, día 10— para determinar o estudo de precisións agropecuarias, urbanas ou outras, sobre a caracterización das orixes da contaminación mediante análises tamén isotópicas.

De feito, Augas de Galicia requiriulle ao Ministerio a finais de marzo esa precisión, e tamén é necesario determinar, como digo, esa contaminación con exactitude. E vostede di que a Consellería do Medio Rural non fixo nada. ¡Mentira! Dende a Consellería do Medio Rural encargáronse estudos a técnicos, que precisarán...—non rían; si que se encargaron— ...para elaborar un borrador desas zonas vulnerables a partir deses datos. E desas doce zonas iniciais e con base neses estudos se están poñendo enriba da mesa sete zonas.

Seguindo coa cerimonia da confusión —que vostedes sempre poñen o carro antes cós bois—, deslizan a teoría de que «non se informou ao longo dos últimos anos das zonas que ían ser declaradas, con algún dubidoso propósito». Dúbida, ningunha. Non hai nada que ocultar. Os mapas están publicados polo Ministerio dende o ano 2022; así que non vexo eu cal é o misterio.

Deuse conta publicamente de que se ían declarar zonas vulnerables por nitratos de orixe agraria. Non se fai nada a capricho. Fíxose ese estudo, como lles digo, creouse a Mesa da Limia, realizouse o Plan estratéxico da Limia e estudouse a orixe dos nitratos das masas de augas afectadas coa intención de determinar a súa orixe, se era agraria ou doutro tipo. E, así mesmo, fixéronse actuacións públicas nos regadíos da Limia, fixéronse xuntanzas coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e tamén co Ministerio para limpar de maleza e arranxar as canles da Limia, e as explotacións non van ter que tomar medidas limitantes —como vostedes preguntan na interpelación— en maio. En maio declararanse esas zonas, unha vez que se saiba se é unha zona vulnerable, con base na contaminación por nitratos agrarios. E cando se aprobe ese plan, pasarán a ser obrigatorias determinadas medidas relativas á fertilización agraria.

¿Vaise poder seguir empregando xurro ou esterco? Por suposto que si, sen dúbida; nunca falamos de prohibicións, senón de boas prácticas e de xestión da fertilización.

Ademais, din que non se tomaron medidas na PEPAC. Mire, os gandeiros levan anos aplicando medidas orientadas a diminuír a contaminación: redución de vertidos de augas, biodixestores, cubrición de balsas de xurro, foxas máis dimensionadas, estercoleiros cubertos, separadores de sólidos e líquidos, reutilización de sólidos nas camas do gando...; actuacións todas elas financiadas a través dos plans de mellora e da PEPAC.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Como saben, esta era a última interpelación na sesión plenaria de hoxe; por conseguinte, suspendo a sesión, que será reanudada mañá, ás dez da mañá.

Boa tarde e noite a todas e a todos.


Suspéndese a sesión ás sete e dez minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

